

**ANTEPROXECTO DE
LEI DE ACUICULTURA DE GALICIA**

Índice

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.....	5
TÍTULO PRELIMINAR. OBXECTO E FINS DA LEI. ÁMBITO DE APLICACIÓN.....	20
TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.....	22
TÍTULO II. ÓRGANOS DE XESTIÓN.....	33
TÍTULO III. DO CULTIVO E AS ESPECIES.....	34
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.....	34
CAPÍTULO II. ESPECIES EXÓTICAS E LOCALMENTE AUSENTES.....	36
TÍTULO IV. DA PLANIFICACIÓN DA ACUICULTURA. DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE.....	37
CAPÍTULO I. DA PLANIFICACIÓN.....	37
CAPÍTULO II. A ESTRATEXIA GALEGA DE ACUICULTURA.....	38
CAPÍTULO III. DOS PLANS SECTORIAIS DE ORDENACIÓN.....	40
CAPÍTULO IV. DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DA ACUICULTURA.....	42
CAPÍTULO V. ZONAS DE INTERESE PREFERENTE PARA A ACUICULTURA.....	44
TÍTULO V. DOS TÍTULOS HABILITANTES.....	44
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS: DOS PERMISOS.....	44
CAPÍTULO II.- DOS PERMISOS A CENTROS DE INVESTIGACIÓN OU FORMACIÓN E CENTROS DE EXHIBICIÓN PÚBLICA.....	64
CAPÍTULO III.- RÉXIME DE PERMISOS DE ACTIVIDADE EXPERIMENTAL.....	65
TÍTULO VI. - DO REPARQUEO E DA REINSTALACIÓN.....	68
CAPÍTULO I. DO REPARQUEO.....	68
CAPÍTULO II. DA REINSTALACIÓN.....	70
TÍTULO VII. DA TRANSFORMACIÓN DO MARISQUEO EN ACUICULTURA.....	72
TÍTULO VIII. DA XESTIÓN DA ACTIVIDADE DA ACUICULTURA.....	74
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.....	74
CAPÍTULO II. DA XESTIÓN DA ACUICULTURA NA ZONA MARÍTIMA.....	77
CAPÍTULO III. DA XESTIÓN DA ACUICULTURA NA ZONA MARÍTIMO-TERRESTRE	79
CAPÍTULO IV. DA XESTIÓN DA ACUICULTURA NA PARTE LITORAL E INTERIOR DA ZONA TERRESTRE.....	80

TÍTULO IX. DA ORDENACIÓN DO SECTOR.....	81
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.....	81
CAPÍTULO II. DOS AXENTES DO SECTOR.....	81
TÍTULO X. DAS MEDIDAS DE FOMENTO DA ACTIVIDADE.....	83
TÍTULO XI. DOS REXISTROS.....	84
TÍTULO XII. A INSPECCIÓN, O CONTROL E AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN.....	85
CAPÍTULO I. DA INSPECCIÓN E O CONTROL.....	86
CAPÍTULO II. DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN.....	89
TÍTULO XIII. DA INVESTIGACIÓN E FORMACIÓN.....	91
CAPÍTULO I. DA INVESTIGACIÓN E O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO.....	91
CAPÍTULO II. DA FORMACIÓN.....	93
TÍTULO XIV. COMERCIALIZACIÓN, TRANSFORMACIÓN E PROMOCIÓN.....	93
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.....	93
CAPÍTULO II. A COMERCIALIZACIÓN.....	94
CAPÍTULO III. A TRANSFORMACIÓN.....	98
CAPÍTULO IV. A PROMOCIÓN.....	99
TÍTULO XV. DO RÉXIME SANCIONADOR.....	99
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.....	99
CAPÍTULO II. DAS INFRACCIÓN.....	103
CAPÍTULO III. DAS SANCIÓN.....	112
CAPÍTULO IV. DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR.....	116
DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. O xénero.....	123
DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Zonas de reparqueo.....	123
DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Da necesidade e proporcionalidade dos permisos e autorizacións.....	123
DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Dos cultivadores dos parques de cultivo de moluscos de Carril.....	124
DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. Das extincións por vencemento do prazo..	124
DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. Da Comisión Técnica da Acuicultura.....	124
DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA. As zonas aptas.....	124
DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA. Do outorgamento do órgano competente en materia de ocupación demanial.....	124
DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA. Adscripción do dominio público marítimo.	125

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. A prorroga extraordinaria do permiso de actividade.....	125
DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. Dos establecementos inscritos con anterioridade á entrada en vigor desta lei.....	127
DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA. Dos establecementos auxiliares e a súa inscrición no rexistro.....	127
DISPOSICIÓN TRANSITORIA CUARTA. A extinción dos títulos de actividade experimentais.....	127
DISPOSICIÓN TRANSITORIA QUINTA. Da vixencia dos títulos habilitantes existentes e a súa denominación.....	128
DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEXTA. Dos procedementos sancionadores.....	128
DISPOSICIÓN TRANSITORIA SÉTIMA. Dos permisos a centros de investigación ou formación e de exhibición, dependentes de organismos públicos.....	128
DISPOSICIÓN TRANSITORIA OITAVA. Dos caudais ecolóxicos.....	129
DISPOSICION TRANSITORIA NOVENA. Réxime transitorio dos procedementos	129
DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA.....	129
DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA. Modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.....	132
DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA. Modificación da Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia.....	169
DISPOSICIÓN DERRADEIRA TERCEIRA. Das multas pecuniarias.....	172
DISPOSICIÓN DERRADEIRA CUARTA. Aprobación da Estratexia Galega de Acuicultura.....	172
DISPOSICIÓN DERRADEIRA QUINTA. Desenvolvemento normativo.....	173
DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEXTA. Entrada en vigor da lei.....	173

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Nun mundo para o que se prevé un incremento de 2.000 millóns de habitantes ata o ano 2050, superando así 9.600 millóns, acentúase o reto de garantir a alimentación mundial preservando a sostibilidade ambiental.

As previsións da Organización para a Agricultura e a Alimentación das Nacións Unidas (FAO) apuntan a que a produción mundial de alimentos debe crecer entre 2010 e 2050 para facer fronte ao aumento da poboación.

A acuicultura é unha actividade que abrangue moi variadas prácticas e unha ampla gama de especies, sistemas e técnicas de produción. Non só é o complemento da pesca senón que é o cultivo animal con maior proxección de incrementos de produción do futuro.

Segundo a FAO no ano 2012 a acuicultura estableceu un máximo histórico de produción proporcionando case a metade do peixe destinado á alimentación humana. Prevese así que esta proporción aumente ata un 62% para o ano 2030 debido á estabilización do rendemento da pesca de captura salvaxe e ao aumento considerable da demanda dunha nova clase media mundial.

A relevancia da acuicultura como motor de desenvolvemento económico e fonte de alimentos de calidade é crecente no mundo. Máis da metade do total de alimentos de orixe acuática consumidos hoxe pola poboación mundial procede de establecementos acuícolas nas que se crían peixes, crustáceos, moluscos e outros invertebrados, así como algas e outros organismos vexetais.

Este progreso revela non só a vitalidade da acuicultura como técnica produtiva senón tamén a capacidade de innovación, emprendemento e aproveitamento sostible dos recursos dispoñibles.

A FAO considera que a acuicultura é unha actividade que contribúe á utilización eficaz dos recursos naturais, á seguridade alimentaria e ao desenvolvemento económico, cun limitado e controlable impacto sobre o medio.

Na Unión Europea a acuicultura desempeña xa un papel moi significativo no desenvolvemento social e económico de determinadas zonas costeiras e fluviais, ademais de na preservación da cultura marítimo-fluvial e pesqueira das mesmas zonas.

A proposta da Comisión Europea para a reforma da Política Pesqueira Común para o período 2014-2020 ten na acuicultura unha das súas máis firmes apostas, dispoñendo no Regulamento (UE) núm. 1380/2013, do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro, na súa Parte VII, unha alínea específica dedicada integramente á acuicultura.

Antes, diferentes documentos da Unión Europea apoiaban xa o futuro desenvolvemento dunha acuicultura sostible como a Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo e ao Consello (COM (2009) 162 final), o Informe sobre un novo impulso á estratexia para o desenvolvemento sostible da acuicultura (2009/2107 (INI)) ou o Ditame do Consello Económico e Social Europeo (CESE) sobre a Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo e ao Consello (COM (2009) 162 final).

Conxuntamente coa Política Pesqueira Común, no transcurso dos anos producíronse numerosas variacións reguladoras do marco de apoio comunitario a favor do desenvolvemento sostible da acuicultura. Neste sentido nace a proposta do Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello 508/2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, polo que se derrogan o Regulamento (CE) núm. 1198/2006 do Consello, o Regulamento (CE) núm. 861/2006 do Consello e o Regulamento (UE) núm. 1255/2011 do Consello relativo á política marítima integrada.

O Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) recolle entre os seus obxectivos impulsar unha acuicultura innovadora, competitiva, baseada no coñecemento, fomentando unha acuicultura sostible en canto ao emprego dos recursos.

Estes obxectivos e recomendacións deben de ser a base dos plans estratéxicos da acuicultura que cada Estado membro ten que elaborar para promover a competitividade do seu sector acuícola, apoiar o seu desenvolvemento, impulsar a actividade económica, promover a diversificación e garantir condicións equitativas aos operadores acuícolas no acceso ás augas e ao espazo.

Neste contexto España aproba o Plan estratéxico plurianual da acuicultura cuxos obxectivos estratéxicos, que emanan das directrices estratéxicas para o desenvolvemento sostible da acuicultura da Comisión Europea, establecen actuacións e medidas encamiñadas a simplificar e homoxeneizar o marco legal e administrativo e

reforzar a representación do sector; incrementar a produción acuícola española a partir da mellora da planificación sectorial e da selección de novas zonas de interese; reforzar a competitividade do sector a través da I+D+i, o reforzo das relacións entre a comunidade científica e o sector, a xestión zoosanitaria e o benestar animal e reforzar os aspectos vinculados coa comercialización dos produtos acuícolas a través da innovación, a promoción e o apoio ás organizacións de produtores.

Para o desenvolvemento destes obxectivos definíronse oito liñas estratéxicas nas que se integraron aproximadamente 37 accións estratéxicas de carácter nacional e ata 335 accións establecidas polas comunidades autónomas nas súas planificacións estratéxicas rexionais.

A Comunidade Autónoma de Galicia, tras declarar a acuicultura de interese público de primeira orde, o 26 de maio de 2011, aproba a Estratexia Galega de Acuicultura (ESGA) o 18 de outubro de 2012, como un documento de articulación e organización destinado a rexer a planificación e xestión da actividade acuícola en Galicia no horizonte temporal do ano 2030.

É obxectivo fundamental da ESGA relanzar a acuicultura en Galicia de maneira que achegue emprego e riqueza dunha forma equilibrada e sostible dende un punto de vista económico, social e ambiental.

Nunha clara aposta pola integración da acuicultura na planificación estratéxica de Galicia apróbase inicialmente o Plan director de acuicultura do litoral e declárase como de incidencia supramunicipal o 28 de febreiro de 2013, integrándose na planificación territorial derivada das directrices de ordenación do territorio (Decreto 19/2011 do 10 de febreiro) e do Plan de ordenación do litoral (Decreto 20/2011 do 10 de febreiro).

Coa ESGA recupérase o impulso no ámbito acuícola galego establecendo novos piares de cohesión como a coherencia cos instrumentos de ordenación, a integración paisaxística ou a sostibilidade ambiental, económica e social; e novas accións entre as que se encontran a elaboración dun novo marco normativo no que se integra a Lei de acuicultura de Galicia.

A Lei de acuicultura de Galicia nace co obxectivo de dar resposta ao marco político, social e económico no que se desenvolve a actividade, recollendo os obxectivos marcados pola Unión Europea e favorecendo o desenvolvemento da acuicultura como unha das actividades máis importantes, duradeiras e viables da nosa economía. Ademais

regula os principios sobre os que ha de asentarse a política acuícola da Comunidade Autónoma de Galicia e articula os instrumentos necesarios para garantir a explotación e xestión sostibles da actividade.

A Lei de acuicultura de Galicia responde á necesidade de impulsar esta actividade económica e regular nun único texto normativo unha actividade que ata agora só tivera cabida entre o articulado doutras leis, como sucede coa Lei de pesca de Galicia 11/2008, do 3 de decembro, modificada pola Lei 1/2009 do 11 de decembro ou, anteriormente, na Lei de pesca de Galicia de 1993.

II

O artigo 148.1.11 da Constitución española habilita a Comunidade Autónoma de Galicia para asumir competencias exclusivas en materia de acuicultura.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, materializou esta facultade constitucional ao recoller no seu artigo 27.1.15 a competencia exclusiva nesta materia.

Conxuntamente con esta previsión o artigo 28.5 do Estatuto establece que Galicia ten competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que aquelas establezan, en materia de ordenación do sector.

O Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado a Galicia en materia de agricultura e pesca enumera entre as competencias asumidas por Galicia a acuicultura.

Debido á intensidade da incidencia da actividade da acuicultura no dominio público marítimo-terrestre, competencia exclusiva do Estado de acordo co artigo 132.2 da Constitución Española, a concorrencia ou confluencia de distintas administracións (estatais, autonómicas ou municipais) nun mesmo espazo físico, deu lugar a diferentes conflitos que se intentaron solucionar mediante mecanismos de colaboración e de coordinación como sucede coa emisión de informes preceptivos e vinculantes por parte da Administración do Estado de acordo co artigo 112 da Lei de costas 22 /1988 do 28 de xullo.

Ao respecto as sentenzas do Tribunal Constitucional 149/1991, do 4 de xullo, e 198/1991, do 17 de outubro, clarifican o réxime competencial ao aclarar que será a Administración Xeral do Estado a que teña a competencia para o outorgamento de

concesións administrativas no dominio público marítimo-terrestre, outorgándose primeiro a concesión de ocupación polo Estado e logo de concesión ou autorización de competencia autonómica, e notificándose conxuntamente ao interesado.

Por último, o artigo 27.19 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúelle a esta Comunidade competencias plenas en materia de investigación, sen prexuízo do disposto no artigo 149.2 da Constitución Española e o artigo 31, en materia de ensino, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución.

III

O lexislador introduciu un importante número de novidades respecto do regulado na Lei de pesca de Galicia 11/2008 do 3 de decembro e na normativa que a desenvolve.

Coa finalidade de axilizar e simplificar os procedementos administrativos atribúese expresamente á consellería competente en materia de acuicultura o carácter de órgano substantivo dos expedientes relacionados cos títulos habilitantes e autorizacións para o exercicio da actividade; e régulanse a Comisión Técnica de Acuicultura, creada mediante a Orde do 20 de xullo de 2012, e a Comisión Interadministrativa da Acuicultura, dando resposta ao novo marco organizativo que formula a Estratexia Galega de Acuicultura.

A declaración de idoneidade é outro dos trámites incorporados polo lexislador co obxectivo de axilizar e simplificar a tramitación, denominándose así no procedemento previo ao outorgamento dos títulos habilitantes na zona terrestre e informe de idoneidade para as zonas marítima e marítimo-terrestre. Esta actuación administrativa permitirá ao promotor e ao órgano competente coñecer, antes da presentación dos correspondentes proxectos finais, a viabilidade dun establecemento na localización solicitada ou ofertada, ademais de ponderar as características técnicas, biolóxicas e económicas do sistema produtivo.

En relación á vixencia dos permisos, o lexislador quixo axilizar a tramitación das prórrogas dos permisos de actividade. Neste sentido o órgano competente en materia de acuicultura estimará a solicitude de prórroga se non se ditase informe expreso sobre a ocupación do dominio público marítimo-terrestre, permanecendo as mesmas condicións que as do prazo inicial, no prazo máximo de seis meses. Mantense o mesmo carácter de silencio regulado no Decreto 274/2003, do 4 de xuño. A finalidade do lexislador é impedir un grave prexuízo económico ao titular de establecementos que ocupen

dominio público marítimo-terrestre como consecuencia do atraso na emisión de informes preceptivos e vinculantes noutras administracións que interveñen no procedemento.

Sobre os réximes de silencios regulados nesta lei, no procedemento de declaración de idoneidade establécese a desestimación por silencio administrativo cando, tras o transcurso do prazo máximo de nove meses dende o inicio a instancia de parte do procedemento, non se emitise resolución expresa. Isto responde á necesidade de aplicar o criterio de prudencia por parte do lexislador ante iniciativas que puidesen vulnerar a sostibilidade ambiental, económica ou social no exercicio da acuicultura cando, por causas imputables a calquera de ambas as dúas partes, dese lugar ao atraso na resolución do procedemento, permitindo do mesmo xeito que o interesado poida acudir á vía contencioso-administrativa.

Os títulos que habilitan o exercicio da acuicultura adoptarán a modalidade de permisos de actividade, serán indivisibles e poderán outorgarse a persoas físicas ou xurídicas. Deste xeito, redúcense as denominacións que a Lei 11/2008, do 3 de decembro, regulaba para cada un dos títulos en función da zona na que se desenvolvese a actividade.

Outras novidades en relación co outorgamento dos títulos habilitantes son a regulación expresa do procedemento de outorgamento dos títulos aos centros de investigación ou formación e centros de exhibición pública, dependentes de organismos públicos; a exclusión dos establecementos auxiliares de acuicultura do cumprimento do requisito de obtención do correspondente permiso para a súa instalación, posta en funcionamento e explotación; a regulación da acuicultura na parte interior da zona terrestre.

O lexislador introduciu algunhas novidades co propósito de dotar dunha maior seguridade xurídica o exercicio da actividade da acuicultura.

En primeiro lugar, e co obxectivo de establecer unha delimitación clara das competencias da Xunta de Galicia en materia de acuicultura e da Administración do Estado en materia de ocupación de dominio público marítimo-terrestre e de acordo cos artigos 27.1. 15 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 132.2 da Constitución Española respectivamente, o lexislador definiu os trámites de outorgamento do permiso de actividade, polo órgano competente en materia de acuicultura, da ocupación do dominio público marítimo-terrestre, outorgada pola Administración do Estado mediante informe

preceptivo e vinculante de acordo en todo caso co establecido no artigo 112 da Lei de costas 22/1988, do 28 de xullo, e o artigo 152.13 do seu Regulamento, e todo iso en cumprimento do disposto nas sentenzas do Tribunal Constitucional 149/1991 do 4 de xullo e 198/1991 do 17 de outubro que clarifican o réxime competencial ao aclarar que será a Administración Xeral do Estado a que teña a competencia para o outorgamento de concesións administrativas no dominio público marítimo-terrestre, outorgándose primeiro a concesión de ocupación polo Estado e logo a concesión ou autorización de competencia autonómica.

O informe de ocupación será notificado xunto á resolución que outorgue o permiso de actividade, desaparece así a integración deste no acto administrativo, o que daba lugar a confusións procedementais e competenciais.

O lexislador solucionou a indefensión do administrado perante o atraso na emisión do informe de ocupación demanial repetindo o xa regulado na Lei de costas, é dicir, a desestimación por silencio administrativo da ocupación de dominio público marítimo-terrestre sempre que o órgano competente na materia non se pronunciase nun prazo máximo de seis meses dende a presentación da solicitude de ocupación por parte do interesado.

Deste xeito, o administrado poderá actuar presentando o recurso correspondente perante o órgano competente en materia de acuicultura, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Reforza esta postura a regulación no articulado da presente lei do obxecto do informe de ocupación do demanio marítimo-terrestre que se solicitará perante o órgano substantivo da consellería con competencias en materia de acuicultura, dirixido ao órgano competente da Administración do Estado, e unicamente sobre as estruturas que ocupen total ou parcialmente a área determinada da localización do establecemento ou instalación, obtendo ademais maior axilidade na tramitación do procedemento de outorgamento e modificación substancial dos permisos.

Co mesmo obxectivo de dotar de maior seguridade xurídica o exercicio da actividade da acuicultura, o lexislador regulou dun xeito máis específico os supostos das denominadas modificacións substanciais dos títulos habilitantes de maneira que pretende eliminar as dúbidas xeradas pola regulación recollida no Decreto 274/2003 do 4 de xuño.

Por outro lado, elévase a rango de lei a regulación da xestión da actividade que ata o momento se recollía en normativa de menor rango aprobada hai xa máis de dez anos. Desta forma non só se permite un marco axeitado para o futuro desenvolvemento normativo desta materia senón que a regulación adecúase ás problemáticas que se presentan hoxe na actividade materias como a densidade do cultivo ou o inicio da explotación, recollendo ademais a regulación de especificidades para cada unha das zonas nas que se determina que se pode desenvolver a actividade.

O lexislador dedicou un título completo aos rexistros administrativos para, ademais de facer un axeitado seguimento do cumprimento da normativa aplicable na materia, garantir a trazabilidade dos produtos de acuicultura. Por esta razón non só se regula a xestión do Rexistro de establecementos de acuicultura de Galicia senón que ademais se crea o Rexistro de establecementos auxiliares de acuicultura de Galicia.

No mesmo sentido garantista establécese un sistema de inspección e control do exercicio da actividade da acuicultura, materia á que o lexislador dedicou igualmente un título completo co obxectivo non só de garantir o cumprimento das obrigas dos titulares dos permisos, senón tamén o correcto exercicio da actividade e da trazabilidade. Así o control exercerase dende un punto de vista zosanitario e de benestar animal, da produción e as técnicas produtivas dos establecementos, o movemento e o transporte dos produtos, a inmersión das especies e nos supostos de suspensión da actividade.

Co mesmo fin, o lexislador regulou medidas específicas de prevención tanto sanitarias coma ambientais, e incorporou a posibilidade de crear órganos de prevención, de asesoramento, control, proposta e seguimento.

Por primeira vez o lexislador regulou nun só título as medidas de fomento da actividade da acuicultura, e incidiu ademais na investigación e o desenvolvemento e na formación, materias ás que dedica dous capítulos. Así se fomenta, entre outras, a diversificación de especies, o cultivo multitrófico ou a acuicultura en zona marítima *off shore* e os sistemas en recirculación en terra.

Tamén recolleu nun só título a comercialización, transformación e promoción dos produtos procedentes da acuicultura.

A principal novidade nesta materia atópase regulada nos destinos dos produtos da acuicultura, que non só poderán ser destinados para o consumo humano ou animal, senón que se estende a fins ornamentais ou de exposición pública, para a obtención de

subprodutos ou principios activos de uso industrial e para a subministración de individuos nas súas diferentes fases de cultivo con destino a outras instalacións ou á repoboación. Ademais refórzase a trazabilidade dos lotes de produtos da acuicultura incorporando o lexislador, entre outros, a documentación para o transporte logo de primeira venda.

O lexislador foi consciente da necesidade de regular nesta lei a planificación da acuicultura na Comunidade Autónoma de Galicia para dotar este sector produtivo do espazo e dos recursos naturais precisos para o seu desenvolvemento sostible e equilibrado, alcanzando o maior grao de integración ambiental e paisaxístico que permitan as mellores tecnoloxías posibles.

Partindo dos obxectivos de planificación que recolle a Estratexia Galega de Acuicultura, que marca a liña xeral de actuación dun xeito orientativo e preferente, o lexislador regula os plans sectoriais de ordenación, a localización da actividade e as zonas de interese preferente.

A principal novidade é, por un lado, a regulación das zonas aptas, antes denominadas zonas declaradas de interese de cultivos mariños, que serán aquelas determinadas deste xeito polo correspondente instrumento de ordenación; e por outro lado, a creación de polígonos no interior desas áreas aptas.

A Xunta de Galicia poderá declarar como zonas de interese preferente para a acuicultura algunhas das zonas que os distintos plans sectoriais determinasen como aptas para a actividade, para o que se terán en consideración criterios de promoción do desenvolvemento económico e no fomento do emprego nas zonas costeiras ou do interior, a través da expansión da acuicultura.

En canto ao réxime sancionador, o lexislador quixo ampliar e clarificar os supostos dos distintos tipos de infraccións así como as sancións correspondentes e os criterios de graduación que prevía a Lei de pesca de Galicia 11/2008 para a acuicultura, proporcionando ao xestor medidas máis precisas de aplicación e maior seguridade xurídica.

Amplíase a contía das multas de 150 a 3.000 euros para as infraccións leves, de 3.001 a 30.000 euros para as infraccións graves e de 30.001 a 600.000 para as infraccións moi graves.

O lexislador tivo en conta a integración ambiental e paisaxística da actividade da acuicultura na redacción desta lei. Así se establece xa no artigo dous cando se regula que esta lei ten por finalidade a regulación, a ordenación e o fomento da actividade da acuicultura para alcanzar o óptimo aproveitamento do potencial produtivo dos recursos acuícolas e do territorio con plena integración ambiental e paisaxística, e así o puxo de manifesto ao garantir as medidas axeitadas de sostibilidade ambiental no cultivo das especies autorizadas.

A planificación da acuicultura pretende tamén un desenvolvemento sostible e equilibrado alcanzando o maior grao de integración ambiental e paisaxística, e deste xeito inclúense nos plans, entre outros criterios de ordenación, a capacidade de acollida e a coherencia territorial.

Neste sentido, a planificación da acuicultura terá en conta, entre outras, a compatibilidade da actividade da acuicultura co medio hídrico de acordo co establecido na planificación hidrolóxica vixente e, do mesmo modo, prestará tamén atención aos efectos que o cambio climático poida exercer a curto, medio e longo prazo sobre os establecementos de acuicultura, especialmente aqueles situados na liña de costa.

O lexislador quixo manter ao longo de todo o articulado a integración ambiental no exercicio sostible da actividade da acuicultura, e así o regula nos artigos dedicados aos permisos de actividade, ao obrigar o titular a constituír e manter durante a vixencia da explotación un seguro de responsabilidade civil que garanta como mínimo posibles danos a terceiros e, de ser o caso, aval ambiental que garanta posibles danos ao medio; incluíndo no contido dos permisos as condicións ambientais baixo as que se autoriza a actividade; esixindo tras a extinción do título polas causas taxadas, a reposición da zona ao seu estado natural anterior así como calquera alteración provocada no medio; incluíndo un catálogo de prohibicións (verteduras, abandono de residuos ou subprodutos...); regulando medidas específicas de prevención ambiental ou tipificando como infracción moi grave no exercicio da acuicultura a irrogación de danos e prexuízos a terceiros ou ao medio.

Para evitar alteracións na flora e/ou fauna do ecosistema como consecuencia do atraso na resolución do procedemento que autoriza a inmersión de especies nas augas ou establecementos de acuicultura situados no territorio competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, o lexislador introduciu a desestimación por silencio

administrativo ante un posible atraso na resolución do procedemento por causas imputables á Administración ou ao administrado. Coa mesma finalidade de protección ambiental o lexislador optou por establecer un réxime de silencio administrativo desestimatorio no procedemento que autoriza as especies de cultivo e na modificación substancial do título que habilita o exercicio da acuicultura.

Unha novidade importante que introduce esta lei é a regulación da transformación do marisqueo en acuicultura. Dada a notoria evolución da actividade do marisqueo, convertida hoxe nunha clara actividade de semicultivo, o lexislador entendeu que é necesaria unha regulación expresa que permita aos titulares das actividades de marisqueo en bancos naturais adecuar, con carácter voluntario, a súa actividade ao exercicio da acuicultura.

Esta actividade denominarase acuicultura en parques de cultivo colectivo, e contará cun réxime normativo específico recollido nesta lei.

IV

Esta lei estrutúrase nun título preliminar, quince títulos, nove disposicións adicionais, nove transitorias, unha derogatoria e seis derradeiras.

O contido dos títulos é o seguinte: Título preliminar: obxecto e fins da lei. Ámbito de aplicación; Título I: disposicións xerais; Título II: órganos de xestión; Título III: do cultivo e as especies; Título IV: da planificación da acuicultura. Da localización da actividade.; Título V: dos títulos habilitantes; Título VI: do reparqueo e da reinstalación; Título VII: da transformación do marisqueo en acuicultura; Título VIII: da xestión da actividade da acuicultura; Título IX: da ordenación do sector; Título X: das medidas de fomento da actividade; Título XI: dos rexistros; Título XII: a inspección, o control e as medidas de prevención; Título XIII: da investigación e formación; Título XIV: comercialización, transformación e promoción; Título XV: o réxime sancionador.

No título preliminar, que contén tres artigos, establécese o obxecto da lei e os fins que ha de seguir a regulación da actividade da acuicultura na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o seu ámbito de aplicación.

O título I contén oito artigos. O primeiro enumera algunhas das materias cuxa atribución lle corresponden á Xunta de Galicia e á consellería competente en

acuicultura. O segundo artigo deste título enumera unha serie de definicións que pretenden facilitar a comprensión global desta lei e do regulamento que a desenvolva.

Nos artigos seis a once da lei o lexislador diferencia e clasifica os establecementos e instalacións de acuicultura, regula os centros de investigación ou formación e os centros de exhibición, dependentes de organismos públicos; a tenza ou cría doméstica de organismos acuáticos e a protección de zonas aptas para a acuicultura así como as actuacións en espazos naturais protexidos.

O título II, sobre os órganos de xestión, contén tres artigos. Neles regúlanse a Comisión Interadministrativa da Acuicultura, a Comisión Técnica da Acuicultura e a posibilidade de crear outros órganos colexiados de carácter consultivo.

O título III, sobre o cultivo e as especies, contén á súa vez dous capítulos: o primeiro sobre as disposicións xerais e o segundo máis específico, sobre as especies exóticas e localmente ausentes.

O título IV, sobre a planificación da acuicultura e a localización da actividade, comprende cinco capítulos sobre a planificación da acuicultura na Comunidade Autónoma de Galicia, a Estratexia Galega de Acuicultura, os plans sectoriais de ordenación, a localización da actividade da acuicultura e as zonas de interese preferente para a acuicultura.

O lexislador dedica máis de trinta artigos ao título V, sobre os títulos habilitantes. Desenvolvido este título en tres capítulos, o primeiro, sobre os permisos, establece as disposicións comúns para todos os títulos que habilitan o exercicio da acuicultura na zona marítima, marítimo-terrestre e terrestre. Os capítulos II e III regulan as especificidades do réxime de permisos de actividades experimentais e dos permisos a organismos públicos, centros de investigación ou formación e centros de exhibición pública, dependentes de organismos públicos.

O título VI, sobre o reparqueo e a reinstalación, desenvólvese en dous capítulos correspondendo a cada unha das actividades.

O título VII, da transformación do marisqueo en acuicultura, promove e fomenta a transformación en acuicultura da actividade de semicultivo desenvolvida nas zonas de autorización ou concesión marisqueira de bancos naturais, que é denominada polo lexislador como acuicultura en parques de cultivo colectivo, coa finalidade de que se

realice unha explotación controlada dun banco natural mediante labores de cultivo en réxime de concesión demanial.

O título VIII, sobre a xestión da actividade da acuicultura, contén catro capítulos. O primeiro regula as disposicións xerais para os establecementos de cada unha das zonas marítima, marítimo-terrestre e terrestre, recollendo o resto dos capítulos as especificidades para cada unha delas.

O título IX, da ordenación do sector, contén dous capítulos, sobre as disposicións xerais e dos axentes do sector.

O título X regula as medidas de fomento da actividade e o título XI os rexistros da acuicultura.

O título XII, sobre a inspección, o control e as medidas de prevención, contén dous capítulos que regulan as materias enunciadas.

O título XIII, da investigación e formación, comprende dous capítulos, e o título XIV, sobre a comercialización, transformación e promoción, catro capítulos, regulando o primeiro as disposicións xerais destas últimas materias.

Por último, o título XV regula o réxime sancionador. Contén catro capítulos que regulan as disposicións xerais, as infraccións, as sancións e o procedemento sancionador.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1993, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El Rei a Lei de acuicultura de Galicia

TITULO PRELIMINAR. OBXECTO E FINS DA LEI. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1 Obxecto

Esta lei ten por obxecto a regulación da actividade da acuicultura e de todas as actividades directamente relacionadas con esta, no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2 Fins

Esta lei ten por finalidade a regulación, a ordenación e o fomento da actividade da acuicultura para alcanzar o óptimo aproveitamento do potencial produtivo dos recursos acuícolas e do territorio con plena integración ambiental e paisaxística.

En todo caso a lei persegue os seguintes fins:

- a) Consolidar a actividade acuícola de xeito duradeiro, tecnicamente viable e sostible nos aspectos ambientais, sociais e económicos.
- b) Fomentar a axeitada ordenación do espazo no que se desenvolve a acuicultura, axustándose aos criterios dunha ordenación planificada.
- c) Alcanzar o máximo aproveitamento do potencial produtivo do medio acuático.
- d) Fomentar a transformación do marisqueo en acuicultura.
- e) Promover a diversificación da actividade, tanto no que respecta ás especies coma ás técnicas de cultivo, con especial incidencia na acuicultura en augas exteriores, na acuicultura multitrófica integrada e nos sistemas de recirculación, en harmonía cos modelos ata agora existentes.
- f) Garantir o óptimo estado sanitario dos cultivos e dos ecosistemas acuáticos.
- g) Garantir a conservación e preservación do medio no ámbito de desenvolvemento da actividade.
- h) Contribuír á achega á sociedade dunha fonte de subministración de alimentos de calidade, estable e altamente saudable.

- i) Promover a optimización dos procesos de comercialización e transformación dos produtos da acuicultura, que garantan a calidade, a trazabilidade, a identificación e a diferenciación destes no mercado, incidindo especialmente na transparencia do mercado e a información aos consumidores.
- j) Fomentar e promover o consumo, a transformación e a diversificación dos produtos da acuicultura.
- k) Promover e apoiar a investigación científica e a innovación aplicada á mellora continua das técnicas e procesos para o desenvolvemento sostible do sector.
- l) Fomentar a formación e capacitación profesional do sector da acuicultura.
- m) Facilitar a incorporación dos profesionais do mar á actividade acuicultura potenciando a complementariedade da acuicultura coa pesca extractiva e o marisqueo.
- n) Promover para a actividade a dotación da cota de espazo que lle corresponde tanto da zona marítimo-terrestre e terrestre coma das augas mariñas e continentais.
- o) Fomentar o asociacionismo do sector acuicultor e establecer mecanismos de participación conxunta do propio sector e os científicos.
- p) Favorecer o mantemento e a revitalización do tecido socioeconómico daquelas comunidades costeiras dependentes das actividades pesqueiras e acuícolas e contribuír á fixación de poboación nas zonas rurais máis apartadas.
- q) Implantar e executar unha gobernanza eficaz do sector baseada no estado do coñecemento científico máis solvente e acreditado.
- r) Fortalecer a competitividade do tecido produtivo creando as condicións óptimas para o desenvolvemento de estruturas solventes e sostibles.
- s) Dotar dunha axeitada seguridade xurídica a actividade da acuicultura e simplificar os procedementos administrativos especialmente no relativo á redución de prazos para o outorgamento dos permisos da actividade.

Artigo 3 Ámbito de aplicación territorial

As disposicións desta lei serán aplicables á actividade da acuicultura e a todas as actividades directamente relacionadas con esta que se realicen nos ámbitos marítimo, marítimo-terrestre e terrestre da Comunidade Autónoma de Galicia.

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 4 Atribucións

1. A Xunta de Galicia ten competencia exclusiva en materia de acuicultura e para estes efectos, por proposta da consellería competente na materia, asume, entre outras, as seguintes atribucións:
 - a) O exercicio da potestade regulamentaria desta lei.
 - b) A declaración de zonas de interese preferente para a acuicultura.
 - c) A aprobación dos instrumentos de planificación e desenvolvemento do sector.
 - d) A creación e xestión dos rexistros de acuicultura.
2. Corresponde á consellería competente en materia de acuicultura as seguintes atribucións, entre outras:
 - a) O exercicio da potestade regulamentaria desta lei.
 - b) A ordenación e regulación do sector e a actividade da acuicultura nos ámbitos marítimo, marítimo-terrestre e terrestre.
 - c) O exercicio, como órgano substantivo, da tramitación dos expedientes relacionados cos títulos habilitantes e autorizacións para o exercicio da acuicultura.
 - d) A declaración das zonas aptas para a acuicultura.
 - e) A elaboración e execución dos instrumentos de planificación e desenvolvemento do sector.

- f) Fixar as condicións técnicas dos establecementos de acuicultura, das especies autorizadas ou prohibidas, dos sistemas de cultivo permitidos e do réxime das autorizacións de inmersión das especies para o seu cultivo.
- g) A inspección, seguimento e control dos establecementos, así como a fixación de medidas de prevención, tanto en relación coas súas instalacións coma coa súa xestión.
- h) O establecemento de medidas de conservación, protección e, de ser o caso, rexeneración do medio acuático e terrestre afectado polo desenvolvemento da actividade.
- i) A resolución dos procedementos sancionadores establecidos nesta lei.
- j) A clasificación das zonas de produción de moluscos bivalvos de acordo co establecido na normativa estatal e comunitaria aplicable.
- k) Fixar as condicións de explotación dos establecementos.
- l) Fixar as condicións de comercialización, transformación e promoción dos produtos da acuicultura.
- m) A adopción de medidas de cooperación e colaboración con órganos ou institucións públicas ou privadas dedicadas á investigación na acuicultura.
- n) Outras atribucións que se determinasen neste articulado ou no regulamento que desenvolva esta lei.

Artigo 5 Definicións

3. Para os efectos desta lei, establécense as seguintes definicións:

- a) **Acuicultura**: cría ou cultivo de organismos acuáticos con técnicas encamiñadas a aumentar a produción dos devanditos organismos por enriba das capacidades naturais do medio, organismos que serán propiedade da persoa física ou xurídica ao longo de toda a fase de cría ou cultivo e ata o momento da súa primeira venda.
- b) **Acuicultura produtiva** : destinada ao consumo humano, animal, ao procesado industrial, á produción de substancias ou produtos derivados ou á subministración de fases xuvenís con destino a outras instalacións ou á repoboación.

- c) **Acuicultura experimental** : ten como obxectivo a realización de proxectos de investigación, docentes ou a introdución de innovacións nas técnicas de cultivo, nos artefactos ou nas especies.
- d) **Acuicultura ornamental**: destinada á produción de organismos acuáticos para a súa exhibición pública ou tenza doméstica.
- e) **Acuicultura en circuíto aberto** : sistemas nos que a auga é captada, conducida dentro da instalación e retornada ao medio nun fluxo continuo.
- f) **Acuicultura en recirculación** : sistemas nos cales a auga é reutilizada mediante a recirculación desta en continuo, total ou parcialmente, nun circuíto pechado dentro do establecemento.
- g) **Augas mariñas interiores**: parte da zona marítima baixo soberanía española situada entre a costa e as liñas de base definidas na Lei 20/1967, do 8 de abril, sobre extensión das augas xurisdicionais españolas a doce millas, para os efectos de pesca, e no Real decreto 2510/1977, do 5 de agosto, sobre trazado de liñas de base rectas en desenvolvemento da Lei 20/1967.
- h) **Augas mariñas exteriores** : augas marítimas baixo xurisdición ou soberanía española situadas por fóra das liñas de base definidas na Lei 20/1967.
- i) **Augas continentais**: todas as augas quietas ou correntes na superficie do solo e todas as augas subterráneas situadas cara á terra dende a liña que serve de base para medir a anchura das augas territoriais (Directiva 2000/60/CE).
- j) **Cambio de sistema** : renovación total ou parcial das instalacións dun establecemento de acuicultura na zona marítima.
- k) **Capacidade de acollida** : identificación da aptitude do territorio para a localización dos establecementos de acuicultura
- l) **Coherencia territorial**: uso e intensidades que un territorio pode soportar en atención aos seus valores como reflexo da capacidade de carga recollida na regulación territorial, ambiental e paisaxística vixente.
- m) **Chicoteo**: técnica empregada na primeira fase do cultivo dos moluscos bivalvos en batea, consistente en suxeitar temporalmente á armazón do artefacto o extremo libre das cordas de engorde mediante un cabo de pequeno calibre denominado chicote.

- n) **Comercialización técnica** : proceso seguido polos produtos da acuicultura con destino a continuar a fase de cultivo noutros establecementos ou para o repoboación ou solta controlada no medio natural.
- o) **Cultivo**: proceso controlado que abrangue todas ou algunha das fases de desenvolvemento das especies, dende a fecundación ata a fase de extracción.
- p) **Cultivo experimental** : actividade da acuicultura sometida a un réxime de autorización específico cuxo obxecto é a investigación, a docencia e/ou a innovación ou mellora das técnicas de cultivo, das instalacións ou das especies.
- q) **Cultivo extensivo** : proceso da actividade de acuicultura na que os organismos se desenvolven sen necesidade de achega de alimentos.
- r) **Cultivo intensivo** : proceso da actividade de acuicultura na que o desenvolvemento dos organismos está condicionada pola achega de alimentos.
- s) **Cultivo multitrófico integrado** : modalidade de acuicultura na que se combinan especies de distintas escalas tróficas ou distintos grupos taxonómicos coa finalidade de reciclar os refugallos dunhas polas outras, co obxecto de crear sistemas equilibrados en canto á súa sostibilidade ambiental, diversificación da produción e redución dos riscos ambientais e sanitarios.
- t) **Densidade de cultivo** : relación existente entre o volume ou superficie do medio no que se desenvolve o cultivo e a biomasa cultivada.
- u) **Descanso programado** : cesamento temporal da actividade con traslado de toda a biomasa e/ou estruturas coa finalidade de permitir a rexeneración do ecosistema e/ou reducir os riscos sanitarios.
- v) **Establecementos auxiliares de acuicultura** : establecementos nos que a súa actividade principal consiste na realización de labores de depuración, expedición, almacenamento, mantemento, manipulación, clasificación en orixe e regulación comercial dos produtos de acuicultura vivos, non desenvolvendo ningunha actividade de cultivo.

- w) **Establecementos de acuicultura** : instalación ou o conxunto de instalacións nas que se desenvolvan actividades de acuicultura nas súas fases de reprodución, cría, cultivo e explotación, así como nas que se desenvolvan tarefas de investigación, experimentación, exhibición pública e docencia nesta materia.
- x) **Xestión integrada da zona costeira**: proceso dinámico dirixido a integrar os distintos usos concorrentes sobre o espazo costeiro, promovendo a utilización e explotación sostible do medio, equilibrando as dimensións ambiental, económica e social dentro dos límites impostos polas características naturais e a capacidade de carga da área que cómpre xestionar.
- y) **Inmersión de especies** : introdución nun medio acuático determinado de organismos procedentes doutro establecemento de acuicultura ou doutra zona de produción ou cultivo distinta.
- z) **Medio receptor**: calquera masa de auga mariña ou continental que recibe a achega directa ou indirecta dunha instalación de acuicultura.
- aa) **Mexillón de cría**: mexillón de lonxitude inferior a 10 milímetros, medida no seu eixe maior.
- bb) **Mexillón de desdobre**: mexillón de lonxitude superior a 10 milímetros e inferior a 40 milímetros, medida no seu eixe maior.
- cc) **Organismo mariño non sésil** : organismo acuático de vida libre con capacidade natatoria e posibilidades de desprazamento.
- dd) **Organismo mariño sésil**: organismo acuático que vive fixo ao substrato con nula ou escasa capacidade de desprazamento.
- ee) **Órgano competente en materia de acuicultura** : órgano substantivo da Consellería competente en materia de acuicultura que ten asignadas atribucións en materia de acuicultura.
- ff) **Parte interior da zona terrestre** : porción do territorio da zona terrestre excluída do ámbito de aplicación do Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL).

- gg) **Parte litoral da zona terrestre** : porción do territorio da zona terrestre correspondente ao ámbito de aplicación do Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL).
- hh) **Permiso de actividade** : título administrativo habilitante necesario para a instalación, posta en funcionamento e explotación de establecementos de acuicultura na zona marítima, marítimo-terrestre e terrestre.
- ii) **Policultivo**: cultivo simultáneo de varias especies nun mesmo establecemento.
- jj) **Polígonos de cultivo** : zonas delimitadas pola consellería competente en materia de acuicultura, nas zonas declaradas aptas mediante instrumentos de planificación, destinadas á instalación, posta en funcionamento e explotación dun conxunto de establecementos de acuicultura.
- kk) **Produto acuícola**: todo organismo acuático en calquera das fases da súa vida incluídos ovos, esperma ou gametos, cultivado nun establecemento de acuicultura. Tamén terán esta categoría as substancias ou produtos derivados dos organismos acuáticos cultivados.
- ll) **Punto de fondeo**: posición xeográfica na que se sitúan o ou os elementos de ancoraxe de establecementos de acuicultura situados na zona marítima.
- mm) **Reinstalación**: traslado controlado de moluscos bivalvos vivos dende a súa zona de produción de orixe a zonas marítimas ou marítimo-terrestres, declaradas como zonas de reinstalación, durante o tempo necesario para reducir as substancias ou organismos contaminantes de natureza microbiolóxica co obxecto de facelos aptos para o consumo humano.
- nn) **Reparqueo**: traslado controlado de moluscos bivalvos vivos dende a súa zona de produción de orixe a zonas marítimas ou marítimo-terrestres, declaradas como zonas de reparqueo, durante o tempo necesario para reducir as substancias ou organismos contaminantes de orixe fitoplanctónica co obxecto de facelos aptos para o consumo humano.
- oo) **Repoboación**: solta deliberada ao medio natural de organismos procedentes da acuicultura con distintos fins; entre outros a recuperación de poboacións

sobreexplotadas ou extinguidas, o incremento da produción pesqueira ou marisqueira e as actividades lúdicas deportivas.

- pp) **Sector:** conxunto de actores da actividade económica que ten por obxecto o desenvolvemento profesional e as actividades, entre outras, de cultivo, produción, manipulación, tratamento, transformación e comercialización dos produtos da acuicultura.
- qq) **Semicultivo:** actividade de acuicultura exercida sobre un banco natural que permite aumentar a produción en relación á que se obtería en condicións naturais.
- rr) **Sementeira:** achega de organismos inmaturos nas zonas controladas coa finalidade de incrementar a produción.
- ss) **Talla mínima biolóxica** : tamaño dos organismos acuáticos nos que polo menos o cincuenta por cento dos individuos alcanzou a madureza sexual.
- tt) **Talla mínima comercial** : tamaño por debaixo do cal se prohíbe a comercialización dun organismo acuícola.
- uu) **Titular de establecemento de acuicultura** : persoa/s física/s ou xurídica/s que ostenten o título que as habilite para o exercicio da acuicultura.
- vv) **Títulos habilitantes:** títulos que se outorgan a persoa/s física/s ou xurídica/s para o exercicio da acuicultura.
- ww) **Zona apta para a acuicultura** : aquelas zonas que polas súas condicións para o desenvolvemento da acuicultura se declaren reservadas para o exercicio da actividade. Denomínanse tamén como Zonas de produción.
- xx) **Zonas de interese preferente para a acuicultura** : aquelas zonas declaradas aptas para a acuicultura nas que se adoptarán medidas específicas para a expansión da acuicultura como actividade que favoreza o desenvolvemento económico e o fomento do emprego.
- yy) **Zona marítima** : augas interiores, o mar territorial e a zona económica exclusiva correspondentes ao litoral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- zz) **Zonificación:** procedemento técnico, xurídico e administrativo que ten por obxecto localizar, delimitar e establecer áreas ou zonas aptas para a

instalación e desenvolvemento de instalacións de acuicultura en condicións sostibles.

4. O regulamento que desenvolva esta lei poderá establecer novas definicións diferentes das previstas na alínea anterior.

Artigo 6 Establecementos de acuicultura.

1. Para os efectos desta lei, terán a consideración de establecementos de acuicultura os seguintes:
 - a) **Granxas mariñas** : establecementos situados na zona marítima, integrados por unha ou varias gaiolas, nas que se cultivan organismos mariños non sésiles.
 - b) **Granxas continentais** : establecementos situados na zona terrestre, que fan uso das augas continentais, integrados por unha ou varias gaiolas, nas que se cultivan organismos acuáticos non sésiles.
 - c) **Viveiros**: establecementos situados na zona marítima e conformados por unha batea, ou por unha ou varias liñas de cultivo, ou unha ou varias unidades de preengorde, nos que se cultivan organismos mariños sésiles.
 - d) **Parques de cultivo** : parcelas acoutadas situadas nas zonas marítima ou marítimo-terrestre nas que se realizan actividades de cultivo ou semicultivo de moluscos directamente sobre o substrato, con ou sen a utilización de artefactos de apoio.
 - e) **Parque de cultivo colectivo** : parques de cultivo nos que se realiza unha explotación colectiva dun banco natural, en réxime de concesión demanial, por parte de organizacións de produtores de base, en calquera das súas formas asociativas.
 - f) **Plantas de acuicultura** : establecementos situados na zona terrestre, compostos por dous elementos diferenciados: as instalacións propiamente produtivas e as estruturas de captación e desaugadoiro.
 - g) **Acuarios**: establecementos dedicados principalmente ao mantemento de organismos acuícolas e/ou acuáticos destinados á exhibición pública.

2. En función do ámbito territorial no que se sitúen os establecementos de acuicultura poden clasificarse en:
- a) **Establecementos na parte litoral da zona terrestre,** que estarán constituídos por todo tipo de instalacións alí situadas, utilizadas preferentemente para o cultivo de especies que habiten ou poidan habitar nas augas mariñas ou salobres, así como os seus ovos ou gametos, e nas que se faga uso, de ser o caso, das augas próximas á costa tanto mediante captación coma mediante vertedura de efluentes líquidos.
 - b) **Establecementos na parte interior da zona terrestre,** que estarán formados por instalacións utilizadas preferentemente para o cultivo de especies que habiten ou poidan habitar nas augas continentais, así como os seus ovos ou gametos, e nas que se faga uso, de ser o caso, de xeito exclusivo das augas continentais.
 - c) **Establecementos na zona marítimo-terrestre,** constituídos por instalacións nas que se cultiven especies que habiten ou poidan habitar nas augas mariñas ou salobres e que precisen de ocupación do substrato para o seu desenvolvemento, así como os seus ovos ou gametos.
 - d) **Establecementos na zona marítima,** en cuxas instalacións se cultiven especies que habiten ou poidan habitar nas augas mariñas ou salobres, así como os seus ovos ou gametos. Tanto as instalacións coma os propios organismos acharanse mergullados ou seme mergullados na masa de auga ou sobre o substrato, definidos como dominio público marítimo-terrestre.

Ao cultivo en substrato na zona marítima seralle de aplicación o réxime establecido para o cultivo na zona marítimo-terrestre.
3. O regulamento que desenvolva esta lei definirá, de ser o caso, novos tipos de establecementos.

Artigo 7 Instalacións de acuicultura.

1. Son instalacións de acuicultura:
- a) **Gaiola:** artefacto consistente nunha estrutura flotante, polo xeral fixada ao fondo, na que se cultivan organismos mariños non sésiles.

- b) **Batea**: estrutura flotante e fixada ao fondo da que penden os dispositivos que serven de soporte para o cultivo de organismos mariños sésiles.
 - c) **Liñas de cultivo** : instalación consistente nunha ou varias cordas flotantes fixadas ao fondo, das que penden outras cordas mergulladas que serven de soporte para o cultivo de organismos mariños sésiles.
 - d) **Unidade de preengorde** : estrutura ou artefacto flotante ou fixo cuxa única finalidade é o preengorde de organismos acuícolas.
 - e) **Tanques ou piscinas** : estruturas fixas ou móbiles, de diversos tipos e materiais, construídas ou naturais, que constitúen a parte principal das instalacións propiamente produtivas dunha planta de acuicultura.
2. O regulamento que desenvolva esta lei definirá, de ser o caso, novos tipos de establecementos.

Artigo 8 Centros de investigación ou formación e centros de exhibición pública.

1. Consideraranse establecementos de acuicultura as instalacións de centros de investigación ou formación e centros de exhibición pública que realicen algunha actividade de cultivos acuícolas con fins científicos, experimentais, docentes ou de exhibición pública, xa sexa de forma exclusiva ou parcial.

A estes establecementos seralles de aplicación o disposto nesta lei, sen prexuízo das peculiaridades que se establezan nas disposicións que sexan de aplicación e na normativa de desenvolvemento para os centros deste tipo dependentes de organismos públicos.

2. Non terán a consideración de establecementos de acuicultura as instalacións de centros de exhibición pública de organismos acuáticos que non realicen actividades de cultivo.

Artigo 9 Tenza ou cría doméstica de organismos acuáticos

1. A tenza ou cría doméstica de organismos acuáticos non precisarán permiso ou autorización administrativa da consellería competente en materia de acuicultura.
2. A captura no medio de organismos acuáticos sen interese comercial destinados á tenza e cría doméstica non requirirá autorización expresa da consellería competente

en materia de acuicultura, sen prexuízo dos permisos e autorizacións regulados na normativa sectorial vixente que sexa de aplicación.

Artigo 10 Protección de zonas aptas para a acuicultura

1. As actividades dos particulares e as administracións públicas susceptibles de incidir nas zonas aptas para a acuicultura, ou sobre as que se sitúen explotacións acuícolas debidamente autorizadas, gardarán o máximo respecto á prevalencia sobre a zona apta para a acuicultura, polo que as actividades de terceiros se proxectarán e desenvolverán de maneira que quede garantida a non irrogación de efectos lesivos a esta.
2. Someteranse ao informe previo e preceptivo da consellería competente en materia de acuicultura:
 - a) As disposicións, os plans e os proxectos das administracións e entidades de dereito público, e en xeral calquera das actuacións que poidan afectar as explotacións de acuicultura.
 - b) As solicitudes de licenza, autorización ou concesión de actividades de todo tipo, distintas da acuicultura, que poidan incidir nas zonas referidas neste artigo.
3. Garantirase que as actuacións susceptibles de incidir nas zonas aptas para a acuicultura establezan as prevencións e medidas necesarias para evitar prexuízos á devandita actividade.

Artigo 11 Actuacións en espazos naturais protexidos.

Corresponde á consellería competente en materia de acuicultura a autorización das actuacións reguladas nesta lei que afecten os espazos naturais protexidos, declarados de acordo coa normativa sectorial vixente aplicable, sendo preceptivo o informe do órgano da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de medio e paisaxe.

TÍTULO II. ÓRGANOS DE XESTIÓN

Artigo 12 Comisión Interadministrativa da Acuicultura

1. A Comisión Interadministrativa da Acuicultura é un órgano colexiado, creado pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, de asesoramento, control, proposta e seguimento dos asuntos da planificación da acuicultura e a tramitación dos títulos habilitantes de acordo co establecido nesta lei.
2. A Comisión Interadministrativa da Acuicultura asumirá, entre outras, as seguintes atribucións:
 - a) O seguimento da execución dos instrumentos de planificación da acuicultura na Comunidade Autónoma de Galicia e a emisión de informes ou propostas de resolución ás dúbidas interpretativas que suscite a súa aplicación.
 - b) Coordinar as actuacións dos distintos organismos implicados nos procedementos administrativos de tramitación dos títulos habilitantes, que debesen emitir informe de forma preceptiva e/ou vinculante.
 - c) Emitir informe previo e vinculante ao acordo de idoneidade, nas condicións e supostos que así se estableza na presente Lei.
 - d) Emitir informe ou proposta en todos os supostos en que así o solicite o órgano competente en materia de acuicultura.
 - e) Calquera outra función que se regule no regulamento que desenvolva a presente Lei ou na normativa vixente que sexa de aplicación.
3. Regulamentariamente desenvolverase a súa composición, atribucións e réxime de funcionamento.

Artigo 13 Comisión Técnica da Acuicultura

1. A Comisión Técnica da Acuicultura é un órgano colexiado de consulta e de asesoramento científico e técnico da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no deseño e aplicación de medidas vinculadas á actividade da acuicultura.
2. Regulamentariamente desenvolverase a súa composición, atribucións e réxime de funcionamento.

Artigo 14 Outros órganos de carácter consultivo

1. A consellería competente en materia de acuicultura poderá acordar a creación doutros órganos colexiados de carácter consultivo.
2. Regulamentariamente desenvolverase a súa composición, atribucións e réxime de funcionamento.

TÍTULO III. DO CULTIVO E AS ESPECIES

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 15 Do cultivo

1. O cultivo de organismos acuícolas poderá ter por destino a alimentación humana ou animal, a obtención de produtos ou substancias derivados, a subministración de organismos xuvenís con distintas finalidades, a repoboación ou solta controlada, a experimentación científica, o uso ornamental e en xeral calquera uso ou destino lícito admitido e expresamente autorizado pola consellería competente en materia de acuicultura.
2. A actividade acuicultora en Galicia comprenderá a sementeira e o cultivo tanto de especies tradicionais ou xa existentes á entrada en vigor desta lei coma os daquelas especies novas, autóctonas, exóticas ou localmente ausentes, cuxo desenvolvemento sostible poida ser de interese, asegurando que se adopten as medidas axeitadas de sostibilidade ambiental.

Artigo 16 Autorización de especies

1. Os grupos de especies de acuicultura autorizables na Comunidade Autónoma de Galicia son aqueles organismos acuáticos animais e vexetais cuxa viabilidade técnica, económica e ambiental resulte acreditada ou acreditable.
2. A determinación das especies autorizables para o seu cultivo corresponde á consellería competente en materia de acuicultura, que decidirá conforme os criterios de índole técnica, económica, zosanitaria, de saúde pública, ambiental e de interese público.

3. Para a autorización das especies cultivables, a consellería competente en materia de acuicultura actuará como órgano substantivo sen prexuízo da competencia para a emisión ou resolución de informes preceptivos, licenzas ou autorizacións que no seu caso corresponda a outros organismos da Administración.
4. Aquelas especies cuxa utilización en acuicultura non estea expresamente recollida no catálogo de especies autorizables a que se refire o número 9 deste artigo non poderán ser obxecto de cultivo, salvo o establecido no artigo 9 para a tenza ou cría doméstica de organismos acuáticos.
5. O permiso de actividade ou autorización determinará a especie ou especies para as cales se outorga, facultando o titular para o seu desenvolvemento na área delimitada no título habilitante conforme as disposicións normativas sectoriais da actividade e as condicións establecidas no propio título.
6. Un mesmo permiso de actividade ou autorización poderá comprender o cultivo de máis dunha especie do mesmo grupo taxonómico ou trófico no mesmo establecemento que poderá desenvolverse de xeito simultáneo ou sucesivo durante a vida da explotación.
7. Un mesmo permiso de actividade ou autorización poderá comprender o cultivo de máis dunha especie de distintos grupos taxonómicos ou tróficos mediante un cultivo multitrófico integrado.
8. Poderase autorizar o cultivo eventual e temporal de especies distintas das autorizadas no título habilitante que requirirá en todo caso a autorización previa e expresa da consellería competente en materia de acuicultura.

O novo cultivo autorizado en ningún caso poderá superar o 50% da capacidade produtiva autorizada para o establecemento.

Regulamentariamente determinarase o procedemento e condicións desta modalidade de cultivo.

9. A consellería competente en materia de acuicultura creará e elaborará un catálogo de especies declaradas autorizables para o cultivo na Comunidade Autónoma en Galicia na forma que se determine regulamentariamente.

Artigo 17 Tallas mínimas.

1. A consellería competente en materia de acuicultura poderá establecer tallas mínimas comerciais para os produtos da acuicultura, exceptuando aqueles destinados á comercialización técnica.
2. Aos establecementos de acuicultura cuxa produción teña a súa orixe en todo ou en parte en individuos procedentes da captación natural, seranlles de aplicación o regulado na normativa sectorial vixente aplicable en materia de tallas mínimas biolóxicas.

Artigo 18 Restricións ao cultivo.

1. A consellería competente en materia de acuicultura poderá, de forma motivada, restrinxir temporal ou indefinidamente o cultivo de determinadas especies na Comunidade Autónoma de Galicia ou en ámbitos territoriais delimitados dentro desta.
2. A adopción destas medidas realizarase segundo os criterios biolóxicos, de sanidade animal ou vexetal, de saúde pública, medioambientais, ou de protección dos recursos pesqueiros e acuícolas ou de interese público xeral, debendo emitir informe previo aqueles órganos que sexan competentes en relación aos criterios que determinan a adopción da medida.

CAPÍTULO II. ESPECIES EXÓTICAS E LOCALMENTE AUSENTES

Artigo 19 Especies exóticas ou localmente ausentes.

1. Poderá autorizarse o cultivo de especies exóticas ou localmente ausentes das reguladas no Regulamento CE 708/2007.
2. Nos casos de autorizacións para o cultivo de especies exóticas ou localmente ausentes, a avaliación ambiental incorporará unha alínea específica dedicada a garantir o illamento biolóxico e sanitario da súa biomasa e a conseguinte sostibilidade ecosistémica da explotación.
3. A consellería competente en materia de acuicultura supervisará o cumprimento das condicións durante o período de vixencia da autorización mediante os programas de

seguimento e control periódico que sexan necesarios, con fundamento no coñecemento científico especializado máis acreditado, todo iso baixo a responsabilidade do titular do permiso ante calquera dano ou risco ambiental, zoosanitario ou á saúde pública que lle for imputable e puider derivarse directa ou indirectamente da súa explotación.

4. As autorizacións que teñan por obxecto o cultivo de especies exóticas ou localmente ausentes conterán as condicións para a súa introdución, manexo e translocación contidas na normativa que lles resulte de aplicación, así como as que se determinen no desenvolvemento regulamentario desta lei.
5. Se se tratase de especies incluídas no Catálogo de Especies Exóticas Invasoras, o proxecto e o programa de vixilancia e de seguimento ambiental garantirán o control do seu illamento biolóxico.

TÍTULO IV. DA PLANIFICACIÓN DA ACUICULTURA. DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

CAPÍTULO I. DA PLANIFICACIÓN

Artigo 20 Principios xerais.

1. A planificación da acuicultura na Comunidade Autónoma de Galicia terá como fin dotar este sector produtivo do espazo e dos recursos naturais precisos para o seu desenvolvemento sostible e equilibrado, alcanzando o maior grao de integración ambiental e paisaxística que permitan as mellores tecnoloxías dispoñibles.
2. Na formulación da devandita planificación teranse en conta os seguintes obxectivos:
 - a) Programar e racionalizar o grao de expansión da actividade da acuicultura.
 - b) Servir de marco no que se poidan desenvolver de xeito xuridicamente seguro os proxectos individuais tramitados segundo as disposicións desta lei, os seus regulamentos de desenvolvemento e a normativa sectorial vixente aplicable.
 - c) Dotar o medio no que se integra o establecemento de acuicultura da protección necesaria fronte a verteduras e interferencias alleas que a poidan afectar comprometendo a viabilidade biolóxica ou operativa da explotación.

- d) Garantir o equilibrio entre a acuicultura e as restantes actividades concurrentes.
 - e) Facilitar o control administrativo do desenvolvemento da actividade, especialmente nos ámbitos produtivo, ambiental e da sanidade animal ou vexetal.
3. A planificación fundamentarase na avaliación previa, pola Administración competente, da capacidade de crecemento económica e ambientalmente sostible previsible para a industria acuícola galega.
4. A capacidade de crecemento e o horizonte temporal, entre outros, determinaranse nun documento estratéxico de planificación.

CAPÍTULO II. A ESTRATEXIA GALEGA DE ACUICULTURA

Artigo 21 Definición.

A Estratexia Galega de Acuicultura é un documento estratéxico de planificación da actividade da acuicultura na Comunidade Autónoma de Galicia para un horizonte temporal determinado.

Artigo 22 Contido mínimo.

A Estratexia Galega de Acuicultura terá, como mínimo, unha referencia aos seguintes aspectos:

- a) Unha análise pormenorizada da situación da acuicultura en Galicia e a súa comparación coa nacional, europea e mundial, debendo incluír unha análise das súas debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.
- b) A definición da estratexia de desenvolvemento do sector en todas as modalidades técnica e economicamente viables.
- c) As previsións de produción por ámbitos espaciais e grupos de especies ou especies no horizonte temporal considerado.
- d) O inventario resumido dos establecementos de acuicultura existentes.
- e) As liñas de actuación propostas e as súas medidas concretas así como o cronograma de aplicación de cada unha, a súa cuantificación económica e os indicadores de seguimento que cómpre utilizar.

- f) A fixación das directrices técnicas xerais que terán que cumprir os proxectos de establecementos de acuicultura.
- g) Os criterios xerais de sostibilidade ambiental, económica e social e de integración paisaxística que terán que cumprir os proxectos de establecementos de acuicultura.
- h) A definición dos distintos plans sectoriais de ordenación da actividade da acuicultura na Comunidade Autónoma de Galicia determinando os seus obxectivos e fins.
- i) As principais prioridades en materia de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

Artigo 23 Procedemento.

1. A Estratexia Galega de Acuicultura será elaborada pola consellería competente en materia de acuicultura, que poderá solicitar de oficio informes das distintas administracións ou organismos con competencias en xestión do territorio, do dominio público, do medio ou relacionadas coa actividade.
2. O documento será aprobado inicialmente polo Consello da Xunta e sometido a trámite de información pública logo da súa aprobación definitiva polo mesmo órgano.
3. A Estratexia Galega de Acuicultura poderá ser modificada con suxeición ao mesmo procedemento de aprobación do documento, sen prexuízo do que estableza para a súa elaboración, aprobación e modificación o regulamento que desenvolva esta lei.

Artigo 24 Alcance.

A Estratexia Galega da Acuicultura marcará a liña xeral de actuación da consellería competente en materia de acuicultura dun xeito orientativo e preferente.

CAPÍTULO III. DOS PLANS SECTORIAIS DE ORDENACIÓN

Artigo 25 Obxectivo

Os plans sectoriais de ordenación da acuicultura teñen como obxectivo principal a definición das directrices para a implantación dos establecementos de acuicultura así

como para a modificación dos establecementos existentes no correspondente ámbito espacial dos regulados no artigo 3.

Artigo 26 Determinacións dos plans sectoriais de ordenación

Os plans poderán determinar e adaptar en cada ámbito espacial as seguintes medidas:

- a) O modelo de ocupación do territorio que se utilizará en cada ámbito espacial para o desenvolvemento da acuicultura.
- b) As condicións mínimas que debe cumprir unha zona concreta para o desenvolvemento dun establecemento de acuicultura.
- c) As zonas aptas para a actividade no ámbito espacial considerado e, de ser o caso, aquelas non aptas ou excluídas.
- d) Os criterios que fagan compatibles os establecementos de acuicultura coas actividades que tradicionalmente se desenvolven no correspondente ámbito espacial.
- e) Os criterios que permitan a compatibilidade do desenvolvemento dos establecementos de acuicultura coas características ambientais e paisaxísticas e as súas figuras de protección.
- f) As especies ou grupos de especies autorizadas, de forma xeral ou para determinadas zonas dentro do correspondente ámbito espacial.
- g) Os tipos de establecementos autorizados, as súas características técnicas e as condicións de explotación, podendo establecer especificacións concretas por zonas ou especies.
- h) Os criterios e condicións esixibles para a tramitación dos títulos habilitantes en función das características do correspondente ámbito espacial.
- i) As condicións de concorrencia espacial nunha mesma zona de distintos establecementos de acuicultura baseadas en criterios zoosanitarios, biolóxicos, ambientais, económicos e organizativos.
- j) As demais medidas que se desenvolvan regulamentariamente.

Artigo 27 Procedemento.

1. Na elaboración dos plans sectoriais de ordenación da acuicultura deberá terse en conta:
 - a) Para a determinación da capacidade de acollida de novos establecementos, unha valoración global do conxunto de factores coincidentes para unha axeitada xestión integrada do ámbito espacial baixo o enfoque ecosistémico.
 - b) A toma de decisións sobre a coherencia territorial e a capacidade de acollida acollida, tanto de novos establecementos coma da ampliación dos xa existentes, que se alcanzará tras unha avaliación global sopesando os factores concorrentes de xeito conxunto no contexto do interese estratéxico do sector acuicultor, e en todo caso con respecto a:
 1. A integración coas figuras de protección ambiental e paisaxística do ámbito no que se vaia desenvolver a actividade.
 2. A garantía do control das patoloxías e epizootias.
 3. No caso de especies exóticas e localmente ausentes, das condicións de illamento da biomasa.
2. A consellería competente en materia de acuicultura elaborará plans sectoriais de ordenación da acuicultura para a zona marítima, marítimo-terrestre, a parte litoral da zona terrestre e a parte interior da zona terrestre.
3. Os plans sectoriais de ordenación da acuicultura para a parte litoral e interior da zona terrestre terán o carácter de plans sectoriais de incidencia supramunicipal dos regulados nos artigos 22 e seguintes da Lei de ordenación do territorio de Galicia 10/1995, do 23 de novembro, e tramitaranse de acordo ao previsto na devandita normativa.
4. Os plans sectoriais de ordenación da acuicultura nas zonas marítimo e marítimo-terrestre terán carácter regulamentario.

CAPÍTULO IV. DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DA ACUICULTURA

Artigo 28 Da zonificación

1. Os establecementos de acuicultura situaranse exclusivamente naquelas zonas determinadas como aptas de acordo co establecido nos correspondentes plans sectoriais de ordenación.
2. Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a acuicultura poderá desenvolverse nas seguintes zonas ou situacións:
 - a) En terra, ocupando o establecemento total ou parcialmente terreos de propiedade pública ou privada, tanto fóra da franxa de servidume de protección de espazos xestionados polas distintas administracións con competencias para a fixación de zonas de protección e policía coma sobre terreos que se atopen total ou parcialmente dentro das devanditas zonas.
 - b) En dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou portuario con toda ou parte das instalacións en zona demanial.
 - c) Unha mesma instalación poderá ocupar, ao mesmo tempo, franxas de terreo e/ou láminas ou superficies de auga de diferente titularidade e natureza xurídica.
3. O órgano competente en materia de acuicultura poderá declarar aptas calquera das zonas así definidas no correspondente plan sectorial de ordenación, sen prexuízo da potestade atribuída ás administracións competentes no relativo á ocupación do demanio público ou ao aproveitamento da auga continental ou a outros organismos con competencias afectadas pola declaración das zonas como aptas.

Artigo 29 Dos polígonos

1. Dentro das zonas declaradas como aptas para a acuicultura, a consellería competente na materia poderá declarar e delimitar espazos concretos, denominados polígonos de acuicultura, para a instalación concorrente dun ou varios establecementos de acuicultura.
2. Os polígonos estarán formados por unha ou varias parcelas debidamente delimitadas e deberán incluír e respectar os elementos comúns que sexan precisos para garantir o paso ou a seguridade na navegación no caso de situarse na zona marítima ou marítimo-terrestre.

3. A consellería competente en materia de acuicultura determinará regulamentariamente, no procedemento de aprobación e creación dos devanditos polígonos, a capacidade máxima de produción, as especies ou grupos de especies de cultivo autorizadas e os tipos de establecemento permitidos e regulará así mesmo os procedementos de revisión, modificación e actualización destes.
4. Logo de declaración de creación dun polígono deberá analizarse a incidencia ambiental de acordo co establecido na lexislación sectorial vixente aplicable.
5. Os establecementos de acuicultura que se instalen dentro dos polígonos non requirirán da análise da súa incidencia ambiental nin dos informes esixibles a este tipo de establecementos que xa fosen emitidos para a creación do correspondente polígono. En todo caso será preceptivo o informe do organismo competente en materia de acuicultura.
6. A consellería competente poderá ditar normas xerais de funcionamento e xestión conxunta destes polígonos así como normas específicas para polígonos concretos. Nestas normas poderán establecerse obrigas cuxo cumprimento corresponda de forma conxunta e solidaria a todos os titulares de instalacións situadas dentro do mesmo polígono.
7. Poderán crearse órganos colexiados para a xestión conxunta dun ou varios polígonos nos que estarán debidamente representados todos os titulares dos establecementos situados neste/s e terán representación da consellería competente na materia.
8. Ademais das normas de xestión e dos programas de control relacionados coa saúde pública, a sanidade animal ou a protección ambiental, a consellería competente en materia de acuicultura poderá establecer, nas zonas marítima e marítimo-terrestre, programas de control produtivo, sendo os custos derivados destes asumidos solidariamente por todos os titulares dos establecementos situados no polígono.
9. Os procedementos de creación dos órganos colexiados de xestión conxunta determinaranse regulamentariamente.

CAPÍTULO V. ZONAS DE INTERESE PREFERENTE PARA A ACUICULTURA

Artigo 30 Da declaración das zonas de interese preferente para a acuicultura

1. A Xunta de Galicia poderá declarar como zonas de interese preferente para a acuicultura algunhas das zonas que os distintos plans sectoriais determinen como aptas para o desenvolvemento da actividade.

Os criterios da declaración das zonas de interese preferente fundamentaranse en criterios de promoción do desenvolvemento económico e no fomento do emprego, nas zonas costeiras ou do interior, a través da expansión da acuicultura.

2. A declaración como zona de interese preferente para a acuicultura irá acompañada das correspondentes medidas de protección e promoción da actividade.
3. Nas zonas declaradas como zonas de interese preferente para a acuicultura poderán aprobarse plans específicos de desenvolvemento integral da actividade ou integrarse noutros plans de desenvolvemento que afecten a zona.
4. Regulamentariamente fixaranse as condicións e o procedemento para declarar unha zona como de interese preferente para a acuicultura.

TÍTULO V. DOS TÍTULOS HABILITANTES

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS: DOS PERMISOS.

Artigo 31 Títulos administrativos habilitantes

1. Os títulos administrativos que habilitan para o exercicio da acuicultura adoptarán a modalidade de permisos de actividade, serán indivisibles e poderán outorgarse a persoas físicas ou xurídicas.

Poderán ser titulares as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursoas en causas de prohibición de contratar das que proceda ser de aplicación das previstas no texto refundido da Lei de contratos do sector público 3/2011, do 14 de novembro, e aquelas persoas que acrediten a súa solvencia económica, financeira e/ou técnica, ademais dos requisitos que se establezan no regulamento que desenvolva esta lei.

2. Os establecementos de acuicultura precisarán de permiso de actividade para a súa instalación, posta en funcionamento e explotación, que será outorgado pola

consellería competente en materia de acuicultura, sen prexuízo das autorizacións, informes e permisos que lles corresponda outorgar a outros organismos no exercicio das súas competencias.

3. Os establecementos de acuicultura cuxas instalacións produtivas precisen ocupar para a súa instalación, posta en funcionamento e explotación espazo demanial, tanto dominio público marítimo-terrestre coma portuario ou hidráulico, precisarán a correspondente concesión de ocupación e/ou o uso.

- a) No caso da ocupación de dominio público marítimo-terrestre, a súa concesión será outorgada de conformidade co establecido na correspondente normativa sectorial de aplicación, mediante previo informe preceptivo e vinculante da Administración do Estado sobre a ocupación do dominio público.

Nas plantas de acuicultura nas que unicamente as súas estruturas de captación de auga e desaugadoiro ocupen total ou parcialmente dominio público marítimo-terrestre, o informe que a consellería solicitará da Administración do Estado terá por obxecto exclusivamente a área ocupada polas devanditas estruturas.

A solicitude de ocupación demanial presentarase perante o órgano competente en materia de acuicultura, dirixida ao órgano competente para o outorgamento da ocupación demanial que será o que resolva.

- b) No suposto de ocupación da bacía hidráulica, a concesión de aproveitamento hidráulico de augas será outorgada polo organismo da bacía correspondente de acordo co establecido pola normativa sectorial vixente aplicable á materia.

A solicitude de aproveitamento hidráulico presentarase perante o órgano competente en materia de acuicultura, dirixida en todo caso ao órgano competente para outorgar o aproveitamento que será o que resolva.

- c) No caso da ocupación de dominio portuario, a Administración Portuaria outorgará a concesión de ocupación de acordo co establecido na normativa sectorial vixente aplicable á materia.

A solicitude de ocupación demanial en zona portuaria presentarase perante o órgano competente nesa materia.

4. Se o órgano competente en materia de ocupación demanial non emitise informe outorgante ou resolución expresa no prazo máximo de seis meses dende a recepción da solicitude, ou naquel prazo que determinase a lexislación sectorial aplicable, entenderase esta desestimada por silencio administrativo.

O disposto neste artigo será de aplicación aos procedementos de outorgamento e modificación do permiso de actividade e a aqueles outros que regule esta lei ou o regulamento que a desenvolva nos que fose necesaria a previa resolución de ocupación ou aproveitamento ou o informe preceptivo e vinculante do correspondente órgano demanial, con excepción do previsto para a prórroga no artigo 36.

5. Poderán outorgarse permisos de actividade con carácter experimental nas zonas marítima, marítimo-terrestre e terrestre coa finalidade de desenvolver proxectos de investigación técnica ou científica ou de proxectos que introduzan innovacións substanciais nos procesos produtivos, nas instalacións, nas especies ou proxectos dos que non existan experiencias en Galicia de acordo coas condicións que se recollan nesta lei e no seu regulamento de desenvolvemento.

Os permisos de actividade así outorgados rexeranse pola súa regulación específica de acordo co establecido no artigo 44 da presente lei e no non regulado aplicarase con carácter xeral o establecido neste capítulo.

6. Poderán outorgarse permisos de actividade aos centros de investigación ou formación e centros de exhibición pública, dependentes de organismos públicos, que realicen algunha actividade de cultivos acuícolas con fins científicos, experimentais, docentes ou de exhibición pública, xa sexa de forma exclusiva ou parcial.

Os permisos de actividade así outorgados rexeranse pola súa regulación específica de acordo co establecido no artigo 43 da presente lei e no non regulado aplicarase con carácter xeral o establecido neste capítulo.

7. Os establecementos auxiliares de acuicultura non precisarán autorización nin permiso do organismo competente en materia de acuicultura para a súa instalación, posta en funcionamento e explotación.

8. O procedemento para a obtención dos títulos administrativos habilitantes rexerese polas normas previstas nesta lei, no seu regulamento de desenvolvemento e na normativa sectorial que resulte de aplicación.

Artigo 32 Obrigas do titular do permiso de actividade

1. Os permisos de actividade obrigan o seu titular a:
- a) Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición de contratar que sexan de aplicación, das reguladas no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público 3/2011, do 14 de novembro, durante a vixencia do permiso de actividade.
 - b) Cumprir as condicións establecidas no título habilitante.
 - c) Explotar o establecemento mediante medios propios ou terceiros contratados nos termos establecidos na normativa sectorial vixente, sen prexuízo do establecido no artigo 40 desta lei sobre as transmisións da titularidade.
 - d) Notificar á consellería competente en materia de acuicultura a formalización de calquera contrato que implicase a participación dun terceiro na explotación do establecemento.
 - e) Manter e conservar as instalacións que compoñen o establecemento de acuicultura autorizadas no título habilitante.
 - f) Aplicar as medidas ambientais que se establezan na resolución correspondente.
 - g) Desenvolver a actividade de xeito ambiental e sanitariamente sostibles, con especial dilixencia na protección do medio receptor das verteduras da instalación.
 - h) Constituír e manter durante a vixencia da explotación un seguro de responsabilidade civil que garanta como mínimo posibles danos a terceiros e, de ser o caso, constituír aval ambiental que garanta posibles danos ao medio.
 - i) Desenvolver a actividade con criterios profesionais de eficacia técnica, eficiencia económica e produtiva, garantindo o óptimo e racional aproveitamento sostible do potencial produtivo da localización.

- j) Cubrir fielmente os rexistros establecidos e poñer a disposición dos servizos de inspección e control os datos neles inscritos cando sexan requiridos no ámbito das súas respectivas competencias.
 - k) Colaborar coa consellería competente en materia de acuicultura para coñecer a situación do sector e coadxuvar á mellora permanente deste facilitando os datos que sexan necesarios, de acordo co establecido na lexislación vixente.
 - l) Cumprir as instrucións e ordes aprobadas en aplicación da normativa vixente polos órganos competentes ao longo das distintas fases do proceso de explotación da actividade.
 - m) Poñer en coñecemento da consellería competente en materia de acuicultura a aparición de mortalidades ou procesos patolóxicos anormais nas instalacións.
 - n) Cumprir cos niveis máximos de densidade por explotación que se determinen no título habilitante ou no regulamento que desenvolva esta lei.
 - o) Identificar o establecemento de acordo co disposto na normativa vixente aplicable á materia.
 - p) No caso de establecementos situados en polígonos de acuicultura, o cumprimento das normas de funcionamento e xestión conxunta que a consellería competente na materia estableza de xeito xeral ou específico para polígonos concretos
 - q) Os demais deberes e obrigas que se establezan nesta lei ou nos instrumentos de ordenación do sector.
 - r) Outras obrigas que se determinen regulamentariamente.
2. Cando para o desenvolvemento da actividade da acuicultura sexa preciso ademais ocupar o dominio público, o titular está obrigado a:
- a) Cumprir as especificacións da concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre ou aproveitamento do demanio hidráulico ou do informe da Administración titular do dominio público ocupado, de ser o caso.
 - b) Manter en bo estado o dominio público.
3. Cando a actividade se desenvolva nas zonas marítima ou marítimo-terrestre o titular está ademais obrigado a:

- a) Instalar e manter operativos pola súa conta os dispositivos de sinalización e axuda á navegación marítima que correspondan en aplicación da normativa en vigor.
- b) No caso de que as instalacións se encontren situadas en polígonos de acuicultura, esta obriga será de aplicación ao polígono no seu conxunto, de acordo co establecido na lexislación vixente aplicable á materia, e terá a consideración de obriga común, respondendo do seu cumprimento os titulares dos establecementos situados no seu interior de forma solidaria.
- c) A reparación inmediata do establecemento na zona marítima cando non reúna as condicións mínimas de seguridade esixibles.
- d) O órgano competente poderá, logo de requirimento, acordar a retirada do establecemento pola conta do titular se non atendese á obriga regulada nesta alínea.

Artigo 33 Prohibicións

1. No exercicio da acuicultura na parte litoral da zona terrestre prohibese:
 - a) As verteduras ou o abandono de residuos ou subprodutos, coa excepción dos autorizados á explotación correspondente, e sempre que se verifique nas condicións fixadas na respectiva autorización de vertedura e normativa aplicable.
 - b) A introdución, sen autorización, de exemplares capturados no medio natural.
 - c) O uso de calquera dos produtos ou desincrustantes, de tratamento, conservación ou limpeza, tanto da biomasa coma das instalacións materiais, prohibidos polo organismo correspondente ou na normativa sectorial vixente aplicable á materia.
2. No exercicio da acuicultura na parte interior da zona terrestre prohibese:
 - a) As verteduras ao río ou á zona terrestre, ou o abandono de residuos ou subprodutos, coa excepción dos autorizados aos propios establecementos e sempre que se verifique nas condicións fixadas na respectiva autorización de vertedura e na normativa aplicable.
3. No exercicio da acuicultura na zona marítimo-terrestre prohibese:

- a) As verteduras ao mar ou á zona terrestre, ou o abandono de residuos ou subprodutos, coa excepción dos autorizados ás propias explotacións ou dos autorizados polo órgano competente.
 - b) A introdución sen autorización de exemplares capturados no medio natural.
 - c) A limpeza de redes e demais medios ou dispositivos situados no medio marítimo terrestre.
 - d) O uso de calquera dos produtos desincrustantes, de tratamento, conservación ou limpeza, tanto da biomasa coma das instalacións materiais, prohibidos polo organismo correspondente ou na normativa sectorial vixente que sexa de aplicación.
 - e) As modificacións do substrato ou o emprego de elementos fixos que delimiten o establecemento sen a autorización expresa previa da consellería competente na materia.
 - f) O emprego de maquinaria pesada sen a autorización expresa previa da consellería competente na materia.
 - g) A utilización de artes e aparellos de pesca para a protección contra depredadores ou outras motivacións sen a autorización expresa da consellería competente na materia.
 - h) As demais limitacións ou prohibicións establecidas na normativa reguladora do ben demanial afectado.
4. No exercicio da acuicultura na zona marítima prohíbese:
- a) As verteduras ao mar ou á zona terrestre, ou o abandono de residuos ou subprodutos, coa excepción dos autorizados ás propias explotacións, nas condicións fixadas na respectiva autorización de vertedura.
 - b) A introdución, sen autorización, de exemplares capturados no medio natural.
 - c) A limpeza de redes e demais medios ou dispositivos situados na zona marítima.
 - d) O uso de calquera dos produtos desincrustantes, de tratamento, conservación ou limpeza, tanto da biomasa coma das instalacións materiais, prohibidos

polo organismo correspondente ou na normativa sectorial vixente que sexa de aplicación.

- e) A utilización de artes e aparellos de pesca para a protección contra depredadores ou outras motivacións sen a autorización expresa da consellería competente na materia.
- f) As demais limitacións ou prohibicións establecidas na normativa reguladora do ben demanial afectado.

5. As demais limitacións ou prohibicións que se determinen regulamentariamente.

Artigo 34 Contido do permiso de actividade

1. A resolución que dispoña o outorgamento do permiso de actividade de establecementos de acuicultura terá o seguinte contido mínimo:

- a) Persoas físicas ou xurídicas titulares do permiso.
- b) Obxecto do permiso.
- c) Tipo de establecemento e actividade.
- d) Localización.
- e) Especie ou especies autorizadas.
- f) Características básicas do establecemento.
- g) Capacidade produtiva mínima esixible e máxima permitida do establecemento.
- h) Duración do permiso.
- i) Condicións da prórroga do título habilitante, de ser o caso.
- j) Causas de extinción do permiso.
- k) Prazo para o inicio da execución das obras e instalacións.
- l) Prazo para a posta en funcionamento da explotación.
- m) Condicións técnicas, administrativas, ambientais e sanitarias baixo as que se autoriza a actividade.
- n) Condicións de cultivo.

- o) Condicións da inspección polo órgano competente en materia de acuicultura.
 - p) Condicións da modificación do permiso de actividade.
 - q) O destino ou destinos da produción.
 - r) A inscrición nos rexistros correspondentes.
 - s) Outros que se regulen no regulamento que desenvolva esta lei e demais normativa sectorial de aplicación.
2. O contido do permiso de actividade estará ademais suxeito ás seguintes especialidades:
- a) Para os títulos que se outorguen nas partes litoral e interior da zona terrestre o permiso conterá a indicación da superficie da zona terrestre, de titularidade pública ou privada e, de ser o caso, do dominio público, ocupados polo establecemento e/ou as súas estruturas.
 - b) Para os títulos que se outorguen na zona marítimo-terrestre o permiso conterá a indicación da superficie do dominio público ocupada polo establecemento e, de ser o caso, polas instalacións para o almacenamento de semente, a regulación comercial e outras actividades relacionadas coa explotación, cos seus correspondentes planos.
 - c) Para os títulos que se outorguen na zona marítima o permiso conterá a superficie de dominio público ocupada polo establecemento cos seus correspondentes planos.
3. A notificación da resolución que outorgue o permiso de actividade conterá tamén a notificación do informe que outorgue a ocupación de dominio público marítimo-terrestre e/ou aquelas resolucións que autoricen e/ou emitan as condicións sobre a vertedura ou as correspondentes ocupacións e aproveitamento hidráulico.
- Á resolución de outorgamento do título habilitante acompañará ademais a comunicación de alta no Rexistro de explotacións gandeiras e nos seu caso a notificación da autorización de primeira venda.

Artigo 35 Duración do permiso de actividade

1. O permiso de actividade outorgarase por un período máximo de 50 anos e estará suxeito, nos casos en que o establecemento precisase da ocupación de dominio

público, ás condicións establecidas na concesión de ocupación demanial ou no informe preceptivo e vinculante concedente da ocupación de acordo coa normativa sectorial vixente aplicable á materia.

2. Nos casos nos cales o establecemento se situase integramente na zona terrestre en terreos en réxime de arrendamento ou calquera outra modalidade de cesión temporal do uso do solo, a duración do título habilitante non poderá ser superior á vixencia do contrato correspondente.

Os permisos de actividade situados integramente na zona terrestre en réxime de propiedade privada terán carácter indefinido, sen prexuízo do establecido para as causas de extinción reguladas no artigo 40 da presente lei.

3. No caso dos permisos de actividade experimental e dos permisos outorgados a centros de investigación ou formación e centros de exhibición pública, dependentes de organismos públicos, a duración do título habilitante será de tres e dez anos respectivamente, de acordo co disposto nos artigos 44 e 43 desta lei.

Artigo 36 Prórroga do permiso de actividade

1. Os permisos de duración determinada de acordo co establecido no número 1 do artigo anterior poderán prever prórrogas sucesivas dentro do límite temporal máximo polo que fosen outorgados e en todo caso polos mesmos períodos e condicións que os establecidos na concesión de ocupación demanial ou no informe preceptivo e vinculante concedente da ocupación de acordo coa normativa sectorial vixente aplicable á materia.
2. Os permisos de duración determinada de acordo co establecido no número dous do artigo anterior poderán ser prorrogados de acordo co prazo que estableza o órgano competente en materia de acuicultura no permiso de actividade, e dentro do límite temporal máximo outorgado.
3. O titular que desexe obter a prórroga do devandito permiso, e sempre que se considere esta posibilidade no título habilitante, deberá solicitalo cunha antelación mínima de seis meses ao vencemento do prazo de vixencia, de acordo co procedemento que regulamentariamente se estableza.
4. Se solicitada a prórroga na forma establecida neste artigo, e a consellería competente en materia de acuicultura non ditase resolución expresa nun prazo

máximo de seis meses dende a presentación da solicitude, entenderase estimada por silencio administrativo e prorrogado o título habilitante nas mesmas condicións nas que foi outorgado.

5. O procedemento para outorgar a prórroga será o regulado no regulamento que desenvolva esta lei.

Artigo 37 A declaración de idoneidade na zona terrestre

1. O órgano competente en materia de acuicultura resolverá, a instancia de parte, previo á solicitude do inicio do procedemento de outorgamento do correspondente título habilitante na zona terrestre, tanto na parte interior coma litoral, a idoneidade de cada establecemento novo ou da modificación substancial dos xa existentes, na forma que se determine regulamentariamente.

A declaración de idoneidade favorable será un requisito previo necesario para solicitar un novo permiso de actividade ou a modificación substancial dos xa existentes.

2. Enténdese por idoneidade de cada establecemento a previa ponderación dos valores relativos aos distintos niveis de coherencia territorial e capacidade de acollida de cada establecemento, no marco das determinacións recollidas nos instrumentos de planificación, territorial, ambiental e da paisaxe e de acordo co proxecto presentado a instancia de parte.

Así mesmo a idoneidade de cada establecemento ponderará previamente as características técnicas, biolóxicas e económicas do sistema produtivo así como o cumprimento das condicións esixidas na normativa sectorial vixente que sexa de aplicación.

A idoneidade implicará que o establecemento reúne as condicións necesarias para o seu desenvolvemento sen alterar significativamente as características da estrutura e funcionalidade do medio no que se insiran.

3. A Comisión Técnica da Acuicultura e a Comisión Interadministrativa da Acuicultura participarán no procedemento de outorgamento do acordo de idoneidade na forma que se determine regulamentariamente.

Os informes que emitan terán carácter previo e vinculante ao acordo de idoneidade.

Emitida declaración de idoneidade favorable, os informes sectoriais que conformen os emitidos polos órganos colexiados a que se refire o parágrafo anterior, serán incorporados ao expediente de outorgamento do título habilitante ou de modificación substancial do mesmo, como informes emitidos ao proxecto presentado, sen prexuízo da posibilidade da presentación de addendas aos mesmos.

4. A solicitude de permisos para actividades experimentais ou para centros de investigación ou formación e exhibición pública, dependentes de organismos públicos, estarán suxeitos ao previo outorgamento de declaración de idoneidade na forma que se determine regulamentariamente.
5. Non estarán suxeitos a previa declaración de idoneidade os permisos outorgados mediante procedemento abreviado nos termos establecidos no artigo 39.4, e os outorgados de acordo con parágrafo segundo da Disposición Transitoria sétima da presente Lei.
6. A resolución da declaración de idoneidade favorable terá unha vixencia de un ano dende a notificación desta, prorrogable a instancia de parte por causas debidamente motivadas por un período máximo de seis meses.

O interesado deberá solicitar o permiso de actividade ou a modificación substancial dentro do período máximo de vixencia a que se refire o parágrafo anterior.

Non obstante, unha vez notificada a declaración de idoneidade favorable, o órgano competente en materia de acuicultura poderá admitir a trámite a solicitude de actuacións previas, condicionando en todo caso o efecto dese acto á presentación por parte do interesado da solicitude do permiso de actividade ou da modificación substancial deste.

A solicitude de actuacións previas será acompañada pola declaración responsable do administrado do cumprimento do disposto no parágrafo anterior, de acordo co que se dispoña regulamentariamente.

O incumprimento da presentación da correspondente solicitude do permiso de actividade ou da modificación do mesmo, dará lugar á extinción da declaración de idoneidade.

7. A resolución da declaración de idoneidade desfavorable permitirá ao interesado, unha vez notificada esta e sexa firme en vía administrativa, presentar unha nova

solicitude de idoneidade sempre que altere as circunstancias, determinacións e previsións que dese lugar á resolución desfavorable.

8. Transcorrido o prazo máximo de nove meses dende o inicio do procedemento sen emitir resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo.
9. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento de declaración de idoneidade.

Artigo 38 Informe de idoneidade nas zonas marítima e marítimo-terrestre

1. Nas zonas marítima e marítimo-terrestre, logo de inicio do procedemento para o outorgamento do correspondente título habilitante ou á súa modificación substancial, o órgano competente en materia de acuicultura poderá solicitar informe de idoneidade de cada establecemento aos servizos técnicos correspondentes, na forma que se determine regulamentariamente.

Para os efectos do previsto neste artigo entenderase por idoneidade o regulado no número 2 do artigo 37.

O previsto nesta alínea será tamén de aplicación aos procedementos abreviados iniciados a instancia de parte regulados no artigo 39.4

2. Os permisos outorgados para actividades experimentais ou centros de investigación ou formación e de exhibición, dependentes de organismos públicos, estarán suxeitos á emisión do informe de idoneidade nas condicións establecidas na alínea primeira deste artigo e de acordo coas determinacións do regulamento que desenvolva esta lei.

Artigo 39 Procedemento de outorgamento do permiso de actividade

1. O procedemento para a obtención do permiso de actividade rexerese polas normas previstas nesta lei, no seu regulamento de desenvolvemento e na normativa sectorial de aplicación.
2. Os permisos de actividade serán outorgados rexéndose preferentemente polos principios de obxectividade, publicidade, transparencia, igualdade e concorrencia.

Os permisos de actividade que se outorguen nas partes interior e litoral da zona terrestre outorgaranse en todo caso rexéndose polos principios de obxectividade, publicidade e transparencia.

3. Os permisos de actividade para o exercicio da acuicultura en parques de cultivo colectivo outorgaranse de acordo co establecido neste artigo, as especialidades que se determinen nos artigos 54 e seguintes desta lei e no regulamento que a desenvolva.
4. Excepcionalmente nas zonas marítima e marítimo-terrestre, incluídos os parques de cultivo colectivo, e na parte interior da zona terrestre, por razón motivada de interese público, económico e/ou social, o órgano competente en materia de acuicultura poderá outorgar, a instancia de parte, permisos de actividade mediante a tramitación de procedemento abreviado.

Este procedemento poderá ser de aplicación sempre que se cumpran, polo menos, as seguintes condicións:

- a) Que o proxecto que se presente non deba ser sometido a procedemento de tramitación ambiental.
 - b) De ser o caso, que o proxecto que se presente non deba ser sometido a tramitación de proxecto sectorial.
 - c) Que o volume de cultivo non exceda dos límites que se establezan regulamentariamente.
 - d) Outras condicións mínimas que se determinen no regulamento que desenvolva esta lei.
5. O órgano competente en materia de acuicultura outorgará o correspondente permiso de actividade logo de outorgamento, por parte dos organismos competentes, das resolucións ou informes preceptivos e/ou vinculantes esixidos na normativa sectorial que fose de aplicación.
 6. Nos procedementos iniciados para outorgar o permiso de actividade a un establecemento que se situase no interior dun polígono dos definidos no artigo 29 desta lei, os informes preceptivos e/ou vinculantes emitidos ou as resolucións de ocupación outorgadas para ese polígono entenderanse realizados a cada un dos

permisos outorgados para cada un dos devanditos establecementos, sen prexuízo dos os que corresponda emitir ao órgano competente nesta materia.

7. Transcorrido o prazo máximo de un ano dende o inicio do procedemento para a obtención do permiso de actividade sen emitir resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo.

Artigo 40 Transmisión e gravame do permiso de actividade

1. Os establecementos amparados polo permiso de actividade poderán ser alleados conxuntamente con este en calquera momento do período de vixencia deste, logo de autorización da consellería competente en materia de acuicultura, de acordo co procedemento establecido no regulamento que desenvolva esta lei e a normativa sectorial vixente.
2. Os permisos de actividade outorgados mediante un procedemento de concorrencia non poderán ser transmitidos inter vivos ata que transcorra un período mínimo de dez anos dende a publicación da resolución de outorgamento inicial ou dende a publicación da resolución que autorice a última transmisión, salvo causas debidamente xustificadas de acordo co que estableza o regulamento que desenvolva esta lei.
3. Nas transmisións mortis causa por falecemento do titular do permiso de actividade, as habentes-causa deberán comunicar tal feito á consellería competente en materia de acuicultura no prazo de tres meses dende o falecemento e solicitar, no prazo de un ano dende a mesma data, a transmisión do permiso de actividade a favor da/s persoa/s física/s ou xurídica/s que será titular do permiso.
4. En todo caso, o novo titular deberá subrogarse nos mesmos dereitos e obrigas do causante e cumprir, no momento da transmisión, os requisitos que se esixan nesta lei e no regulamento que a desenvolva para ser titular dun permiso de actividade.
5. Cando o titular do permiso sexa unha persoa xurídica considerarase transmisión calquera cambio na titularidade das accións ou participacións que supoña substitución dos socios ou accionistas que o for ao tempo de outorgamento da concesión, en porcentaxe igual ou superior ao 50 por cento do capital social.
6. Nos supostos de remate xudicial, administrativo ou adxudicación de bens por non pagamento de créditos hipotecarios, o novo titular do permiso deberá subrogarse nas

obrigas derivadas do título habilitante do antigo titular e cando non reúna os requisitos para o exercicio da actividade, os novos titulares do permiso deberán transferilo no prazo de doce meses a un novo concesionario que para estes efectos non presente limitación algunha.

7. Os establecementos amparados por permisos outorgados ao abeiro desta lei consideraranse indivisibles, calquera que sexa a súa dimensión e capacidade.
8. A constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía sobre os permisos de actividade transmisibles, así como o embargo destes, deberán ser comunicados, e autorizado previamente, á consellería competente en materia de acuicultura pola persoa ou entidade a cuxo favor se constitúe o dereito.
9. Non se inscribirá no Rexistro da Propiedade a transmisión dos permisos ou a constitución de dereitos reais sobre estes, sen que se acompañe certificación da consellería competente en materia de acuicultura acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos neste artigo e das cláusulas do título.
10. Transcorrido o prazo máximo de seis meses dende o inicio do procedemento sen emitirse resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo.

Artigo 41 Modificación do permiso de actividade

1. Considéranse modificacións do permiso de actividade aquelas diferentes das variacións contempladas nos artigos 15 ,36 ,40, 68 e 73 para as modificacións de especies, a prórroga, as transmisións, a modificación de substrato e os cambios de sistema.

As modificacións do permiso de actividade poderán ser substanciais e non substanciais.

2. Para os efectos desta lei enténdense por modificacións substanciais:
 - a) A modificación do obxecto do permiso e do tipo de establecemento e/ou actividade.
 - b) Incremento do volume de edificabilidade do establecemento, con destino á superficie de cultivo, en máis dun dez por cento do inicialmente autorizado.
 - c) Incremento do volume de produción superior a un 50% do inicialmente autorizado.

- d) A modificación da ocupación demanial.
- e) Outras que se determinen regulamentariamente.

Calquera modificación substancial das condicións establecidas no permiso de actividade requirirá a tramitación dun procedemento específico que se establecerá no regulamento que desenvolva esta lei.

Para tales efectos a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo no caso de que non se resolva no prazo de un ano.

No cómputo dos límites establecidos teranse en conta os valores acumulados de modificacións anteriores.

Para valorar o volume de edificabilidade ou outras modificacións que puidesen resultar modificacións substanciais do título habilitante, que non estivesen previstas nos instrumentos de planificación e non se opuxesen ás súas determinacións ou cando estes instrumentos non existisen, a consellería competente en materia de acuicultura poderá solicitar informe non vinculante á consellería competente en materia de territorio ou ao concello en cuxos ámbitos territoriais incidan as modificacións dos establecementos ou a outros organismos de acordo co regulado na normativa sectorial vixente que sexa de aplicación.

3. Serán modificacións non substanciais as diferentes do regulado no apartado 2 deste artigo.

Calquera modificación non substancial das condicións establecidas no permiso de actividade requirirá a presentación da correspondente solicitude e a autorización expresa da consellería competente en materia de acuicultura, de acordo co procedemento que se desenvolva regulamentariamente e sen prexuízo dos informes sectoriais que sexa preciso solicitar.

4. As modificacións do permiso de actividade que veñan establecidas por resolución xudicial firme serán comunicadas polo titular do establecemento ao órgano competente en materia de acuicultura xunto coa copia xustificativa e debidamente compulsada do acordo xudicial, logo de resolución que acorde a correspondente modificación.
5. A consellería competente en materia de acuicultura poderá, de forma motivada e logo de resolución ou informe do órgano competente ambiental, establecer novas

medidas ambientais así como a modificación das condicións técnicas de produción, ambientais ou da capacidade produtiva e as súas características vixentes no permiso de actividade, co fin de garantir a conservación do medio.

Artigo 42 Extinción do permiso de actividade

1. O permiso de actividade regulado neste capítulo poderase extinguir, logo de trámite de audiencia, e de acordo co procedemento que regulamentariamente se estableza, polas seguintes causas:
 - a) O incumprimento das condicións establecidas no título habilitante ou no plan de seguimento ambiental de acordo, de ser o caso, co establecido na declaración de impacto ambiental.
 - b) O vencemento do prazo de vixencia do título sen ter solicitado ou obtido prórroga.
 - c) A renuncia expresa do titular, logo de aceptación da consellería competente en materia de acuicultura.
 - d) Mutuo acordo entre a Administración e o titular do permiso.
 - e) A declaración de caducidade ou extinción da concesión para a ocupación ou aproveitamento demaniais.
 - f) O vencemento do prazo para a execución das obras de acordo coa resolución outorgada, salvo causa debidamente xustificada.
 - g) O vencemento do prazo establecido para a posta na explotación, salvo causa debidamente xustificada.
 - h) Ter efectuado a transmisión de titularidade do establecemento sen previa autorización da consellería competente en materia de acuicultura.
 - i) Ter sido declarados os titulares do permiso de actividade, ou os suxeitos obxecto de transmisión deste, insolventes en calquera procedemento, ou ser inhabilitados conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
 - j) O incumprimento dos obxectivos de rendemento previstos no título habilitante durante dous anos ininterrompidos ou un máximo de tres

interrompidos, cando fose imputable á persoa titular do establecemento. Para a súa determinación tomarase como referencia non ter alcanzado a capacidade produtiva mínima fixada no título habilitante.

- k) A retirada definitiva da autorización de vertedura polo órgano competente.
 - l) A introdución no establecemento de organismos sen os debidos permisos ou certificados sanitarios ou o incumprimento grave e reiterado das normas sanitarias.
 - m) O cesamento da actividade do cultivo por un período superior a dous anos, salvo causa xustificada e allea á vontade do titular.
 - n) O transcurso do prazo máximo de un ano sen manifestación expresa á Administración, no ámbito dunha transmisión *mortis causa* e por parte dos herdeiros, do feito causante e do seu propósito de subrogarse nos dereitos e obrigas do causante.
 - o) A concorrencia de razóns de utilidade pública que leven consigo a perda da dispoñibilidade para o particular das áreas nas que se desenvolva a actividade acuícola, sen prexuízo das indemnizacións que correspondan.
 - p) A extinción por calquera causa do contrato de arrendamento dos terreos sobre os que se sitúe o establecemento, ou do título xurídico que fundamente a cesión do uso deste.
 - q) A posta no mercado ou, de ser o caso, o intento de comercialización, de produtos que poidan supoñer un perigo para a saúde pública.
 - r) Incorrer nalgunha das causas de prohibición de contratar que sexan de aplicación, das reguladas no texto refundido da Lei de contratos do sector público 3/2011, do 14 de novembro, durante a vixencia do permiso de actividade.
 - s) O aluguer ou cesión da explotación do establecemento a terceiras persoas.
 - t) O incumprimento das condicións establecidas na normativa vixente e no regulamento que desenvolva esta lei.
2. Extinguido o permiso de actividade, o órgano competente en materia de acuicultura poderá establecer a obriga de repoñer a zona ao seu estado natural anterior así como

calquera alteración provocada no medio, sendo a cargo da última persoa titular o custo desas operacións, que terán que realizarse conforme as instrucións emanadas da consellería competente en materia de acuicultura ou, de ser o caso, de protección do medio. Excepcionalmente, o mesmo órgano poderá propoñer, segundo se determine regulamentariamente, o mantemento das obras e instalacións para dedicalas á investigación, actividades culturais e de coñecemento das actividades da acuicultura ou calquera outra de interese público.

CAPÍTULO II.- DOS PERMISOS A CENTROS DE INVESTIGACIÓN OU FORMACIÓN E CENTROS DE EXHIBICIÓN PÚBLICA

Artigo 43 Permisos a centros de investigación ou formación e centros de exhibición pública

1. O órgano competente en materia de acuicultura poderá outorgar aos titulares de establecementos dependentes de organismos públicos a que se refire ao número 2 do artigo 7 desta lei, permisos de actividade para a realización de proxectos de docencia, de investigación técnica ou científica, ou para a exhibición pública de organismos mariños nas zona marítima, marítimo-terrestre e terrestre, sen prexuízo dos informes, permisos, licenzas, autorizacións e concesións esixibles de acordo coa normativa vixente.
2. Os titulares dos permisos regulados neste capítulo estarán obrigados a cumprir o establecido no Título V da presente lei, sen prexuízo das peculiaridades determinadas neste capítulo ou aquelas que se desenvolvan regulamentariamente.
3. Os permisos de actividade regulados neste capítulo serán outorgados rexéndose polos principios de obxectividade, publicidade e transparencia de acordo co establecido no regulamento que desenvolva a presente lei.
4. Os permisos de actividade en ningún caso poderán ser obxecto de transmisión, hipoteca ou gravame.
5. Os permisos terán unha duración de dez anos ou polo tempo necesario para a finalidade do proxecto de que se trate, podendo, de ser o caso, establecerse períodos de prórroga sucesivos ata un prazo máximo de 75 anos, sempre que se manteñan a finalidade e os requisitos do proxecto.

No caso de que o establecemento precise da ocupación de dominio público, o permiso de actividade outorgarase como máximo polo mesmo período e condicións que os establecidos na concesión de ocupación demanial ou no informe preceptivo e vinculante de concesión de ocupación de acordo coa normativa sectorial vixente aplicable á materia

6. Os produtos obtidos no desenvolvemento destes proxectos, con carácter xeral, non poderán ser comercializados.

Os produtos obtidos poderán ser destinados a entidades prestadoras de servizos sociais ou asistenciais sempre que se cumpran os requirimentos establecidos na normativa sobre calidade e seguridade alimentaria aplicable e demais normativa vixente e sempre que por parte do titular do establecemento se comuniquen á consellería competente en materia de acuicultura os movementos que se realicen dos produtos destinados a este tipo de entidades.

Con carácter excepcional poderán comercializarse os produtos obtidos, logo de autorización expresa da consellería competente en materia de acuicultura. Os produtos comercializados deberán cumprir coa normativa sobre calidade e seguridade alimentaria, se lle fose de aplicación, así como coa normativa sectorial vixente e o destino dos fondos así obtido, e deberá reinvestirse integramente na operatividade ou mantemento do propio establecemento de acuicultura.

7. Serán causa de extinción dos permisos a conclusión da experiencia que constituía o seu obxecto ademais das causas establecidas que lle sexan de aplicación no artigo 42 desta lei para os demais títulos habilitantes nos casos en que proceda.

CAPÍTULO III.- RÉXIME DE PERMISOS DE ACTIVIDADE EXPERIMENTAL

Artigo 44 Do réxime de permisos de actividade experimental

1. Poderanse outorgar permisos de actividade experimental na zona marítima, marítimo-terrestre e terrestre para a realización de proxectos de investigación técnica ou científica ou de proxectos que introduzan innovacións nos procesos produtivos, nas instalacións ou nas especies ou proxectos dos que non existan experiencias en Galicia, nas condicións que regulamentariamente se establezan e sen prexuízo dos informes, permisos, licenzas, autorizacións e concesións esixibles de acordo coa normativa sectorial vixente aplicable á materia.

2. Os titulares dos permisos de actividade experimental estarán obrigados a cumprir os requisitos establecidos no Título V desta lei, sen prexuízo das peculiaridades determinadas neste capítulo ou aquelas que se desenvolvan regulamentariamente.
3. Os permisos de actividade experimental serán outorgados rexéndose polos principios de obxectividade, publicidade, transparencia e, de ser o caso, igualdade e concorrencia, de acordo co procedemento establecido no regulamento que desenvolva esta lei.

4. Os permisos de actividade experimental poderán ser outorgados a instancia de parte. Nestes casos emitirase informe vinculante pola Comisión Técnica de Acuicultura, e examinaranse as razóns de especial interese para a materia, os obxectivos de investigación e/ou a innovación ou mellora das técnicas de cultivo das instalacións ou das especies ou a inexistencia de proxectos do mesmo tipo na Comunidade Autónoma de Galicia.

O procedemento así iniciado contemplará un período de información pública polo prazo mínimo dun mes.

O disposto nesta alínea tamén poderá ser, de ser o caso, de aplicación ao procedemento de modificación substancial do permiso de actividade experimental.

5. Será compatible o outorgamento dun permiso de actividade experimental nun establecemento no que se atope xa vixente un permiso de actividade para o exercicio da acuicultura sempre e cando a duración deste último sexa igual ou superior a tres anos.

Os permisos de actividade experimentais outorgados de acordo co establecido nesta alínea non modifican a duración do permiso de actividade xa vixente e non estarán sometidos ao período de información pública esixido na alínea anterior.

6. Os permisos de actividade experimental en ningún caso poderán ser obxecto de transmisión, hipoteca ou gravame.
7. Os permisos de actividade experimental requirirán para a súa modificación informe vinculante da Comisión Técnica de Acuicultura e non poderán variar os obxectivos da experiencia.

8. A duración dos permisos de actividade experimental, con carácter xeral, non será superior a tres anos, podendo no seu caso establecerse períodos de prórroga sucesivos ata o prazo máximo.

Excepcionalmente, por razóns debidamente motivadas relativas ás necesidades do ciclo de cultivo, poderán outorgarse permisos de actividade experimental por un prazo superior ao establecido no parágrafo anterior desta alínea, que en ningún caso poderá ser superior a sete anos, podendo establecerse períodos de prórroga nos termos establecidos neste artigo.

9. Os titulares de permisos de actividade experimental deberán presentar anualmente un informe sobre a evolución da experiencia así como unha memoria final sobre o resultado da experiencia á consellería competente en materia de acuicultura, nos termos establecidos regulamentariamente.
10. Os produtos obtidos no desenvolvemento de proxectos experimentais poderán ser comercializados logo de autorización expresa da consellería competente en materia de acuicultura. Os produtos comercializados deberán cumprir coa normativa sobre calidade e seguridade alimentaria, se lle fose de aplicación, así como coa normativa sectorial vixente.
11. Serán causa de extinción do permiso de actividade experimental, entre outras:
 - a) A conclusión da experiencia que constituía o seu obxecto.
 - b) As causas establecidas nesta lei para os demais títulos habilitantes nos casos en que proceda.
 - c) Outras que se desenvolvan regulamentariamente

Unha vez extinguido o permiso de actividade experimental, e no suposto de que o resultado da experiencia demostre que o proxecto é viable, o titular poderá instar o inicio do procedemento de outorgamento do correspondente permiso de actividade que teña por obxecto a experiencia desenvolvida, de acordo co que estableza o regulamento que desenvolva esta lei. O baremo que rexa o procedemento de outorgamento valorará en todo caso ter desenvolvido con éxito a actividade experimental para a que se convoca o concurso.

12. Os permisos de actividade outorgados a centros de investigación ou formación e centros de exhibición, dependentes de organismos públicos, que realicen algunha

actividade de cultivos acuícolas con fins científicos experimentais, de exhibición pública ou docente non terán o carácter de permisos de actividade experimental.

TÍTULO VI. - DO REPARQUEO E DA REINSTALACIÓN

CAPÍTULO I. DO REPARQUEO

Artigo 45 A actividade de reparqueo

1. A actividade de reparqueo terá por obxecto o traslado controlado de moluscos bivalvos vivos a zonas marítimas ou marítimo terrestres durante o tempo necesario para reducir as substancias ou organismos contaminantes de orixe fitoplanctónica acumuladas nos moluscos co obxecto de facelos aptos para o consumo humano.

Artigo 46 As zonas de reparqueo

1. A consellería competente en materia de acuicultura determinará, dentro das zonas declaradas como aptas para a acuicultura, as zonas de produción facultadas para poder exercer a actividade de reparqueo, así como de asignarlles as zonas declaradas de reparqueo onde poidan exercer tal facultade.
2. Poderán reparcarse moluscos procedentes da acuicultura ou do marisqueo nunha mesma zona de reparqueo.
3. Nas zonas de reparqueo non se poderán realizar labores de cultivo.
4. Determinaranse regulamentariamente as condicións destas zonas e as condicións para o exercicio do reparqueo.

Artigo 47 Autorizacións

1. A consellería competente en materia de acuicultura poderá outorgar, ás entidades asociativas representativas do sector, de acordo co procedemento regulamentariamente establecido, autorizacións para a utilización de artefactos ou parcelas da zona marítimo-terrestre destinadas ao reparqueo de moluscos bivalvos.
2. As autorizacións para a actividade de reparqueo outorgaranse por un prazo máximo de quince anos prorrogables por períodos de cinco anos ata o máximo da duración inicialmente outorgada.

3. Estas autorizacións non poderán ser obxecto de transmisión, hipoteca ou gravame.
4. Serán causas de extinción as sinaladas no artigo 42 desta lei para os permisos de actividade, e ademais:
 - a) O cesamento da actividade de reparqueo por un período superior a dous anos, salvo causa xustificada e allea á vontade do titular.
 - b) O traslado de moluscos bivalvos ás zonas de reparqueo ou a súa retirada, sen contar coa previa autorización do órgano competente da Administración.
 - c) Outras que regulamentariamente se establezan no desenvolvemento desta lei.
5. O procedemento para o outorgamento de autorizacións para a actividade do reparqueo será desenvolvido regulamentariamente

Artigo 48 Dos dereitos de reparqueo

1. Serán dereitos de reparqueo aquelas cantidades de moluscos asignadas a cada establecemento dos situados nunha das zonas de produción das facultadas para o reparqueo e que lle permitan trasladar a devandita cantidade á zona de reparqueo que se determine, de acordo co procedemento que regulamentariamente se estableza.
2. Os dereitos de reparqueo de un ou varios establecementos poderán ser cedidos, de xeito permanente ou temporal, en favor doutro establecemento, situado na mesma zona de produción, que poderá exercitar a actividade de reparqueo agrupando nun único acto todos os dereitos propios e cedidos.

Artigo 49 Dos dereitos e obrigas dos titulares das autorizacións de reparqueo

1. Os titulares das autorizacións de reparqueo serán responsables da xestión das actividades de reparqueo e de cantas actividades estean relacionadas con esta e do axeitado mantemento das zonas e os artefactos utilizados, especialmente do traslado dos moluscos bivalvos e as demais operacións de estabulación.
2. As autorizacións para a actividade de reparqueo obrigan o seu titular a cumprir as condicións que sexan de aplicación das establecidas no artigo 34 para os titulares de permisos de actividade, así como a levar un rexistro permanente da orixe dos moluscos, a duración e lugar do seu reparqueo e do destino de cada lote ao termo desta.

3. En cada zona ou agrupación de zonas de reparqueo crearase un órgano de xestión do reparqueo que será o encargado e responsable da xestión do sistema de reparqueo na devandita zona, do que formarán parte as asociacións con dereitos de reparqueo na zona ou zonas e representantes da consellería competente en materia de acuicultura.
4. Regulamentariamente establecerase o desenvolvemento dos dereitos e obrigas dos titulares autorizados para a actividade de reparqueo así como as condicións tanto para o exercicio da actividade coma para a instalación, posta en funcionamento e explotación das zonas de reparqueo, así como a composición, atribucións e réxime de funcionamento do órgano de xestión do reparqueo.

CAPÍTULO II. DA REINSTALACIÓN

Artigo 50 A actividade da reinstalación

A actividade de reinstalación terá por obxecto o traslado controlado de moluscos bivalvos vivos a zonas marítimas ou marítimo-terrestres durante o tempo necesario para reducir as substancias contaminantes de orixe microbiolóxica, acumuladas nos moluscos co obxecto de facelos aptos para o consumo humano.

Artigo 51 As zonas de reinstalación

1. A consellería competente en materia de acuicultura determinará, dentro das zonas declaradas como aptas para a acuicultura, as zonas de produción facultadas para poder exercer a actividade de reinstalación, así como de asignarlles as zonas declaradas de reinstalación onde poidan exercer tal facultade.
2. As zonas de reinstalación estarán delimitadas e sinalizadas con boias, postes ou calquera outro dispositivo fixo similar que se regulasen regulamentariamente.
3. Respectarase unha distancia mínima entre zonas de reinstalación e entre estas e as zonas de produción.
4. Poderán estabularse moluscos procedentes da acuicultura ou do marisqueo nunha mesma zona de reinstalación.
5. Nas zonas de reinstalación non se poderán realizar labores de cultivo.
6. Determinaranse regulamentariamente as condicións destas zonas e as condicións para o exercicio da reinstalación.

Artigo 52 Autorizacións

1. A consellería competente en materia de acuicultura poderá outorgar ás entidades asociativas representativas do sector, de oficio ou a instancia de parte, de acordo co procedemento regulamentariamente establecido, autorizacións para a utilización de artefactos ou parcelas na zona marítimo-terrestre destinadas á reinstalación de moluscos bivalvos.
2. As autorizacións para a actividade de reinstalación outorgaranse por un prazo máximo de quince anos prorrogables por períodos de cinco anos ata o máximo da duración inicialmente outorgada.
3. Estas autorizacións non poderán ser obxecto de transmisión, hipoteca ou gravame.
4. Serán causas de extinción as sinaladas artigo 42 desta lei para os permisos de actividade, e ademais:
 - a) O cesamento da actividade de reinstalación por un período superior a dous anos, salvo causa xustificada e allea á vontade do titular.
 - b) O traslado de moluscos bivalvos ás zonas de reinstalación, ou a súa retirada, sen contar coa previa autorización do órgano competente da Administración.
 - c) Outras que regulamentariamente se establezan no desenvolvemento desta lei.
5. O procedemento para o outorgamento de autorizacións para a actividade da reinstalación será desenvolvido regulamentariamente.

Artigo 53 Dos dereitos e obrigas dos titulares das autorizacións de reinstalación

1. Os titulares das autorizacións de reinstalación serán responsables da xestión desta actividade e de cantas actividades estean relacionadas con ela e do axeitado mantemento das zonas e os artefactos utilizados, especialmente do traslado dos moluscos bivalvos e as demais operacións de estabulación.
2. As autorizacións para a actividade de reinstalación obrigan o seu titular a cumprir as condicións que sexan de aplicación das establecidas no artigo 34 para os titulares de permisos de actividade, así como a levar un rexistro permanente da orixe dos moluscos, a duración e lugar da súa reinstalación e do destino de cada lote ao remate desta.

3. Regulamentariamente establecerase o desenvolvemento dos dereitos e obrigas dos titulares autorizados para a actividade de reinstalación.

TÍTULO VII. DA TRANSFORMACIÓN DO MARISQUEO EN ACUICULTURA

Artigo 54 Da transformación do marisqueo en acuicultura

1. A consellería competente en materia de acuicultura promoverá e fomentará a transformación en acuicultura da actividade de semicultivo desenvolvida en bancos naturais.
2. As zonas de marisqueo que, ao abeiro desta lei, se transformen en zonas onde se exerza a acuicultura, pasarán a denominarse como parques de cultivo colectivo.
3. O proceso de transformación terá en conta:
 - a) O carácter voluntario da transformación do marisqueo en acuicultura.
 - b) O mantemento da actual estrutura colectiva do marisqueo.
4. O outorgamento dos permisos de actividade para a acuicultura nos bancos naturais das zonas de autorización marisqueira dará lugar á extinción das autorizacións marisqueiras que correspondan.

Artigo 55 Do permiso de actividade para o exercicio da acuicultura en parques de cultivo colectivo

1. A consellería competente en materia de acuicultura poderá outorgar permisos de actividade para o exercicio da acuicultura en parques de cultivo colectivo a entidades asociativas do sector, con personalidade xurídica propia, coa finalidade de que realicen unha explotación controlada dun banco natural mediante labores de cultivo en réxime de concesión demanial.
2. Os permisos de actividade para o exercicio da acuicultura en parques de cultivo colectivo serán outorgados rexéndose polos principios de obxectividade, publicidade, igualdade, transparencia e concorrencia, de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.

3. En todo caso terán prioridade as entidades asociativas do sector que veñan xestionando esa zona mediante plans de explotación e acrediten a súa experiencia na explotación.
4. O outorgamento do permiso requirirá o informe preceptivo e vinculante do órgano competente en materia de xestión do dominio público marítimo-terrestre.
5. Aos permisos de actividade para o exercicio da acuicultura en parques de cultivo colectivo seralles de aplicación o disposto no capítulo I do título V, desta lei e o seu desenvolvemento regulamentario, salvo as especificidades establecidas para estes neste título.
6. Os permisos de actividade para o exercicio da acuicultura en parques de cultivo colectivo non serán obxecto de transmisión nin de gravame.

Artigo 56 Obrigas, limitacións e prohibicións

As obrigas, limitacións e prohibicións dos titulares dos permisos de actividade en parques de cultivo colectivo rexeranse polo disposto nos artigos 32 e 33 desta lei no que fose de aplicación para os establecementos de acuicultura na zona marítimo-terrestre.

Artigo 57 Das garantías de explotación

1. A consellería competente en materia de acuicultura establecerá regulamentariamente as condicións e medidas que, en relación co cultivo e a comercialización do produto, se aplicarán para facilitar transitoriamente a adecuación das estruturas de marisqueo actuais ao réxime da acuicultura.
2. En todo caso garantirase a integración na actividade da acuicultura dos titulares dos permisos de explotación para o marisqueo que viñesen desenvolvendo o seu labor na zona cando esta se xestionaba mediante plans de explotación e reúnan os requisitos establecidos no regulamento de desenvolvemento desta lei.
3. As condicións de incorporación de novos membros á actividade da acuicultura en parques de cultivo colectivo determinaranse regulamentariamente e en todo caso deberanse de garantir os principios de liberdade, igualdade, concorrencia, transparencia e publicidade.
4. Regulamentariamente determinaranse o número máximo e mínimo de membros da persoa xurídica titular do permiso de actividade.

TÍTULO VIII. DA XESTIÓN DA ACTIVIDADE DA ACUICULTURA

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 58 Disposicións xerais

1. A consellería competente en materia de acuicultura establecerá normas de desenvolvemento para a xestión da actividade de acuicultura nos establecementos situados nas zonas marítima, marítimo-terrestre e nas partes litoral e interior da zona terrestre.
2. Os fins das normas de xestión serán, entre outros:
 - a) O máximo aproveitamento sostible do potencial produtivo do medio e os recursos acuáticos.
 - b) A prevención, control, mitigación e integración do impacto sobre o medio.
 - c) A promoción e incremento da competitividade.
 - d) A mellora das condicións da calidade do produto.
 - e) O fomento do benestar animal e a sanidade animal e vexetal.
 - f) A protección da saúde pública e contribución á seguridade alimentaria.
 - g) A profesionalización do sector.
3. Poderanse establecer, entre outras, as seguintes medidas:
 - a) A limitación da capacidade produtiva dos establecementos.
 - b) O establecemento de condicións para a aplicación de determinadas técnicas de cultivo.
 - c) A implantación de guías e códigos de conduta e mellores prácticas.
 - d) Outras medidas de xestión da actividade da acuicultura que se recollan nesta lei ou se desenvolvan regulamentariamente.

Artigo 59 Densidade de cultivo

1. A densidade de cultivo será acorde co tipo de substrato, os organismos que cómpre cultivar, as condicións específicas do establecemento, tanto na fase de preengorde coma na de engorde, e as condicións de mercado.

A Comisión Técnica de Acuicultura establecerá para cada establecemento ou tipo de establecemento a densidade de cultivo.

2. A consellería competente en materia de acuicultura poderá establecer regulamentariamente as densidades máximas de cultivo.

Artigo 60 Dos residuos

Os residuos procedentes da labra, manipulación e eviscerado das especies de cultivo nas diferentes zonas marítima, marítimo-terrestre e nas partes litoral e interior da zona terrestre non poderán ser botados ao mar nin ás augas continentais, sen prexuízo do establecido nas condicións fixadas na correspondente autorización de verteduras.

Artigo 61 Embarcacións auxiliares nas zonas marítima e marítimo-terrestre

1. Para o acceso ás instalacións e o exercicio da actividade, tanto na zona marítima coma na marítimo-terrestre, poderanse empregar embarcacións auxiliares.
2. Para os efectos desta lei son embarcacións auxiliares de acuicultura aquelas que en todo caso están matriculadas na lista cuarta do correspondente rexistro de matrícula de buques.
3. Co fin de facilitar o exercicio e asegurar o control da actividade, a consellería competente en materia de acuicultura poderá implantar un sistema de localización e seguimento das embarcacións auxiliares de acuicultura nos supostos e condicións que se dispoña regulamentariamente.

Artigo 62 Do inicio da explotación dos establecementos de acuicultura

1. Os titulares dos establecementos de acuicultura de nova construción iniciarán a súa explotación nos seguintes prazos máximos dende a notificación do correspondente título habilitante para o exercicio da acuicultura:
 - a) Na zona marítima, seis meses
 - b) Na zona marítima terrestre, seis meses
 - c) Na zona terrestre, dous anos
2. O órgano competente en materia de acuicultura poderá prorrogar estes prazos por períodos máximos iguais aos establecidos, por causas de forza maior, sobrevida ou por causas debidamente xustificadas.

Artigo 63 Repoboación ou solta controlada

1. A consellería competente en materia de acuicultura poderá autorizar que os organismos cultivados nun establecemento de acuicultura sexan destinados, en todo ou en parte da súa produción, á repoboación ou solta controlada, sen que iso supoña modificación do permiso de actividade, de ser o caso.
2. Cando a produción dun establecemento de acuicultura teña como destino a repoboación ha de asegurarse que os organismos destinados á reprodución garantan a variabilidade xenética axeitada que evite interferencias negativas coa poboación natural e faciliten a súa integración nas poboacións naturais.
3. As repoboacións ou soltas controladas de espécimes serán realizadas polos organismos dependentes da consellería competente na materia en función da zona ou substrato onde se vaia realizar a solta, e sen prexuízo das autorizacións e permisos esixidos pola normativa sectorial vixente que sexa de aplicación.
4. Excepcionalmente, por razóns de interese público, económico ou social, a consellería competente en materia de acuicultura, logo de informe técnico da Comisión Técnica da Acuicultura, sobre as áreas, especies e métodos, poderá autorizar a entidades públicas ou privadas a realización de repoboacións ou soltas controladas, sen prexuízo das autorizacións e permisos esixidos pola normativa sectorial vixente que sexa de aplicación.
5. O regulamento que desenvolva esta lei regulará os procedementos a que se refire este artigo.

Artigo 64 Libro de Explotación Acuícola

1. Todos os establecementos de acuicultura que desenvolvan a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia estarán obrigados a posuír e cubrir debidamente o Libro de Explotación Acuícola, que será único para cada establecemento e no que se reflectirán os datos da explotación que regulamentariamente se establezan.
2. Os titulares dos establecementos manterán actualizado o libro, sendo responsables dos datos rexistrados neste.
3. O Libro de Explotación Acuícola estará dispoñible no establecemento ou no domicilio social ou particular do titular no caso de instalacións na zona marítima ou marítimo-terrestre, e poñerase a disposición das actuacións de seguimento, control e

inspección dos establecementos de acuicultura que fosen efectuadas polos distintos organismos que teñan competencia nesta materia.

4. A consellería competente en materia de acuicultura regulará a creación, xestión, características, contido e forma de cubrir o Libro de Explotación Acuícola no regulamento que desenvolva esta lei.

CAPÍTULO II. DA XESTIÓN DA ACUICULTURA NA ZONA MARÍTIMA

Artigo 65 Actividades e delimitación da zona

1. Nos establecementos de acuicultura situados na zona marítima poderanse establecer áreas para o almacenamento de semente, a regulación comercial e outras actividades relacionadas coa explotación.
2. Ao cultivo en substrato na zona marítima seralle de aplicación o réxime establecido para o cultivo na zona marítimo-terrestre.

Artigo 66 Permuta dos puntos de fondeo

1. O órgano competente en materia de acuicultura poderá, a instancia de parte, e logo de informe técnico, autorizar a permuta de puntos de fondeo dos establecementos de acuicultura situados na zona marítima.
2. O procedemento que autorice a permuta dos puntos de fondeo regularase no regulamento que desenvolva esta lei

Artigo 67 Cambio de situación dos establecementos

1. O órgano competente en materia de acuicultura poderá, a instancia de parte, e logo de informe técnico, autorizar o cambio de situación dos establecementos de acuicultura situados na zona marítima e sempre que para iso concorran causas de interese público, circunstancias produtivas ou causas de forza maior.
2. O procedemento que autorice o cambio de situación dos establecementos regularase no regulamento que desenvolva esta lei.

Artigo 68 Dos cambios de sistema

1. O órgano competente en materia de acuicultura, logo de informe técnico, se é caso, e a instancia de parte, poderá autorizar cambios de sistema nos establecementos así como determinar as zonas nas que se realicen.
2. O procedemento que autorice os cambios de sistema regularase no regulamento que desenvolva esta lei.

Artigo 69 Abastecemento de semente

1. Os titulares dos establecementos de acuicultura autorizados para o cultivo de moluscos bivalvos na zona marítima poderán abastecerse de semente procedente de criadeiros ou colectores. No caso de que o abastecemento proceda de bancos naturais requirirase de autorización previa do órgano competente.
2. Para o acceso ás actividades de recolección de mexilla poderase emitir un permiso temporal para embarcacións auxiliares de acuicultura.
3. Regulamentariamente estableceranse as condicións dos procedementos e condicións reguladas neste artigo.

Artigo 70 Chicoteo

1. Os titulares dos establecementos de acuicultura autorizados para o cultivo de moluscos bivalvos na zona marítima poderán desenvolver a técnica do chicoteo logo de autorización do órgano competente en materia de acuicultura.
2. Regulamentariamente establecerase o procedemento e condicións de aplicación da técnica do chicoteo.

CAPÍTULO III. DA XESTIÓN DA ACUICULTURA NA ZONA MARÍTIMO-TERRESTRE

Artigo 71 Actividades e delimitación da zona

1. Os establecementos de acuicultura na zona marítimo-terrestre poderán ter por obxecto algunha das seguintes actividades:
 - a) A explotación de parques de cultivo.
 - b) A explotación de parques de cultivo colectivo.

- c) O preengorde de semente e outras actividades relacionadas coa explotación da actividade principal.
 - d) Outros que regule o regulamento que desenvolva esta lei.
2. No ámbito de aplicación desta lei, na zona marítimo-terrestre enténdese excluída, para os efectos do permiso de actividade, a columna de auga libre correspondente ao substrato no que se desenvolva o cultivo.

Artigo 72 Actividades autorizables

Requirirán autorización previa e expresa da consellería competente en materia de acuicultura as actuacións relacionadas co exercicio da actividade sempre que impliquen:

- a) Emprego de maquinaria.
- b) Instalación de colectores de sementes e sistemas de preengorde.
- c) Colocación de elementos protectores fronte a depredadores.
- d) Outras que se determinen regulamentariamente.

Artigo 73 Modificación do substrato

A consellería competente en materia de acuicultura poderá autorizar a modificación do substrato do establecemento, logo de informe favorable dos organismos competentes, na forma que se determine regulamentariamente.

CAPÍTULO IV. DA XESTIÓN DA ACUICULTURA NA PARTE LITORAL E INTERIOR DA ZONA TERRESTRE

Artigo 74 Da execución e inspección das obras

1. A execución das obras dos establecementos de acuicultura e instalacións na parte litoral e interior da zona terrestre será inspeccionada, a instancia da consellería competente en materia de acuicultura, polos servizos técnicos en urbanismo ou/e ordenación territorial da consellería competente en materia de territorio, ou polo Concello que autorizase a execución das obras se non se aprobase o proxecto sectorial, co fin de comprobar que se axustan ao proxecto aprobado ou á correspondente licenza de obra outorgada, sen prexuízo das inspeccións que correspondan aos técnicos da consellería competente en materia de acuicultura ou

doutros organismos ou entidades, de acordo coa aplicación da normativa sectorial vixente aplicable á materia.

2. Finalizadas as obras, o titular do permiso de actividade solicitará ao órgano competente en materia de acuicultura o recoñecemento destas, que será practicado polos servizos técnicos das dúas consellerías nos termos que se refire o alínea anterior deste artigo, e o concello que tivese outorgado a correspondente licenza se non se aprobase o proxecto sectorial, coa presenza do titular, e levantando acta o servizo técnico correspondente da consellería con competencias en materia de acuicultura, que será asinada polo órgano competente que realizase o recoñecemento.
3. En caso de que o establecemento de acuicultura ocupase en todo ou en parte o demanio público, a execución das obras poderá ser tamén inspeccionada por parte dos técnicos do órgano competente da xestión do demanio.

Para o recoñecemento destas unha vez finalizadas, serán tamén inspeccionadas polos servizos técnicos do órgano competente na xestión do demanio nos termos previstos nas alíneas anteriores.

4. Se os servizos técnicos citados na alínea anterior observasen que as obras puidesen supoñer unha modificación non substancial do permiso, esta poderá ser autorizada polo órgano competente en materia de acuicultura de acordo co establecido nesta lei.

No caso de que as obras puidesen supoñer unha modificación substancial do permiso, o mesmo órgano poderá aplicar as causas de extinción previstas no Título V para as disposicións xerais dos títulos habilitantes.

TÍTULO IX. DA ORDENACIÓN DO SECTOR

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 75 Obxectivos

A Xunta de Galicia desenvolverá as medidas necesarias para a ordenación do sector de conformidade co réxime estatuario e cos obxectivos establecidos na normativa comunitaria no marco da Política Pesqueira Común da Unión Europea e centrarse nos seguintes obxectivos:

- a) Potenciar as estruturas asociativas do sector.
- b) Promover o desenvolvemento de empresas acuícolas viables e competitivas.
- c) Promover a mellora da calidade de vida nas zonas onde se desenvolvan actividades de acuicultura.
- d) Promover a igualdade entre homes e mulleres no desenvolvemento do sector acuicultor.
- e) Outras que se determinen regulamentariamente.

Artigo 76 Medidas de ordenación do sector.

A Xunta de Galicia, no marco da normativa básica estatal, desenvolverá a ordenación do sector acuicultor a través de:

- a) Fomento e regulación das entidades asociativas do sector.
- b) Mellora da capacitación dos profesionais do sector.
- c) Adopción de medidas de regulación da primeira venda dos produtos da acuicultura.
- d) Impulso da investigación e a innovación no sector.

CAPÍTULO II. DOS AXENTES DO SECTOR

Artigo 77 Axentes do sector

1. A consellería competente en materia de acuicultura poderá designar como interlocutor, en representación dos intereses xerais e colectivos do sector acuicultor, entre outros, os seguintes axentes do sector:
 - a) As confrarías de pescadores e as súas federacións.
 - b) As organizacións de produtores.
 - c) As cooperativas do mar.
 - d) As organizacións sindicais.
 - e) Outras entidades asociativas.
2. Regulamentariamente estableceranse as condicións e requisitos para o acceso e perda da condición de interlocutor do sector acuicultor.

Artigo 78 As organizacións de produtores

1. As organizacións de produtores son entidades constituídas por iniciativa das persoas ou entidades produtoras co fin de garantir o exercicio racional da acuicultura e a mellora das condicións de venda da súa produción.
2. Regulamentariamente estableceranse as condicións e requisitos para acceder e conservar o recoñecemento de organización de produtores, de acordo co establecido na normativa estatal e comunitaria.

Artigo 79 Cooperativas do mar

1. As cooperativas do sector do mar regularanse pola normativa sectorial vixente aplicable á materia
2. A consellería competente en materia de acuicultura terá, neste ámbito, como obxectivos, entre outros:
 - a) Impulsar o funcionamento e a participación das cooperativas do sector do mar no sector da acuicultura.
 - b) Promover a constitución de cooperativas de explotación dos recursos mariños integradas por produtores de base que faciliten a incorporación dos profesionais do mar á actividade acuicultora potenciando a complementariedade da pesca extractiva e o marisqueo coa acuicultura.
 - c) Promover a constitución de cooperativas de explotación dos recursos mariños integradas por produtores de base que se constitúan nos beneficiarios da transformación do marisqueo en acuicultura.

Artigo 80 Organizacións sindicais

Terán a consideración de axentes do sector da acuicultura as organizacións sindicais máis representativas, no ámbito pesqueiro e da acuicultura segundo a lexislación de aplicación, promovéndose a súa participación e colaboración na aplicación dos obxectivos establecidos nesta lei.

Artigo 81 Outras entidades asociativas

1. As asociacións de produtores acuícolas, as agrupacións de produtores de base e demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e vinculadas á explotación

e comercialización dos recursos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas, así como as organizacións e asociacións de pesca recreativa, terán a consideración de entidades representativas para os efectos da súa colaboración na toma de decisións que poidan afectar os intereses que representan.

2. Neste caso, a consellería competente en materia de acuicultura establecerá regulamentariamente os requisitos que deben servir para determinar os criterios de representatividade de cada unha delas.

TÍTULO X. DAS MEDIDAS DE FOMENTO DA ACTIVIDADE

Artigo 82 Dos obxectivos de fomento e desenvolvemento da acuicultura

A consellería competente en materia de acuicultura, no marco da Política Común de Pesca da Unión Europea, coa finalidade de potenciar a renovación e mellora estrutural do sector acuícola galego, perseguirá os seguintes obxectivos:

- a) Consolidar a implantación da acuicultura mediante a optimización e modernización das instalacións existentes para mellorar as condicións de traballo e hixiene, a saúde humana ou a sanidade e benestar animal, a calidade do produto, a minimización do impacto ambiental ou a integración paisaxística.
- b) Reforzar a capacidade tecnolóxica das empresas acuícolas.
- c) Promover o acceso das empresas acuícolas ás novas tecnoloxías que melloren a produtividade e o comportamento ambiental das instalacións.
- d) Potenciar o desenvolvemento tecnolóxico mediante a incorporación de tecnoloxías que contribúan a minimizar o impacto ambiental das instalacións de acuicultura no seu funcionamento.
- e) Fomentar a adecuación dos establecementos de acuicultura ás características da zona nas que se sitúen.
- f) Favorecer e potenciar a utilización das enerxías alternativas e renovables nos establecementos de acuicultura e calquera outra medida que supoña unha maior eficiencia enerxética do establecemento.

- g) Promover a mellora das condicións de comercialización dos produtos da acuicultura, especialmente favorecendo a utilización dos instrumentos de diferenciación nos mercados tales como a etiquetaxe, as denominacións de orixe e os distintivos de calidade.
- h) Potenciar as actuacións de control e erradicación de enfermidades de especies cultivadas.
- i) Apoiar a diversificación da acuicultura.

TÍTULO XI. DOS REXISTROS

Artigo 83 Rexistro de establecementos de acuicultura de Galicia

1. A Xunta de Galicia establecerá e xestionará o Rexistro de establecementos de acuicultura de Galicia no que se inscribirán os establecementos que desenvolvan a actividade e se sitúen no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. O Rexistro de establecementos de acuicultura de Galicia terá carácter público, único e constituirase nunha base de datos informatizada.
3. Regulamentariamente estableceranse as condicións relativas ao réxime de acceso, inscrición e modificación dos datos dos establecementos contidos no Rexistro de establecementos de acuicultura de Galicia.
4. O outorgamento do título que habilite o exercicio da acuicultura implicará a inscrición de oficio do correspondente establecemento no rexistro.
5. O titular do establecemento deberá comunicar á autoridade competente para a xestión do rexistro as variacións no título habilitante a que se refire o apartado 1 do artigo 41 da desta Lei.

Esta comunicación deberá realizarse no prazo máximo de un mes dende que se produzan os devanditos cambios.

6. O sistema de xestión do Rexistro de establecementos de acuicultura de Galicia permitirá que as altas, baixas e modificacións que nel se realicen, de ser o caso, sexan actualizadas de xeito inmediato no Rexistro xeral de actividades gandeiras.

Artigo 84 Rexistro de establecementos auxiliares de acuicultura de Galicia

1. A Xunta de Galicia creará e xestionará o Rexistro de establecementos auxiliares de acuicultura de Galicia no que se inscribirán os establecementos que desenvolvan actividades auxiliares de acuicultura e se sitúen no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. O Rexistro de establecementos auxiliares de acuicultura de Galicia terá carácter público, único e constituirase nunha base de datos informatizada.
3. O responsable do establecemento auxiliar deberá comunicar á autoridade competente para a xestión do rexistro as novas inscricións ou os cambios que se produzan neste, comunicación que deberá realizarse no prazo máximo dun mes dende que os devanditos cambios se produzan.
4. O funcionamento do Rexistro de establecementos auxiliares de acuicultura de Galicia determinarase regulamentariamente.

TÍTULO XII. A INSPECCIÓN, O CONTROL E AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN

CAPÍTULO I. DA INSPECCIÓN E O CONTROL

Artigo 85 Obxectivos

A inspección e o control da actividade da acuicultura terán entre outros os seguintes obxectivos:

- a) Garantir o cumprimento da lexislación vixente na materia.
- b) Garantir a trazabilidade dos produtos da acuicultura.
- c) Asegurar a compatibilidade entre o óptimo e racional aproveitamento do potencial produtivo da acuicultura e a protección e conservación dos recursos pesqueiros e ecosistemas acuáticos.
- d) Vixiar e inspeccionar as actividades da acuicultura.
- e) Exercer o debido control sobre o movemento de exemplares entre establecementos, os procesos patolóxicos que puidesen acontecer así como outras actividades susceptibles de afectar o medio ou os propios cultivos.

Artigo 86 Inspección e control de establecementos

1. Corresponde á consellería competente en materia de acuicultura, entre outras, a inspección dos establecementos no relativo ás súas instalacións, produción, control sanitario e hixiene, así como ás condicións recollidas na resolución de outorgamento do título habilitante.
2. Competen á mesma consellería ademais as tarefas de seguimento e vixilancia do cumprimento das declaracións ambientais e/ou do Plan de vixilancia ambiental ou das condicións de autorización da vertedura, de ser o caso, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos por razón de materia.
3. Os titulares dos permisos de actividade permitirán aos técnicos e inspectores o libre acceso ás instalacións, facilitando a estes os datos que lles sexan requiridos sobre os aspectos ambientais, hixiénico sanitarios, produtivos e de funcionamento do establecemento.

Artigo 87 Control sanitario, de benestar animal e da produción

1. Os establecementos de acuicultura, así como os produtos con orixe nestes, rexeranse con carácter xeral polo disposto na normativa vixente en materia de saúde pública e benestar e sanidade animal. Os titulares dos establecementos facilitarán á consellería competente en materia de acuicultura tanta información sexa necesaria para un axeitado control sanitario das especies cultivadas.
2. Os titulares dos permisos de actividade remitirán así mesmo á consellería competente en materia de acuicultura os datos de produción e comercialización do establecemento, así como todos aqueles que se indiquen nas disposicións de desenvolvemento desta lei.

Artigo 88 Movemento, transporte e inmersión de produtos da acuicultura

1. Os movementos dos animais e dos produtos da acuicultura entre establecementos de produción e dende estes cara ás zonas de repoboación ou solta controlada, ou instalacións de exhibición pública situados ambos os dous no ámbito territorial de aplicación desta lei, rexeranse polas seguintes condicións:

- a) Serán autorizados polo órgano competente en materia de acuicultura de forma que se garanta o control da identificación do lugar de orixe e de destino.
 - b) Deberán estar amparados por un documento de movemento debidamente cuberto que acompañará os organismos ata a finalización do movemento na explotación de destino.
 - c) Precisarán da emisión dun certificado sanitario de orixe emitida por un veterinario autorizado ou habilitado para o efecto polos órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia, salvo as excepcións que regulamentariamente se establezan sobre o devandito certificado co obxecto de que este poida ser substituído por outro sistema que presente as mesmas garantías.
2. O contido, modelos e condicións dos documentos sinalados anteriormente estableceranse regulamentariamente.
3. O transporte de organismos procedentes da acuicultura deberá realizarse en vehículos ou embarcacións debidamente autorizados para esta actividade de acordo cos requirimentos establecidos regulamentariamente no desenvolvemento desta lei e normativa sectorial vixente aplicable ao transporte de organismos vivos.
4. A inmersión de especies de organismos acuáticos en calquera estado do seu ciclo biolóxico nas augas ou establecementos de acuicultura situados no territorio competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, requirirá da autorización previa da consellería competente en materia de acuicultura cando procedan de:
- a) Establecementos de acuicultura situados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - b) Zonas de produción natural ou bancos naturais situados na Comunidade Autónoma de Galicia ou fóra do seu ámbito territorial.

Se solicitada a autorización a consellería competente en materia de acuicultura non ditase resolución expresa nun prazo máximo de un meses dende a presentación da solicitude, entenderase desestimada por silencio administrativo.

A autorización concederase logo de acreditación da documentación sanitaria e/ou doutra natureza que sexa esixible pola lexislación vixente, así como da que

reglamentariamente se estableza, todo iso sen prexuízo da competencia estatal en materia de comercio exterior.

O órgano competente poderá denegar a autorización se as especies obxecto de introdución e/ou inmersión puidesen producir alteracións na flora e/ou fauna do ecosistema, ou puidesen derivarse riscos para a saúde ou para os recursos pesqueiros e/ou acuícolas.

Artigo 89 A suspensión da actividade

1. O titular do correspondente título habilitante que suspenda a actividade do establecemento comunicará de forma motivada a suspensión á consellería competente en materia de acuicultura nun prazo máximo de un mes dende a data da suspensión.
2. A suspensión da actividade non poderá exceder do prazo máximo de dezaoto meses. Dende o remate deste prazo o titular do permiso da actividade non poderá establecer unha nova suspensión ata que transcorra un prazo mínimo de vinte e catro meses.
3. A comunicación da suspensión da actividade paraliza o cómputo do prazo a que se refire a letra m) do artigo 42.
4. Non será de aplicación a suspensión da actividade nos permisos de actividade experimentais.
5. A consellería competente en materia de acuicultura poderá suspender a actividade de oficio por causas de forza maior, interese público ou saúde pública.

A suspensión de oficio terá os mesmos efectos que os recoñecidos na alínea terceira deste artigo.

CAPÍTULO II. DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN

Artigo 90 Condicións xerais

1. Co obxectivo de garantir a sostibilidade produtiva, ambiental e sanitaria dos establecementos de acuicultura, a consellería competente en materia de acuicultura poderá acordar a adopción de medidas encamiñadas á prevención dos posibles efectos prexudiciais que a devandita actividade puidese ocasionar.

2. As medidas de prevención ambiental e sanitaria poderán ser establecidas tanto por vía regulamentaria coma no contido do título habilitante.

Artigo 91 Medidas específicas de prevención ambiental

As medidas específicas de prevención ambiental poderán consistir, entre outras, nas seguintes:

- a) O establecemento dun programa de vixilancia e seguimento ambiental para garantir durante a vida da explotación o cumprimento da lexislación vixente de aplicación en materia ambiental, así como as medidas protectoras e correctoras correspondentes.
- b) A implantación de períodos de descanso programado da actividade de cultivo nos establecementos.
- c) Aqueloutras que se establezan regulamentariamente.

Artigo 92 Medidas específicas de prevención sanitaria

As medidas específicas de prevención sanitaria poderán consistir, entre outras, nas seguintes:

- a) Aplicación de guías de boas prácticas en materia de hixiene co fin de evitar a introdución e propagación de enfermidades.
- b) Aplicación dun sistema de vixilancia zoonosanitaria, que será realizado por agrupacións de defensa sanitaria.
- c) Creación de estacións de corentena co fin de reducir o risco de transmisión de enfermidades.
- d) Establecemento de distancias mínimas entre explotacións, así como respecto doutras actividades concorrentes e zonas de especial protección.
- e) Asignación de densidades máximas de cultivo por especie ou grupos de especies.
- f) Mecanismos de rotación dos cultivos e descansos programados.
- g) Aqueloutras que se establezan regulamentariamente.

Artigo 93 Plans de acción

1. Os establecementos de acuicultura que se determinen regulamentariamente dispoñerán dun plan de acción coas medidas que cómpre desenvolver no caso de que acontezan circunstancias susceptibles de constituír risco ou dano ambiental ou sanitario.
2. O plan de acción deberá considerar como mínimo os supostos de:
 - a) Escapes e/ou desprendementos.
 - b) Mortaldades dos organismos en cultivo.
 - c) Perdas accidentais de alimentos e/ou outros materiais.
 - d) Aqueloutras que se establezan regulamentariamente.

Artigo 94 Órganos en materia de prevención

1. Poderanse crear órganos colexiados de asesoramento, control, proposta e seguimento dos asuntos de prevención da acuicultura participados polo sector e a Administración.
2. Os informes emitidos por estes organismos terán carácter vinculante para todos os integrantes do sector da acuicultura do ámbito de actuación deste.
3. Regulamentariamente desenvolverase o seu ámbito, composición, atribucións e o seu réxime de funcionamento.

TÍTULO XIII. DA INVESTIGACIÓN E FORMACIÓN

CAPÍTULO I. DA INVESTIGACIÓN E O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

Artigo 95 Fomento da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico

1. Fomentarase a investigación, o desenvolvemento e a innovación na acuicultura para a mellora continua do sector, orientada a propiciar a súa sostibilidade económica e o óptimo aproveitamento das súas potencialidades, compatibilizando a explotación sostible dos recursos co respecto ao medio e a conservación da biodiversidade.

2. A Xunta de Galicia favorecerá o establecemento de relacións de cooperación e colaboración con outros órganos ou institucións tanto públicas coma privadas dedicadas á investigación, no ámbito das súas respectivas competencias, co fin de reforzar e complementar os recursos dispoñibles para o logro de obxectivos comúns nas materias obxecto desta lei.
3. A Xunta de Galicia impulsará a creación de centros ou institucións que melloren o uso dos medios dispoñibles para unha maior competitividade do sector, nos termos que se desenvolvan regulamentariamente.

Artigo 96 Obxectivos

A investigación e innovación na actividade da acuicultura, sen prexuízo da planificación sectorial sobre ciencia e tecnoloxía no ámbito das materias reguladas nesta lei, terán como obxectivos esenciais, entre outros:

- a) O coñecemento das condicións do medio acuático e das súas relacións cos recursos vivos.
- b) O coñecemento da bioloxía das especies acuáticas susceptibles de aproveitamento en acuicultura e a busca de novos recursos acuícolas de interese susceptibles de aproveitamento.
- c) O desenvolvemento de novos coñecementos e ferramentas nos campos da alimentación, a xenética e os procesos patolóxicos.
- d) A adquisición dos coñecementos necesarios para orientar as distintas actuacións da Administración en relación cos recursos acuícolas.
- e) O desenvolvemento tecnolóxico da acuicultura.
- f) A mellora da eficiencia enerxética dos establecementos.
- g) O desenvolvemento de sistemas de optimización do uso da auga.
- h) A modernización das estruturas e industrias acuícolas con especial incidencia no deseño e automatización das instalacións.
- i) A análise permanente dos impactos ambientais xerados pola actividade mantendo os niveis de sostibilidade ambiental e económica nun escenario de crecemento sostido das explotacións acuícolas.

- j) A mitigación ou eliminación das biotoxinas mariñas e os seus efectos.
- k) A avaliación da trazabilidade e seguridade alimentaria.
- l) Outros que se desenvolvan regulamentariamente.

Artigo 97 Planificación e programación

1. Promoveranse accións conxuntas con outras administracións ou entidades públicas ou privadas para a instrumentación, desenvolvemento e execución de programas de investigación da acuicultura.
2. As entidades representativas do sector da acuicultura poderán intervir na planificación, programación e determinación dos obxectivos nos termos que se desenvolvan regulamentariamente.
3. Co obxecto de fomentar a investigación desenvolverase un Plan Estratéxico I+D+i da acuicultura no marco da Estratexia Galega da Acuicultura.

Artigo 98 Colaboración do sector

As organizacións profesionais da acuicultura, e en xeral os axentes do sector, prestarán a súa colaboración para o cumprimento dos obxectivos da investigación, facilitando as actuacións correspondentes.

CAPÍTULO II. DA FORMACIÓN

Artigo 99 Obxectivos

A formación na actividade da acuicultura terá como obxectivos esenciais, entre outros:

- a) Fomentar a formación e o desenvolvemento de coñecementos e habilidades técnicas que coadxuven o progreso da actividade na forma que regulamentariamente se determine establecendo actuacións de apoio á incorporación dos titulados en acuicultura ás empresas do sector.
- b) Coordinar a colaboración de institucións públicas e privadas que centren os seus traballos, entre outros, no estudo e investigación da produción acuícola e nos plans de estudo de materias relacionadas cos cultivos acuáticos.

- c) Fomentar a adaptación dos plans de estudo ás novas necesidades e tendencias do mercado laboral como postulado de mellora da calidade de emprego no ámbito da acuicultura.

TÍTULO XIV. COMERCIALIZACIÓN, TRANSFORMACIÓN E PROMOCIÓN

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 100 Obxectivos

No ámbito da comercialización, a transformación e a promoción dos produtos da acuicultura, a consellería competente en materia de acuicultura fomentará:

- a) A mellora das canles de comercialización e distribución.
- b) A adopción de medidas destinadas a conseguir unha mellora das condicións hixiénicas e de saúde pública dos produtos.
- c) A adopción de medidas tendentes a promover o exercicio dunha actividade comercializadora e transformadora respectuosa co medio.
- d) A comercialización de novos produtos, a aplicación de novas tecnoloxías ou o desenvolvemento de métodos innovadores para a transformación de produtos da acuicultura destinados á comercialización.
- e) A transparencia do mercado e a información aos consumidores.
- f) A participación activa dos produtores de base nas canles de comercialización.
- g) As políticas de promoción que permitan o coñecemento dos produtos da acuicultura por parte dos consumidores.
- h) A diversificación dos produtos e o aproveitamento dos subprodutos e dos recursos excedentarios infrautilizados.
- i) A posta en valor dos produtos acuícolas.
- j) O desenvolvemento da capacitación profesional nos ámbitos da comercialización e transformación.

- k) Outros obxectivos que se determinen no regulamento que desenvolva esta lei.

CAPÍTULO II. A COMERCIALIZACIÓN

Artigo 101 Destinos da comercialización

A comercialización dos produtos da acuicultura poderá destinarse a:

- a) Consumo humano ou animal.
- b) Fins ornamentais ou de exposición pública.
- c) Subministrar individuos nas súas diferentes fases de cultivo con destino a outras instalacións ou á repoboación ou solta controlada.
- d) Obter subprodutos ou principios activos de uso industrial.
- e) Outros que se determinen regulamentariamente.

Artigo 102 Comercialización

1. Enténdese por comercialización en orixe dos produtos da acuicultura transformados ou non, o proceso que comprende todas ou algunha das seguintes actividades:
 - a) O traslado dende o establecemento acuícola a un centro autorizado para a primeira venda, a unha lonxa ou ao primeiro comprador.
 - b) A primeira venda nun centro autorizado de produtos acuícolas para a primeira venda ou nunha lonxa.
 - c) A comercialización nos establecementos de produción destes, sempre que cumpran coas condicións que regulamentariamente se determinen.
2. Enténdese por comercialización en destino o proceso seguido polos produtos da acuicultura dende que se realizou a súa primeira venda ata o seu consumo ou uso final, que comprende todas ou algunha das seguintes actividades:
 - a) O transporte e a distribución.
 - b) O almacenamento, a manipulación, a transformación e o envasado.
 - c) A exposición e a venda en mercados e en establecementos autorizados, incluída a que se realiza nos establecementos de restauración.

3. Enténdese por comercialización técnica o proceso seguido polos produtos da acuicultura con destino a continuar as fases de cultivo noutros establecementos ou para o repoboación ou solta controlada no medio natural que comprende todas ou algunha das seguintes actividades:
 - a) O transporte e a distribución.
 - b) O almacenamento e a manipulación.
 - c) A inmersión e/ou a solta no medio natural.
4. Enténdese por comercialización con fins ornamentais a destinada ao estabulado, o aviveirado ou mantemento doméstico dos exemplares de animais ou plantas acuáticas ou á súa exhibición pública en establecementos debidamente autorizados.
5. Regulamentariamente poderanse establecer outras formas de comercialización así como o desenvolvemento daquelas previstas neste artigo.

Artigo 103 Autorizacións de comercialización

A consellería competente en materia de acuicultura outorgará a correspondente autorización de primeira venda aos titulares dos establecementos habilitados para a comercialización en orixe dos produtos da acuicultura de acordo con esta lei, a normativa sectorial vixente e nas condicións e forma que se determine regulamentariamente.

Artigo 104 Trazabilidade

1. Co fin de realizar o control e manter a trazabilidade, os produtos da acuicultura dispoñeranse en lotes e estes deberán estar documentalente identificados durante a súa descarga, transporte e comercialización, tanto en orixe coma en destino, e deberán cumprir a normativa vixente en materia de comercialización de acordo co establecido na normativa sectorial vixente aplicable á materia e o que se determine no regulamento que desenvolva esta lei.
2. A trazabilidade acreditarase, con carácter preferente, de modo telemático.

Artigo 105 Transporte anterior á primeira venda

Os produtos da acuicultura que vaian ser obxecto da súa primeira venda nun lugar distinto ao que foron producidos deberán ir acompañados, dende a súa saída ata que se

produza esa primeira venda, da documentación que se estableza regulamentariamente e que garantirá a súa trazabilidade.

Artigo 106 Comunicación de datos

1. A información referida aos datos da primeira venda deberá comunicarse á consellería competente en materia de acuicultura, nos termos que regulamentariamente se estableza.
2. Os titulares dos establecementos autorizados para a comercialización en orixe dos produtos da acuicultura serán os responsables de comunicar os datos a que se refire a alínea primeira deste artigo.

Artigo 107 Etiquetaxe e información ao consumidor

1. Os produtos regulados no ámbito desta lei deberán ser etiquetados conforme a normativa sectorial vixente aplicable á materia.

No seu caso a etiquetaxe deberá acompañar os produtos nas diversas fases de comercialización, dende a primeira venda ata o consumidor final, incluído o transporte.

2. Serán responsables de etiquetar os produtos da acuicultura:
 - a) Para os moluscos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos, os centros de expedición.
 - b) Para o resto dos produtos da acuicultura, e que se destinen directamente aos consumidores, o establecemento autorizado.
3. Os produtos procedentes de países non comunitarios, sometidos ás normas comúns de comercialización, presentaranse en embalaxes coas indicacións claramente visibles e perfectamente lexibles que establece a normativa comunitaria en canto ao país de orixe e ás normas establecidas para a etiquetaxe destes produtos.

Artigo 108 Prohibicións

1. O órgano competente en materia de acuicultura poderá prohibir a venda ou traslado de individuos non comerciais daquelas especies de acuicultura nas que a subministración de fases xuvenís proveña, en todo ou en parte, da captación natural ou da recollida no medio.

En todo caso queda prohibida a venda ou traslado de cría de mexillón e de mexillón de dobre, agás para a súa instalación en bateas situadas en augas competencia de Galicia.

2. No territorio de Galicia non se permitirá ningunha fase do proceso de comercialización, transformación, conservación ou elaboración de produtos acuícolas procedentes de países non comunitarios cando non conste documentalmente que fosen introducidos por un posto de inspección fronteiriza autorizado ou un porto designado no que fosen sometidos aos controis de acordo co establecido na normativa sectorial vixente aplicable á materia.

CAPÍTULO III. A TRANSFORMACIÓN

Artigo 109 Transformación

1. Enténdese por transformación dos produtos da acuicultura o conxunto de operacións que alteran substancialmente o produto inicial comprendendo, entre outros, o tratamento térmico, o afumado, o curado, a maduración, o secado, a extracción, a extrusión ou unha combinación destes procedementos co fin de preparalos para a súa comercialización.
2. A transformación dos produtos da acuicultura comprende as operacións de preparación, tratamento e conservación.

Artigo 110 As empresas de transformación

Considéranse empresas de transformación dos produtos da acuicultura aquelas que no seu proceso de comercialización manipulen, conserven ou transformen estes produtos para o consumo humano ou animal, tendo como compoñente maioritario a materia prima procedente dos recursos vivos citados.

Artigo 111 Tipos de establecementos de transformación

Considéranse como establecementos de transformación dos produtos da acuicultura, como mínimo, os seguintes:

- a) Os destinados ao descabezado, eviscerado, esfolado, torado, salgado, secado, afumado, así como o escabechado, cocción e enlatado ou outras formas de envasado e preparación dos produtos.

- b) Os destinados á embalaxe e presentación dos produtos.
- c) Os destinados ao almacenamento e distribución dos produtos.
- d) Os que se dediquen á mellora da calidade e hixiene das condicións de produción ou manipulación.
- e) En xeral, todos os establecementos e/ou locais cos equipos necesarios para a manipulación, transformación, conservación e almacenamento dos produtos da acuicultura, dende o inicio da súa produción e primeira venda ata a fase do produto final.
- f) Outros que se determinen regulamentariamente.

CAPÍTULO IV. A PROMOCIÓN

Artigo 112 Obxectivos

1. A promoción ten como obxectivo a posta en valor dos produtos da acuicultura cara ao consumo ou uso final.
2. As accións de promoción dos produtos da acuicultura desenvolvidas pola Xunta de Galicia estarán dirixidas preferentemente a:
 - a) Contribuír ao equilibrio entre a oferta e a demanda.
 - b) Divulgar o coñecemento das producións autóctonas.
 - c) Impulsar o desenvolvemento dos distintivos de calidade e orixe.
 - d) Favorecer a transparencia do mercado.
 - e) Contribuír a unha axeitada información ao consumidor.
 - f) A proxección local, nacional e internacional dos produtos da acuicultura galega.

TÍTULO XV. DO RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 113 Potestade sancionadora

A potestade sancionadora en materia de acuicultura corresponderá á consellería competente nesa materia, que a exercerá conforme esta lei e o disposto na Lei do procedemento administrativo común e demais disposicións que sexan de aplicación.

Artigo 114 Responsabilidade e solidariedade

1. Serán responsables das infraccións administrativas tipificadas nesta lei as persoas físicas e xurídicas que as cometan, xa sexa por acción ou omisión, aínda cando estean integradas en asociacións temporais de empresas; así como as sociedades civís, agrupacións e comunidades de bens de acordo co disposto nesta normativa.
2. Cando non sexa posible determinar o grao de participación das distintas persoas que interviñesen na comisión dunha infracción, a responsabilidade será solidaria, sen prexuízo do dereito que ten para reclamar na vía privada fronte aos demais participantes por parte daquel ou daqueles que fixesen fronte ás responsabilidades
3. Serán responsables solidarios polo incumprimento das obrigas impostas pola lei que impliquen o deber de previr a infracción administrativa cometida por outros as persoas físicas e xurídicas sobre as que tal deber de prevención recaía e, en particular, as seguintes:
 - a) As persoas titulares de establecementos de acuicultura.
 - b) As persoas titulares de empresas de transporte de produtos da acuicultura, no caso de infraccións cometidas no transporte de produtos da acuicultura.
 - c) Os titulares dos establecementos auxiliares de acuicultura no caso de infraccións cometidas na tenza e compravenda de produtos da acuicultura.
 - d) As persoas titulares de empresas ou establecementos de hostalaría no caso de infraccións cometidas no consumo humano de produtos da acuicultura.
 - e) As persoas titulares de empresas comercializadoras ou transformadoras de produtos da acuicultura, no caso de infraccións cometidas na comercialización ou transformación dos produtos da acuicultura.
 - f) As persoas titulares de buques, armadores, os capitáns e os patróns no caso da comisión de infraccións no desenvolvemento de actividades de acuicultura.

- g) As entidades asociativas do sector en cuxo caso serán responsables os membros dos órganos de goberno.
 - h) As persoas titulares de entidades xestoras das lonxas pesqueiras, dos centros de venda e/ou das vendedurías respecto da identificación das especies así como da exposición e venda de produtos da acuicultura.
 - i) No caso de infraccións cometidas en materia de verteduras ao mar, as persoas titulares dos buques e, se for o caso, das empresas, establecementos e industrias que efectuasen as verteduras contaminantes.
 - j) As persoas titulares das empresas construtoras e, se fose o caso, as administracións públicas promotoras delas no caso de obras de construción que produzan no seu proxecto e execución efectos lesivos a establecementos de acuicultura.
4. Das infraccións cometidas polos menores de idade non emancipados serán responsables os seus pais ou persoas titoras.

Artigo 115 Extinción da responsabilidade

A responsabilidade derivada da comisión de infraccións nesta lei extinguirase:

- a) Polo falecemento da persoa física sancionada.
- b) Polo pagamento ou cumprimento da sanción.
- c) Por prescrición da infracción.
- d) Por prescrición da sanción.

Artigo 116 Concorrencia de responsabilidade e a acumulación

1. As sancións que se impoñan a distintos suxeitos a consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente, agás nos supostos de responsabilidade solidaria regulados nesta lei.
2. Cando unha infracción derive necesariamente da comisión doutra ou doutras, impoñerase unicamente a sanción correspondente á infracción máis grave cometida.
3. O órgano competente poderá aprazar a resolución do procedemento se se acredita que se está a seguir un procedemento polos mesmos feitos e infraccións distintas perante dos órganos comunitarios europeos. A suspensión levantarase cando aqueles

diten resolución firme. Se os órganos comunitarios impoñen sanción, o órgano competente para resolver deberá telo en conta para os efectos de graduar a que, se fose o caso, deba impoñer, podendo compensala, sen prexuízo de declarar a comisión da infracción.

Artigo 117 Concorrenza de actuacións coa orde xurisdiccional penal

1. Nos supostos en que a conduta infractora puidese ser constitutiva de ilícito penal, o instrutor do procedemento ou o órgano competente para resolver poñerá en coñecemento do órgano xurisdiccional competente, dándolle traslado da denuncia e das demais actuacións practicadas e solicitándolle comunicación sobre as actuacións practicadas.
2. Solicitarán, así mesmo, a devandita comunicación cando se teña coñecemento de que se está a tramitar un procedemento penal sobre os mesmos feitos que son obxecto dun procedemento administrativo.
3. Se se considera que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que puidese corresponder, o órgano competente para resolver acordará a súa suspensión ata que a consellería competente en materia de acuicultura teña coñecemento da resolución xudicial penal que recaia.
4. Durante o tempo en que o procedemento sancionador estea en suspenso pola incoación dun procedemento penal, entenderase interrompido tanto o prazo de prescrición da infracción coma o de caducidade do procedemento.
5. Unha vez que o órgano competente para resolver teña coñecemento da resolución xudicial penal acordará a non existencia de responsabilidade ou ben proseguirase coa tramitación do procedemento sancionador ata a súa resolución.
6. A pena imposta pola autoridade xudicial excluírá a imposición de sanción administrativa.
7. De non estimarse a existencia de ilícito penal, a Administración iniciará ou continuará o expediente sancionador con base nos feitos que os tribunais considerasen probados.

Artigo 118 Desenvolvemento regulamentario

As disposicións regulamentarias de desenvolvemento poderán introducir especificacións ou gradacións ao cadro das infraccións ou sancións establecidas legalmente que, sen constituír novas infraccións ou sancións nin alterar a natureza ou límites das que a lei contempla, contribúan á máis correcta identificación das condutas ou á máis precisa determinación das sancións correspondentes.

CAPÍTULO II. DAS INFRACCIÓNS

Artigo 119 Infraccións administrativas

1. Terán o carácter de infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan esta lei.
2. As infraccións administrativas clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 120 Infraccións leves

1. Constitúen infraccións leves os incumprimentos das obrigas recollidas nesta lei cando non constituían infraccións graves ou moi graves.
2. En particular, constitúen infraccións leves:
 - a) A falta de respecto ás autoridades de vixilancia ou inspección durante o exercicio das súas funcións.
 - b) A falta de colaboración coas autoridades de vixilancia e inspección sen xustificación.
 - c) A falta de colaboración das entidades representativas do sector coa Administración competente en materia de acuicultura no cumprimento dos requirimentos de documentación, prazos e trámites que cómpre realizar, cando se estea obrigado a prestar colaboración segundo a lexislación vixente.
 - d) O mantemento, en condicións distintas das esixidas, dos elementos identificativos dos establecementos de acuicultura.
 - e) O non envío dos informes ambientais e de seguimento establecidos na resolución de outorgamento do correspondente título habilitante.

- f) O incumprimento das preceptivas obrigas de información ás administracións públicas ou a súa comunicación incumprindo os prazos ou condicións destas, cando non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.
- g) Cargar en calquera medio de transporte produtos de acuicultura fóra dos lugares ou portos autorizados para o efecto.
- h) O incumprimento dos prazos de entrega dos documentos empregados para o control da trazabilidade.
- i) A non comunicación, ou a comunicación fóra do prazo establecido para iso, á autoridade competente para a xestión do Rexistro de establecementos de acuicultura de Galicia, das variacións no título habilitante enumeradas no apartado 1 do artigo 4 da presente Lei.
- j) A non comunicación , ou a non comunicación en prazo, do responsable do establecemento auxiliar á autoridade competente para a xestión do Rexistro de establecementos auxiliares de acuicultura de Galicia, das novas inscricións ou os cambios que se producise neste.
- k) A constitución de hipotecas, gravames ou cargas sobre os títulos administrativos habilitantes sen comunicación e/ou autorización da consellería.
- l) O emprego de maquinaria, a instalación de colectores de semente e sistemas de preengorde desmontables e a colocación de elementos protectores fronte a depredadores na zona marítimo-terrestre sen autorización da consellería.
- m) A non comunicación en prazo dos cambios dos datos que deben figurar no Rexistro de establecementos de acuicultura e no Rexistro de establecementos auxiliares de acuicultura.
- n) A non remisión en prazo á consellería competente dos datos de produción e comercialización dos establecementos.
- o) A incorrecta, errónea ou deficiente transmisión dos datos de primeira venda dos produtos da acuicultura.

Artigo 121 Infraccións graves

Para os efectos desta lei, considéranse infraccións graves:

- a) A obstrución dos labores de inspección.
- b) A reincidencia na mesma infracción leve nos dous últimos anos. O prazo comezará a contarse dende que a resolución adquirise firmeza en vía administrativa.
- c) O impedimento, por parte de quen ostente a titularidade de establecementos de acuicultura, da obtención de mostras dirixidas á inspección e control da actividade.
- d) O incumprimento das normas de produción nos establecementos de acuicultura.
- e) A alteración das características dos establecementos de acuicultura sen as autorizacións correspondentes ou incumprindo as condicións establecidas nos permisos de actividade correspondentes.
- f) A explotación dun establecemento de acuicultura sen dispoñer do seguro ou aval de acordo co disposto nesta lei ou no regulamento que a desenvolva.
- g) O incumprimento das normas que regulan a comunicación administrativa así como as condicións establecidas na devandita autorización para o traslado de especies acuícolas entre establecementos de produción.
- h) O incumprimento da autorización administrativa para a inmersión de especies acuícolas entre establecementos de produción.
- i) O incumprimento da autorización para a extracción de semente de mexillón.
- j) A introdución en establecementos de acuicultura de especies ou individuos capturados no medio natural, sen cumprir os requisitos que regulamentariamente se determinen.
- k) Toda omisión ou falseamento de datos sobre a produción ou venda de produtos obtidos na actividade da acuicultura, cando sexa obrigada a súa presentación perante o organismo competente.
- l) A realización de operacións de construción ou modernización de buques auxiliares de acuicultura incumprindo as preceptivas autorizacións administrativas.

- m) O transporte de produtos procedentes da acuicultura sen a correspondente documentación esixida na normativa vixente.
- n) A tenza, consignación, almacenamento, transporte, tránsito, transformación, exposición e primeira venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos da acuicultura non autorizados.
- o) A tenza, consignación, almacenamento, transporte, tránsito, transformación, exposición e primeira venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos de talla ou peso antirreglamentario, salvo aqueles destinados á comercialización técnica.
- p) O incumprimento do programa de vixilancia ambiental e demais medidas de carácter ambiental e de seguimento establecidos na resolución de outorgamento do correspondente título habilitante.
- q) O incumprimento da obriga de expedición dos documentos que identifiquen os produtos da acuicultura en calquera das fases da comercialización ou produción.
- r) Aquelas actuacións que impidan a identificación da embarcación cando dificulte o exercicio da actividade inspectora.
- s) Distorsionar, alterar ou omitir o funcionamento dos sistemas de localización e seguimento das embarcacións auxiliares.
- t) A introdución, nos circuitos comerciais, de produtos acuícolas que incumpran as normas de etiquetaxe, presentación ou publicidade nas diversas fases de comercialización, incluídos o transporte e distribución ata o consumidor final.
- u) O incremento da capacidade autorizada para o cultivo por exceso de densidade de cultivo, de cordas ou de lonxitude destas.
- v) O incumprimento do establecido no correspondente título administrativo que habilita para a explotación de establecementos de acuicultura diferente do tipificado noutras letras deste artigo.
- w) O incumprimento das normas que regulan a autorización administrativa así como as condicións establecidas na citada autorización para cambio de sistema dos establecementos de acuicultura na zona marítima.

- x) A non comunicación á consellería competente, no prazo que regulamentariamente se determine, de mortalidades anómalas.
- y) A alteración ou o falseamento dos datos do documento de rexistro.
- z) O incumprimento das medidas de carácter provisional consideradas no artigo 135 desta lei.
- aa) A realización de actividades de compravenda de produtos da acuicultura que dificulten, impidan ou evadan o seguimento da súa trazabilidade.
- bb) A identificación incorrecta nas caixas ou nas embalaxes que conteñan produtos da acuicultura para a súa comercialización.
- cc) A realización de actividades de compravenda de produtos acuícolas en lugar ou forma non autorizados na normativa aplicable ou con incumprimento dos requisitos esixidos.
- dd) A non expedición da factura, albará ou calquera outro documento mercantil acreditativo da transacción comercial, a inclusión de datos falsos nela ou a non especificación esixida na normativa aplicable.
- ee) A transmisión intervivos ou mortis causa dos títulos habilitantes para o exercicio da acuicultura sen a correspondente autorización do órgano competente na materia.
- ff) A non comunicación de calquera cambio na titularidade dos títulos administrativos habilitantes.
- gg) A falta de notificación previa de celebración de contratos que implique a participación dun terceiro na explotación dun establecemento de acuicultura.
- hh) O incumprimento das normas de xestión e funcionamento establecidas para o polígono no que se sitúe o establecemento.
- ii) Non instalar ou manter operativos os dispositivos de sinalización e axuda á navegación marítima.
- jj) A realización de actividades de compravenda, sen autorización, dos produtos de acuicultura obtidos no desenvolvemento de proxectos experimentais.

- kk) A realización de actividades de compravenda, sen autorización, dos produtos de acuicultura obtidos no desenvolvemento de proxectos de docencia, investigación técnica e/ou científica.
- ll) A realización de proxectos de docencia, investigación técnica e/ou científica, nas zonas marítima, marítimo-terrestre ou terrestre, sobre produtos de acuicultura sen contar co oportuno permiso de actividade.
- mm) O traslado de moluscos bivalvos ás zonas de reinstalación sen a correspondente autorización administrativa.
- nn) A modificación do substrato na zona marítimo-terrestre sen autorización da consellería.
- oo) A omisión, falseamento dos datos ou a incorrecta, errónea ou deficiente anotación dos datos novos ou dos xa inscritos no contido do Libro de Explotación Acuícola.
- pp) O movemento de individuos entre establecementos de produción e entre estes cara a zonas de repoboación ou instalacións de exhibición pública sen comunicación á consellería e/ou sen autorización e/ou documento de movemento expedido pola consellería.
- qq) O incumprimento dos períodos de descanso programado da actividade de cultivo nos establecementos.
- rr) O incumprimento das medidas específicas de prevención sanitaria.
- ss) A omisión e/ou falseamento dos datos de primeira venda dos produtos da acuicultura.
- tt) A venda ou traslado de individuos non comerciais daquelas especies de acuicultura nas que a subministración de fases xuvenís proveña en todo ou en parte da captación natural ou da recollida no medio en establecementos non situados en augas de competencia de Galicia sen a autorización correspondente.
- uu) A venda ou traslado da cría de mexillón e de mexillón de desdobre para a instalación en bateas non situadas en augas de competencia de Galicia.

- vv) A limpeza de redes e demais medios ou dispositivos fóra dos lugares autorizados para iso e sen suxeición ás condicións autorizadas.
- ww) A tenza e/ou explotación no establecemento de especies non autorizadas no correspondente título habilitante.

Artigo 122 **Infraccións moi graves**

Para os efectos desta lei, considéranse infraccións moi graves:

- a) A resistencia ou desobediencia grave ás autoridades de vixilancia ou inspección impedindo o exercicio desta, así como a violencia exercida sobre os axentes no cumprimento das súas funcións.
- b) A reincidencia na mesma infracción grave nos dous últimos anos. O prazo comezará a contarse dende que a resolución adquirise firmeza en vía administrativa.
- c) A instalación ou explotación de establecementos de acuicultura sen o correspondente título administrativo habilitante.
- d) A obtención de concesións, autorizacións ou permisos de actividade baseándose en documentos, datos ou información falsos.
- e) As actividades que prexudiquen, alteren ou destrúan áreas declaradas aptas para a acuicultura.
- f) Verter ao mar organismos, substancias ou produtos que polas súas características biolóxicas ou químicas causen prexuízo aos recursos mariños, agás os supostos previstos na lexislación sectorial aplicable á materia.
- g) O incumprimento do programa de vixilancia ambiental e demais medidas de carácter ambiental e de seguimento establecidos na resolución de outorgamento do correspondente título habilitante cando o devandito incumprimento cause un grave prexuízo.
- h) A tenza, consignación, almacenamento, transporte, exposición e primeira venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos da acuicultura non autorizados expresamente cando supoña risco ambiental.
- i) As verteduras ou o abandono de residuos ou subprodutos que non contén coas correspondentes autorizacións administrativas.

- j) A introdución en establecementos de acuicultura de exemplares capturados no medio natural sen cumprir os requisitos que regulamentariamente se determinen.
- k) O uso de calquera dos produtos ou desincrustantes, de tratamento, conservación ou limpeza non autorizados polo organismo correspondente.
- l) A irrogación de danos e prexuízos a terceiros ou ao medio ambiente, perigo para a saúde pública ou para a navegación e outros riscos de análoga transcendencia debidos ao funcionamento do establecemento.
- m) A utilización dos establecementos de acuicultura para fins distintos dos autorizados no título habilitante.
- n) A tenza e/ou explotación no establecemento de especies exóticas ou localmente ausentes sen a correspondente autorización.
- o) A ausencia, omisión, alteración ou falseamento dos datos esixidos na normativa comunitaria, estatal ou autonómica, e que supoñan risco para a seguridade alimentaria nos supostos de incumprimento da normativa sectorial vixente aplicable á materia.
- p) Non instalar sistemas de seguimento e localización das embarcacións auxiliares de acuicultura.
- q) A non retirada de instalacións, restos de instalacións, equipos, útiles, produtos e combustibles empregados nos establecementos de acuicultura.
- r) A extracción, posesión, transporte ou comercialización de produtos da acuicultura procedentes de zonas de produción pechadas por motivos de seguridade alimentaria e/ou hixiénico-sanitarios sen as correspondentes autorizacións administrativas.
- s) A introdución ou retirada de moluscos bivalvos das zonas de reinstalación sen autorización do órgano competente.
- t) A introdución ou retirada de moluscos bivalvos das zonas de reparqueo sen autorización do órgano competente.
- u) O cambio de situación dos establecementos sen a autorización previa do órgano competente.

- v) O cultivo de especies non recollidas no catálogo de especies autorizables.
- w) O incumprimento das restricións temporais ou indefinidas de cultivo das especies acuícolas.
- x) Extinguido o permiso de actividade, o incumprimento de repoñer a zona ao seu estado natural anterior así como calquera alteración provocada no medio, conforme as instrucións emanadas da consellería competente en materia de acuicultura.

Artigo 123 Prescrición das infraccións

1. As infraccións administrativas moi graves previstas nesta lei prescribirán no prazo de tres anos, as graves no prazo de dous anos e as leves no prazo de un ano, contados dende o día en que a infracción se cometese.
2. A declaración de prescrición da infracción implicará de oficio o arquivo das actuacións e a notificación ás persoas interesadas.
3. O prazo de prescrición da infracción comezará a contarse dende o día en que a infracción se cometese.
4. Interrompe o prazo de prescrición da infracción a incoación do procedemento sancionador, e o prazo de prescrición continuará se o expediente sancionador estivese paralizado máis de dous meses por causa non imputable ao presunto responsable.
5. No caso de infraccións continuadas, o inicio do prazo de prescrición comezará a contarse dende que cesase a súa comisión.
6. No caso de infraccións permanentes, o prazo de prescrición non comezará a computarse ata que cese a situación infractora. Para estes efectos enténdese que existe unha infracción permanente cando unha actividade concreta produce efectos que perduran no tempo. Considéranse, así mesmo, comprendidas dentro das infraccións permanentes as infraccións por omisión en que o incumprimento nun determinado momento dunha obriga produce efectos permanentes.
7. No caso de que concorran infraccións leves, graves e moi graves nun mesmo procedemento sancionador, ou cando algunha destas infraccións sexa medio

necesario para cometer outra, o prazo de prescrición é o establecido para a infracción máis grave das cometidas.

CAPÍTULO III. DAS SANCIONES

Artigo 124 Clases de sancións

1. As infraccións en materia de acuicultura sancionaranse mediante a imposición de sancións pecuniarias e, cando proceda, de sancións non pecuniarias.
2. As sancións non pecuniarias poderán consistir en:
 - a) Inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades referentes á acuicultura durante un período non superior a cinco anos.
 - b) Suspensión do permiso de actividade ou autorización que habilita o exercicio da acuicultura durante un período non superior a cinco anos.
 - c) Comiso de útiles, instrumentos, embarcacións, vehículos, instalacións ou equipos de todo xénero empregados para a comisión dalgún dos feitos tipificados como infracción nesta lei, ou dos produtos ou bens obtidos así como dos produtos ou bens obtidos incumprindo a normativa en vigor.
 - d) A clausura temporal do establecemento de acuicultura.
 - e) Imposibilidade de ser beneficiario durante un prazo non superior a cinco anos de préstamos, subvencións ou axudas públicas convocadas pola Administración autonómica nas materias reguladas nesta lei.
 - f) A suspensión da actividade ou da actuación que supoña unha infracción en materia de conservación do medio acuático ata que se adopten as medidas que garantan o seu cesamento.
 - g) Destrución dos útiles, os instrumentos, as embarcacións ou os equipos de todo xénero empregados para a comisión dalgún dos feitos tipificados como infracción nesta lei, ou dos produtos ou bens obtidos.
3. Os obxectos incautados e de uso lícito sobre os que se estableza o seu comiso como sanción accesoria poderán ser destinados a:
 - a) Poxa pública.

- b) Cesión a entidades sen ánimo de lucro ou de carácter benéfico, científico, educativo ou cultural.
- c) Destrución.
- d) Uso por parte da administración.

Artigo 125 Obriga de reparar

1. Sen prexuízo das sancións penais ou administrativas que en cada caso procedan, a persoa infractora deberá reparar o dano causado na forma e nas condicións fixadas polo órgano sancionador. Esta obriga é imprescritible no caso de recuperación dos bancos naturais e das reservas mariñas.
2. A reparación terá como obxectivo a recuperación e/ou restauración das especies, do banco natural, das reservas mariñas ou dos espazos afectados como consecuencia da infracción cometida, á situación previa aos feitos constitutivos da infracción sancionada. A persoa causante do dano estará obrigada a indemnizar parte do dano que non poida ser reparado, así como os prexuízos causados.
3. En todo caso, as medidas de recuperación e/ou restauración deberán ser determinadas e supervisadas polo persoal técnico e adoptadas motivadamente na resolución sancionadora.

Artigo 126 Criterios de graduación

1. As sancións polas infraccións a que se refire esta lei graduaranse atendendo en cada caso concreto a:
 - a) O grao de negligencia ou intencionalidade da persoa infractora.
 - b) A comisión repetida de infraccións en materia de acuicultura. Entenderase producida esta circunstancia cando o suxeito infractor sexa sancionado por unha infracción da mesma natureza, xa sexa leve, grave ou moi grave, en virtude de resolución firme en vía administrativa dentro dos dous anos anteriores á comisión da infracción.
 - c) A índole ou transcendencia dos prexuízos causados ao medio, aos recursos acuáticos ou a terceiros.

- d) As circunstancias do responsable, o seu grao de participación e beneficio obtido na comisión da infracción.
 - e) O prezo de mercado dos organismos cultivados, transportados ou comercializados.
 - f) A utilización de medios fraudulentos na comisión de infraccións en materia de acuicultura.
 - g) A condición de profesional do sector acuícola.
 - h) O beneficio obtido na comisión da infracción.
2. Os criterios de graduación serán de aplicación simultaneamente.
 3. Os criterios de graduación regulados neste artigo non poderán utilizarse para agravar a infracción cando estean contidos na descrición da conduta infractora ou formen parte do propio ilícito administrativo.
 4. A resolución administrativa deberá concretar os criterios de graduación da sanción que foron tidos en conta, de entre os regulados nesta lei. Cando non se considere relevante para estes efectos ningunha das circunstancias enumeradas, a sanción imponse no seu grao mínimo
 5. A imposición de sancións pecuniarias farase de maneira que a comisión das infraccións non resulta máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas, sempre de acordo co principio de proporcionalidade e coa debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción que cómpre imponse.
 6. A contía da sanción poderá minorarse motivadamente, atendendo ás circunstancias específicas do caso, cando a sanción resulte excesivamente onerosa ou cando o infractor corrixa a situación creada pola comisión da infracción. Este efecto minorador da culpabilidade poderá implicar que o órgano sancionador aplique unha sanción correspondente a categorías infractoras de inferior gravidade que a infracción cometida.

Artigo 127 Sancións por infraccións leves

Cada infracción leve será sancionada con multa de 150 a 3.000 euros.

Artigo 128 Sancións por infraccións graves

1. Cada infracción grave será sancionada con multa de 3.001 a 30.000 euros.
2. Nos supostos regulados nas letras a), c), d), j), k), n), p), r), s), t), v), y), z), aa), hh), oo), ss), tt) do artigo 121, ademais o órgano competente na materia poderá sancionar a infracción cometida coa suspensión do permiso que habilita o exercicio da acuicultura durante un período máximo de dous anos.
3. As infraccións graves ademais poderán ser sancionadas co disposto na alínea 124. 2 c), d) e e) desta lei.

Artigo 129 Sancións por infraccións moi graves

1. Cada infracción moi grave será sancionada con multa de 30.001 a 600.000 euros.
2. Nos supostos regulados nas letras a), c), d), l), m), q), r) do artigo 122, ademais o órgano competente na materia poderá sancionar a infracción cometida coa inhabilitación durante un período máximo de cinco anos para o exercicio ou desenvolvemento de actividades referentes á acuicultura.
3. Nos supostos regulados nas letras e), f), g), h), n), t), v) do artigo 122 ademais o órgano competente na materia poderá sancionar a infracción cometida coa suspensión de permiso que habilita o exercicio da acuicultura durante un período máximo de cinco anos.
4. As infraccións moi graves ademais poderán ser sancionadas co disposto na alínea 124.2 c), d), e) e g) desta lei.

Artigo 130 Prescrición de sancións

1. As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán no prazo de tres anos, por infraccións graves no prazo de dous anos e por infraccións leves no prazo de un ano, contadas dende o día seguinte aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a resolución pola que se impón a sanción.
2. A declaración de prescrición da sanción implicará de oficio o arquivo das actuacións e a notificación ás persoas interesadas.

CAPÍTULO IV. DO PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Artigo 131 Do procedemento sancionador

1. A imposición de sancións tipificadas nesta lei axustarase ao procedemento sancionador regulado neste título, e subsidiariamente ao procedemento establecido na Lei do procedemento administrativo común e nos artigos 11 a 22 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se regula o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
2. Exclúese expresamente a aplicación do procedemento simplificado regulado no capítulo V do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Artigo 132 Órganos competentes

1. A competencia para acordar a iniciación dun procedemento sancionador corresponderalle á persoa titular da xefatura da consellería competente en materia de acuicultura competente por razón do territorio, tendo en todo caso en conta o lugar da comisión da infracción.
2. Será competente para a instrución do procedemento o funcionario designado pola persoa titular da xefatura territorial correspondente.
3. A competencia para a imposición de sancións corresponderalle:
 - a) Á persoa titular da xefatura territorial correspondente. do ámbito no que se cometese a infracción, nos casos de infraccións sancionadas con multas de contía inferior a 15.000 euros.
 - b) Ás persoas titulares dos órganos superiores, distintos da persoa titular da consellería ou das direccións xerais, en defecto daqueles, no ámbito das súas competencias, nos casos de infraccións sancionadas con multas de contía comprendida entre 15.000 e 60.000 euros.
 - c) Á persoa titular do departamento da consellería competente en materia de acuicultura, nos casos de infraccións sancionadas con multa de contía superior 60.000 euros.
 - d) A competencia para a imposición das sancións accesorias corresponderalle ao mesmo órgano ao que lle competa a imposición da sanción principal.
4. Nos casos no que se imputen novas infraccións na tramitación do procedemento sancionador, a distribución da competencia para a imposición de sancións previstas

neste artigo deberá aplicarse tomando en consideración a contía total das sancións que se impón na resolución do procedemento sancionador, sen prexuízo da obriga de individualizar na resolución do procedemento as sancións que se impón para cada unha das infraccións

5. A competencia para a imposición das sancións accesorias corresponderá ao mesmo órgano ao que competa a imposición da sanción principal.

Artigo 133 Prazo de tramitación

1. O prazo para tramitar, resolver e notificar a resolución sancionadora será de un ano, que se computará dende a adopción do acordo de iniciación do procedemento sancionador.
2. Ao transcorrer o devandito prazo, tendo en conta as posibles interrupcións do seu cómputo por causas imputables ás persoas interesadas ou pola suspensión do procedemento, declararase a caducidade das actuacións.

Artigo 134 Actas de inspección

1. As actas de inspección redactadas polo persoal funcionario da Subdirección de Gardacostas de Galicia terán a condición de documento público e gozarán de eficacia probatoria respecto dos feitos nelas denunciados, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos e intereses poidan sinalar ou achegar as persoas interesadas.
2. As actas deberán expresar os feitos e as circunstancias relacionadas coa presunta infracción, os medios técnicos empregados dende terra, embarcacións ou aeronaves para a súa comprobación e os demais datos que identifiquen as persoas ou as entidades que interveñan na infracción detectada, así como as medidas provisionais adoptadas de acordo co establecido no artigo 135 desta lei. Sempre que sexa posible, acompañará á acta o material gráfico ou calquera outro elemento obxectivo que acredite a presunta infracción.
3. Unha copia da acta seralle entregada á presunta persoa infractora no mesmo acto de levantamento. Se isto non é posible, faranse constar as circunstancias que o impediron, e entregarase posteriormente ao se lle notificar a incoación do procedemento.

4. A resolución administrativa que, se for o caso, poña fin ao procedemento sancionador poderá ser solicitada, para o seu coñecemento, polo persoal funcionario da Subdirección de Gardacostas de Galicia que redactase a acta de inspección que deu lugar á apertura do procedemento.
5. Naqueles casos nos que o labor de inspección dos documentos que acrediten a trazabilidade ou a orixe dos produtos se realice nas dependencias administrativas, a acta de inspección remitirase ao presunto infractor co acordo de inicio do procedemento sancionador.

Artigo 135 Medidas de carácter provisional

1. Para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer e a boa fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción e garantir os demais intereses xerais, poderanse adoptar as seguintes medidas:
 - a) Medidas de corrección, seguridade ou control que impidan a continuidade na produción do dano.
 - b) Precintado ou incautación temporal dos aparellos, equipos, vehículos ou embarcacións.
 - c) Clausura temporal, parcial ou total do establecemento ou as súas instalacións.
 - d) Suspensión temporal da autorización ou permiso para o exercicio da actividade da acuicultura.
 - e) Incautación temporal dos útiles, instrumentos, artefactos, embarcacións ou equipos de todo xénero ou dos produtos ou bens obtidos.
 - f) A constitución de fianza.
2. A adopción destas medidas realizarase motivadamente e baseándose nun xuízo de razoabilidade, elixindo aquela que menos dane a situación xurídica do administrado. En todo caso, respectarase o principio de proporcionalidade da medida que se vaia adoptar cos obxectivos que se pretenda garantir en cada caso concreto.
3. O órgano competente para iniciar o procedemento ou os axentes da autoridade pública nos casos de urxencia e para a protección provisional dos intereses implicados poderán adoptar as medidas provisionais imprescindibles con

anterioridade á iniciación do procedemento. Estas medidas poderán incluír a suspensión da autorización e a prohibición do exercicio das actividades comunicadas cando a autoridade competente comprobe que unha empresa non cumpre cos requisitos establecidos na autorización ou permiso outorgado.

4. Estas medidas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas polo órgano competente para iniciar o procedemento no acordo de inicio deste, que deberá ditarse dentro dos 15 días da súa adopción. O acordo sobre a confirmación das medidas poderá ser recorrido en alzada perante a persoa titular da consellería competente en materia de acuicultura no prazo de un mes dende a súa notificación. En todo caso, as devanditas medidas quedarán sen efecto de non se iniciar o procedemento sancionador no citado prazo de 15 días ou cando o acordo de inicio non conteña un pronunciamento expreso sobre ela.
5. Se o órgano competente para iniciar o procedemento sancionador confirma a incautación dos produtos da acuicultura, este poderá acordar, na incoación, que o responsable ou titular dos dereitos sobre os produtos dispoñerá dun prazo de quince días para optar, en función dos supostos que motivaron a adopción da medida preventiva, por algunha das seguintes operacións:
 - g) Regularizar e corrixir a non conformidade dos produtos, coa adaptación da súa etiquetaxe e presentación á normativa aplicable.
 - h) Destinar os produtos a outros sectores diferentes do alimentario, en particular para uso industrial, con exclusión da alimentación humana ou animal, segundo corresponda.
6. Con anterioridade á confirmación da inmovilización cautelar, o responsable ou o titular dos dereitos sobre os produtos inmovilizados poderase dirixir ao órgano competente para iniciar o procedemento, co obxecto de que lle facilite as opcións ás que poida optar.

O órgano competente para iniciar o procedemento, mediante resolución motivada, comunicará as opcións que procedan de entre as especificadas no apartado 5 do presente artigo.
7. Na resolución que decida sobre as medidas, o órgano competente para iniciar o procedemento decidirá subsidiariamente o destino dos produtos incautados para o

suposto de que o responsable ou o titular dos dereitos non opte, no prazo outorgado para o efecto, por ningunha das especificadas ou estas non se cumbran satisfactoriamente.

8. O órgano competente para iniciar o procedemento poderá ordenar o levantamento da medida preventiva de constatarse que os produtos foron regularizados ou se lles deu un dos destinos especificados singularmente, sen prexuízo da sanción que puidese, se for o caso, corresponder.
9. Os gastos derivados destas operacións serán pola conta do responsable ou do titular dos dereitos sobre os produtos.
10. A execución das opcións deberá ser verificada polo persoal da Subdirección de Gardacostas de Galicia, que deberá deixar constancia en acta do seu cumprimento.
11. Unha vez iniciado o procedemento sancionador, o instrutor ou o órgano competente para resolvelo poderán adoptar, de oficio ou por instancia de parte, mediante acordo motivado, as medidas preventivas que xulgue oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer, se existen elementos de xuízo abondo.
12. As medidas provisionais descritas neste artigo serán independentes das resolucións que sobre a solicitude de adopción de medidas provisionais poidan adoptar os xuíces e tribunais debidas ao exercicio de accións de responsabilidade por persoas lexitimadas.
13. As medidas preventivas adoptadas extinguiranse coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento sancionador.

Artigo 136 Destino dos produtos e bens incautados

1. O destino dos produtos incautados será o seguinte:
 - i) Devolveranse ao medio do que foron extraídas as especies da acuicultura que teñan posibilidades de sobrevivir.
 - j) De estaren as especies mortas ou estando vivas non poidan ser devoltas ao medio, tendo en conta o seu volume e condicións hixiénico-sanitarias, o seu destino poderá ser algún dos seguintes:
 - Poxa pública. O seu importe consignarase ao que resulte do expediente.

- Entrega, para o seu consumo, a unha entidade prestadora de interese asistencial ou de servizos sociais.
 - Destrucción, na forma que regulamentariamente se estableza.
 - Destinar os produtos a outros sectores diferentes do alimentario, en particular para o uso industrial, con exclusión da alimentación humana ou animal, segundo corresponda.
2. Os vehículos, os artefactos, as embarcacións, os equipos ou os outros accesorios regulamentarios incautados serán liberados logo de constitución de fianza, cuxa contía fixará o xefe do departamento territorial da consellería competente en materia de acuicultura, e aquela non poderá exceder do importe da sanción que poida corresponder pola infracción ou as infraccións cometidas.
 3. O importe dos gastos derivados da adopción das medidas anteriormente descritas esixiráselle á persoa imputada de apreciarse na resolución do expediente a comisión da infracción.
 4. Se na resolución do procedemento sancionador non se aprecia a comisión da infracción, acordarase a devolución dos produtos ou bens incautados ou, cando for o caso, do seu valor. Se a persoa interesada non se fixese cargo deles no prazo de seis meses dende que fose requirida para isto, presumirase o seu abandono, e a consellería competente deberá decidir o seu destino, unha vez esgotada a vía administrativa.
 5. Se na resolución do procedemento sancionador se aprecia a comisión de infracción, os obxectos incautados que non sexan susceptibles dun uso lícito serán destruídos. De ser lícito o seu uso, e sempre que na resolución sancionadora non se estableza o seu comiso como sanción accesoria ou como medida preventiva para asegurar a eficacia da sanción en tanto non sexa executiva, acordarase a súa devolución. Se a persoa interesada non se fixese cargo deles no prazo de seis meses dende que fose requirida para isto, presumirase o seu abandono, e a consellería competente procederá á súa venda en poxa pública, á súa entrega a entidades sen ánimo de lucro ou de carácter benéfico, científico, educativo ou cultural ou á súa destrución ou, se for o caso, o seu uso pola Administración. Neste último caso, o importe dos gastos de destrución esixiráselle á persoa sancionada.
 6. De todas estas actuacións deixarase constancia en acta.

Artigo 137 Medios de execución forzosa

14. Se os infractores non proceden á reparación, indemnización ou ao cumprimento da sanción accesoria, de acordo co establecido nesta lei, e unha vez transcorrido o prazo sinalado no requirimento correspondente, a administración instrutora poderá acordar a imposición de multas coercitivas ou a execución subsidiaria.
15. As multas coercitivas serán reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado, e a contía de cada unha das citadas multas non superará o 20% da multa fixada pola infracción cometida.
16. A execución subsidiaria da reparación ordenada será pola conta do infractor.
17. No caso de que o sancionado mediante resolución firme na vía administrativa non pague a sanción, non cumpra a sanción accesoria ou a indemnización imposta no período voluntario conferido para o efecto, poderá esixírselle pola vía de constrinximento.
18. No suposto recollido no punto anterior seguirase o procedemento previsto nas normas reguladoras do procedemento recadatorio na vía executiva.

Artigo 138 Recoñecemento de responsabilidade

1. Cando a sanción que se puidese impoñer no o procedemento sancionador tivese carácter pecuniario e se fixase a súa contía, ben no acordo de iniciación, ben na proposta de resolución, o recoñecemento de responsabilidade e a conformidade con ela polo presunto responsable ou o pago da sanción, ambos en calquera momento anterior á resolución, determinará o remate do procedemento.

Neste caso, a resolución do procedemento sancionador recollerá unha redución do trinta por cento sobre o importe da sanción proposta

2. A posibilidade de redución da sanción por recoñecemento de responsabilidade ou por abono da sanción antes de que se notifique a resolución do procedemento, porase en coñecemento do interesado na notificación do inicio do procedemento sancionador.
3. O disposto no apartado anterior non será aplicable cando a persoa infractora incorra no suposto de reincidencia previsto nesta lei.

4. No caso de que, pese a que o infractor recoñecese a súa responsabilidade, non efectuase o pago en período voluntario, non se aplicará a redución do trinta por cento sobre o importe da sanción prevista no apartado 2 do presente artigo.
5. O recoñecemento de responsabilidade e o abono da sanción en período voluntario antes da resolución implicará o desistimento ou a renuncia a calquera acción ou recurso contra a sanción.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. O xénero

Enténdese que as citacións en xénero masculino, cando se refiren a persoas, inclúen mulleres e homes, salvo que do contexto da cita se deduza o contrario.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Zonas de reparqueo

Terán a consideración de zonas de reparqueo as zonas declaradas de reserva exclusiva para moluscos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Da necesidade e proporcionalidade dos permisos e autorizacións

Nos permisos e autorizacións para o exercicio da acuicultura ou de actividades relacionadas reguladas nesta lei concorren os principios de necesidade e proporcionalidade de acordo co establecido no artigo 17.1.b) da Lei de garantía de unidade de mercado 20/2013 do 9 de decembro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Dos cultivadores dos parques de cultivo de moluscos de Carril

Aquelas persoas físicas ou xurídicas ás que se lles recoñecese o carácter de cultivadores dalgún dos parques de cultivo de moluscos de Carril, seralle tido en conta o devandito carácter no concurso de outorgamento destes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. Das extincións por vencemento do prazo

Para os supostos de establecementos vacantes por causas de extinción derivadas do vencemento do prazo do título habilitante, o procedemento para o outorgamento dun novo permiso valorará ter exercido a explotación dese establecemento e axustarase ao

disposto no regulamento que desenvolva esta lei e na normativa vixente que sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. Da Comisión Técnica da Acuicultura

Para os efectos de aplicación desta lei denominarase Comisión Técnica da Acuicultura ao Comité Técnico da Acuicultura creado pola Orde de 30 de marzo de 2012.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA. As zonas aptas

Para os efectos desta lei entenderase por zona apta para a acuicultura na zona marítima as zonas de interese de cultivo mariño previstas na Lei de cultivos mariños 23/1984 do 25 de xuño.

Os polígonos existentes no dominio público marítimo-terrestre da Comunidade Autónoma de Galicia terán a consideración de zonas aptas para a acuicultura de acordo co previsto nas disposicións desta lei.

DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA. Do outorgamento do órgano competente en materia de ocupación demanial

O disposto no último parágrafo do número 4 do artigo 31 será de aplicación a todos os procedementos relacionados con permiso de actividade nos que o órgano competente en materia de ocupación demanial debese emitir informe preceptivo e vinculante ou resolución de outorgamento de ocupación ou aproveitamento, logo de resolución da consellería competente en materia de acuicultura, con excepción do previsto para a prórroga no artigo 36.

DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA. Adscrición do dominio público marítimo

No suposto de adscrición do dominio público marítimo á Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento de actividades acuícolas, corresponderalle á consellería competente en materia de acuicultura regular o exercicio da actividade nos espazos adscritos, adecuando os títulos administrativos habilitantes ao contido disposto na presente Lei.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. A prórroga extraordinaria do permiso de actividade

1. Os titulares de establecementos de acuicultura que obtivesen o outorgamento do permiso de actividade antes da entrada en vigor desta lei poderán solicitar, perante o órgano competente en materia de acuicultura, a prórroga extraordinaria do permiso de actividade e a prórroga extraordinaria de ocupación de dominio público marítimo-terrestre.

A solicitude da prórroga extraordinaria do permiso de actividade poderá presentarse dende a data de entrada en vigor desta lei e en todo caso cunha antelación máxima de seis meses ao vencemento do prazo de vixencia do permiso de actividade, salvo causa debidamente xustificada e sempre que non fose expresamente extinguido o título que habilita o exercicio da actividade.

A solicitude da prórroga extraordinaria da concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre estará suxeita en todo caso ao disposto na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e no seu regulamento de desenvolvemento.

2. Non obstante as solicitudes presentadas antes da entrada en vigor desta lei serán admitidas a trámite se cumpren as condicións que para as prórrogas extraordinarias da concesión de ocupación demanial establece a Lei 2/2013, do 29 de maio, de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas para a concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre.
3. Solicitadas as prórrogas perante o órgano competente en materia de acuicultura, este dará traslado do expediente ao órgano competente en dominio público marítimo-terrestre da Administración Xeral do Estado para que emita o informe outorgante preceptivo e vinculante á prórroga extraordinaria de ocupación demanial do establecemento.

Se o órgano competente en materia de dominio público marítimo-terrestre da Administración Xeral do Estado non emitise informe outorgante expreso nun prazo máximo de seis meses dende a recepción da solicitude presentada polo interesado, entenderase estimada por silencio administrativo.

4. O permiso de actividade será prorrogado coa mesma vixencia e ata o prazo máximo para o que se outorgase a prórroga extraordinaria para a ocupación de dominio público polo órgano estatal competente na materia.

5. A solicitude da prórroga extraordinaria dos permisos de actividade incursos nun procedemento de extinción non suspenderán os efectos deste, sendo en todo caso a resolución de extinción causa suficiente de denegación da solicitude da prórroga extraordinaria do título habilitante.
6. Os títulos habilitantes manterán o contido da resolución que os outorgase, exceptuando o réxime aplicable á duración que estarán suxeitos ao disposto nesta lei.
7. A prórroga extraordinaria non será de aplicación aos permisos de actividade da acuicultura en zonas de servizo dos portos nin aos titulares de permisos de actividade experimental de acordo co regulado nesta lei
8. O órgano competente en materia de acuicultura establecerá regulamentariamente o procedemento de outorgamento da prórroga extraordinaria do permiso de actividade para os establecementos na zona marítima situados dentro dos polígonos xa existentes á entrada en vigor desta lei, de acordo co disposto nesta disposición e coas condicións especiais de outorgamento, que puidese establecer o órgano competente en materia de dominio público marítimo-terrestre.
9. Excepcionalmente o órgano competente en materia de acuicultura poderá outorgar a prórroga extraordinaria aos titulares de establecementos que xa tivesen obtido a prórroga extraordinaria polo órgano competente en materia de ocupación demanial. Nestes casos o órgano competente en materia de acuicultura tramitará a instancia de parte a modificación do permiso de actividade adaptando a duración do título ás condicións establecidas polo órgano demanial na resolución ou informe preceptivo e vinculante de concesión.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. Dos establecementos inscritos con anterioridade á entrada en vigor desta lei

1. Os establecementos de acuicultura que á entrada en vigor desta lei dispoñan de título habilitante para o exercicio da actividade, inscribíranse de oficio no Rexistro de establecementos de acuicultura de Galicia.
2. Entenderase como data de inscrición a data de alta no correspondente rexistro.

3. O órgano competente na materia establecerá un calendario de traslado dos datos dos rexistros de establecementos e centros de acuicultura existentes á entrada en vigor desta lei.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA. Dos establecementos auxiliares e a súa inscrición no rexistro

1. No prazo de un ano dende a entrada en vigor desta lei os establecementos auxiliares de acuicultura solicitarán a súa inscrición no Rexistro de establecementos auxiliares de acuicultura de Galicia.
2. Entenderase como data de inscrición a data de alta no correspondente rexistro.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA CUARTA. A extinción dos títulos de actividade experimentais

No prazo de un ano dende a entrada en vigor desta lei serán extinguidos de oficio todos os títulos de actividade experimental que superasen o prazo que indicase o título habilitante ou o prazo máximo excepcional establecido no artigo 44.8 desta lei, sen prexuízo do establecido no artigo 44.11.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA QUINTA. Da vixencia dos títulos habilitantes existentes e a súa denominación

1. Os títulos que habilitan o exercicio da acuicultura outorgados con anterioridade á entrada en vigor desta lei manterán a súa vixencia ata o fin do período outorgado, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria primeira desta lei.
2. As concesións e autorizacións de actividade outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei serán denominadas permisos de actividade dende a súa entrada en vigor.
3. As concesións e autorizacións experimentais outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei serán denominadas permisos de actividade experimentais.
4. As autorizacións experimentais para o reparqueo outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei serán denominadas autorizacións para actividade de reparqueo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEXTA. Dos procedimientos sancionadores

Os procedementos sancionadores iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei tramitaranse ata a súa resolución de acordo co previsto na normativa aplicable no momento da súa incoación, sen prexuízo da retroactividade desta lei en canto sexa máis favorable.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SÉTIMA. Dos permisos a centros de investigación ou formación e de exhibición, dependentes de organismos públicos

1. Os centros de investigación ou formación e de exhibición, dependentes de organismos públicos, existentes á entrada en vigor desta lei, que carezan dos permisos de actividade regulados nesta norma solicitarán o correspondente permiso de actividade no prazo de un ano dende a entrada en vigor desta e o seu outorgamento rexeráse polo procedemento que se estableza regulamentariamente.
2. Para os establecementos relacionados no parágrafo anterior que desenvolvesen a actividade en parte dos mesmos, o procedemento tramitarase de forma simplificada na maneira que se determine regulamentariamente, outorgándose en todo caso autorización e sendo previo unicamente o informe dos servizos técnicos da consellería competente en materia de acuicultura.
3. Se o desenvolvemento da actividade da acuicultura se emprazase en todo o establecemento, o procedemento tramitarase na forma que se determine regulamentariamente, e en todo caso de acordo con establecido no capítulo II do título V da presente Lei para o outorgamento dos títulos habilitantes a centros de investigación ou formación e de exhibición, dependentes de organismos públicos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA OITAVA. Dos caudais ecolóxicos

Na determinación dos caudais ecolóxicos dos establecementos na zona terrestre existentes á entrada en vigor desta lei, os organismos competentes terán en conta, no posible, os requirimentos de auga precisos para permitir a súa operatividade.

Así mesmo determinarán o réxime de caudais ecolóxicos dos novos establecementos de acuicultura na zona terrestre, que deberá ser avaliado e fixado antes do outorgamento do correspondente permiso de actividade.

DISPOSICION TRANSITORIA NOVENA. Réxime transitorio dos procedementos

Os procedementos iniciados antes da entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa anterior.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao contido da presente lei e en concreto:

-Quedan derogados os seguintes artigos da lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia:

O artigo 2º.3, o artigo 3º.3, o artigo 4º.5, o artigo 4.8, o artigo 4º.9, o artigo 4.18, artigo 8.bis, o artigo 32º.4, o Título V (artigos 44 a 72) agás o artigo 62º bis, a Disposición Adicional Decimo Primeira, a Disposición Adicional Décimo Terceira e a Disposición Transitoria Sétima.

2 Quedan derogadas as referencias contidas á acuicultura, á acuicultura mariña e a auxiliar de acuicultura nos seguintes artigos da 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia:

No artigo 1º.2, artigo 2º.8, artigo 4º.15, artigo 4º.16, artigo 4º.20, artigo 4.22, artigo 4º.23, artigo 8º, artigo 12º.4, artigo 13º.1, artigo 13º.1.e), artigo 90º, artigo 95º.1, artigo 95º.2.f), Título VIII, artigo 97º.h), artigo 103º, artigo 104º bis, artigo 104º.ter.e), artigo 112º, artigo 113º, artigo 114º.g), artigo 114º bis, artigo 115º.e), artigo 115º bis.2, artigo 118º.1.a), artigo 119º, Disposición Adicional Décimo Segunda, parágrafos primeiro e segundo, Disposición Final primeira, 2.

-Canto contradiga ou se opoña ao contido da presente lei do regulado na Lei de Pesca Fluvial 7/1992 de 24 de xullo

- O que contradiga ou se opoña á Lei de Acuicultura do regulado no Decreto 406/1996 de 7 de novembro polo que se aproba o regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia e en concreto quedan derogados os seguintes artigos: o artigo 1º,o

artigo 2º, o artigo 3º, o artigo 4º, o artigo 7º, o artigo 8º, o artigo 9º, o artigo 10º salvo os apartados 1 e 2 no que non contraveña a presente Lei, o artigo 11º, o artigo 12º, o artigo 13º, o artigo 14º, o artigo 15º, o artigo 16º, o artigo 17º, o artigo 18º, o artigo 22º, o artigo 23º, o artigo 24º, o artigo 25º, o artigo 26º, o artigo 27º, o artigo 28º, o artigo 29º, o artigo 30º, o artigo 31º, o artigo 32º.

- O que contradiga ou se opoña á presente lei do regulado no Decreto 274/2003 de 4 de xuño polo que se regula o procedemento de obtención do permiso e concesión de actividade para os establecementos de acuicultura e auxiliares de acuicultura na zona terrestre e en concreto todo o referente aos establecementos auxiliares e en concreto quedan derogados os seguintes artigos: o artigo 2.2º, o artigo 3º, o artigo 4º, o artigo 5º, o artigo 14 apartado 3º e apartado 4º, o artigo 18º, o artigo 28º, a Disposición adicional segunda, a Disposición Adicional Primeira, e en xeral todo o referido aos establecementos auxiliares de acuicultura do Decreto 274/2003 de 4 de xuño.

- O que contradiga ou se opoña á presente lei do regulado no Decreto 130/1997 de 14 de maio polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais e en concreto quedan derogados os seguintes artigos: o artigo 2º.2 no referente á acuicultura, o artigo 58º, o artigo 59º, o artigo 60º e o artigo 61º.

- A Disposición Adicional Segunda da Orde de 9 de abril de 2008 pola que se establece o sistema de transmisión de datos mensuais de produción de acuicultura.

- O artigo 4 da Orde de 11 de decembro de 2008 pola que se regula a descarga de mexillón cultivado en viveiros flotantes de Galicia e o seu control

- Todo o que se refira á acuicultura do regulado na Disposición Adicional Terceira da Orde de 8 de febreiro de 2008 pola que se regula o control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos hasta a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos.

- Todo o que se refira á acuicultura do regulado na Disposición Adicional Primeira da Orde de 27 de maio de 2005 pola que se regula a descarga, transporte e primeira venda dos produtos pesqueiros e acuícolas dos que non sexa obrigada a súa primeira venda en lonxa, e se establece o procedemento para a súa autorización.

-A Orde de 25 de outubro de 1999 pola que se regula o funcionamento dos centros de acuicultura en augas continentais e o seu rexistro, en todo o que contradiga ou se opoña á presente Lei e en concreto: o artigo 2º, o artigo 6º, o artigo 7º, o artigo 16º, e o artigo 17º

Por outra banda queda tamén derogado o que contradiga ou se opoña a esta lei do regulado:

Na Orde do 17 de setembro de 1998 pola que se regula o procedemento para o outorgamento de autorizacións temporais de carácter experimental en polígonos de viveiros de cultivos mariños.

Na Orde do 3 de marzo de 1998 pola que se regula o procedemento de retirada de viveiros ilegais.

Na Orde do 17 de novembro de 1999 pola que se regula o procedemento para o outorgamento de prórrogas das concesións dos viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia.

Na Orde do 15 de xuño de 1999 pola que se regula o procedemento para a transmisión da titularidade das concesións das bateas de cultivos mariños nas augas de Galicia.

Na Orde do 18 de abril de 2001 pola que se regula o procedemento que rexerá a permuta de puntos de fondeo e os cambios de sistema, situación e cultivo nos viveiros de cultivos mariños.

Na Orde do 27 de marzo de 2000 pola que se regula o procedemento para o outorgamento do permiso de actividade aos establecementos de cultivo mariños e auxiliares na zona terrestre.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA. Modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 16 queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 16. *Buques de pesca autorizados.*

Para o exercicio da pesca profesional soamente se poderán empregar embarcacións incluídas no Rexistro de buques pesqueiros de Galicia.”

Dous. A letra e) do artigo 23 quáter, queda redactada do seguinte xeito:

“e) O exercicio da pesca submarina nas reservas mariñas así como nos canais navegables e de acceso aos portos, no interior deles e a menos de douscentos cincuenta metros das praias cando estean frecuentadas por bañistas.”

Tres. A letra f) do artigo 23 quáter, queda redactada do seguinte xeito:

“f) O exercicio da pesca submarina desde o solpor ata o amencer.”

Catro. Engádesse un novo apartado 3 no artigo 30, que queda redactado do seguinte xeito:

“3. A consellería competente promoverá o acceso á titularidade de autorizacións e concesións das organizacións de produtores de base integradas maioritariamente por mulleres.”

Cinco. O artigo 41 queda redactado do seguinte xeito.

“Artigo 41. *Exercicio do marisqueo desde embarcación.*

O exercicio do marisqueo desde embarcación requirirá dispor da modalidade de marisqueo no permiso de explotación da embarcación establecido no artigo 18º desta lei. Para o exercicio do marisqueo desde embarcación soamente se poderán empregar embarcacións incluídas no Rexistro de buques pesqueiros de Galicia.”

Seis. O artigo 73 queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 73. *Definición.*

Enténdese por frota pesqueira galega o conxunto de embarcacións dedicadas a labores de pesca extractiva, embarcacións auxiliares de pesca e de acuicultura e embarcacións que se dediquen ao marisqueo desde embarcación, que teñan o seu porto base en Galicia e que se atopen inscritas no *Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia*”

Sete. Engádese un novo artigo 77 ter, que queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 77 ter. *Localizadores.*

1. Para os efectos de salvagarda adicional para os profesionais do sector en caso de emerxencia e para o control, a xestión e o seguimento das pesqueiras galegas, os buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia deberán levar a bordo un dispositivo plenamente operativo de localización que garanta a transmisión, a intervalos regulares, daquela información que, a lo menos, permita identificar de forma inequívoca o buque do que se trata e aqueles datos que permitan coñecer en todo momento a súa posición xeográfica, rumbo e velocidade de navegación.

2. Os ditos dispositivos de localización non poderán ser obxecto de manipulación non autorizada nin de accións que puideran danar, alterar ou interferir no seu axeitado funcionamento, estando obrigadas as persoas responsables dos buques pesqueiros a facilitar a instalación e mantemento deles ao persoal autorizado ao efecto pola consellería competente en materia de pesca e acuicultura e o seu control ao persoal pertencente a Subdirección de Gardacostas de Galicia.”

Oito. Modifícase o título do artigo 114 bis, que queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 114 bis. *Da investigación pesqueira e oceanográfica*”.

Nove . Modifícase o Título XIV, que queda redactado do seguinte xeito:

“TÍTULO XIV. Do réxime sancionador

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 127. *Obxecto.*

Este título ten por obxecto regular o exercicio da potestade sancionadora en materia de pesca marítima, marisqueo, ordenación do sector pesqueiro e da actividade comercial dos produtos da pesca, así como os relativos ás actividades náuticas de recreo e ás subacuáticas profesionais no ámbito das competencias de Galicia.

Así mesmo, este título ten por obxecto regular o exercicio da potestade sancionadora en materia de verteduras e daquelas accións ou omisións de calquera natureza que in -

cidan sobre a calidade dos recursos mariños, agás os supostos previstos na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Artigo 128. Potestade sancionadora.

A potestade sancionadora nas materias obxecto desta lei corresponderalle exercela á consellaría competente, que a exercerá de acordo con esta lei e co disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e nas demais disposicións aplicables nesta materia.

Artigo 129º.-Responsabilidade.

1. Serán responsables das infraccións tipificadas nesta Lei as persoas físicas ou xurídicas que as cometan por si ou mediante persoas xurídicas nas que exerzan o control societario segundo a lexislación mercantil en vigor, aínda cando estean integradas en unións temporais de empresas, agrupacións ou comunidades de bens sen personalidade.

2. Cando o cumprimento das obrigas previstas nesta lei corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, no seu caso, se cometan e das sancións que se impoñan. Cando a infracción sexa imputable a varias persoas e non sexa posible determinar o grao de participación de cada unha, responderán solidariamente:

a) Nos casos de infraccións cometidas en materia de pesca e marisqueo, as persoas propietarias de embarcacións, as persoas armadoras, as persoas fretadoras, os capitáns ou capitás e os patróns ou patroas.

b) Nos casos de infraccións cometidas no transporte de produtos da pesca e do marisqueo, os transportistas ou calquera persoa que participe no transporte.

c) As persoas titulares de entidades xestoras ou concesionarios das lonxas pesqueiras, dos centros de venda e/ou das vendedurías, respecto da identificación das especies así como da exposición e venda de produtos vedados e de talla ou peso inferiores aos regulamentarios ou cuxa extracción non estivera autorizada.

- d) Nos casos de infraccións cometidas na comercialización dos produtos da pesca e do marisqueo, as persoas titulares de empresas comercializadoras ou transformadoras, de mercados maioristas, e os importadores dos devanditos produtos e os seus representantes.
- e) As persoas titulares de empresas de hostalaría que ofrezan ao consumo ou posúan no seu establecemento produtos vedados ou de talla ou peso inferior ao regulamentario
- f) Os titulares das escolas náutico-deportivas, dos centros de inmersión e das academias náutico-deportivas, respecto das infraccións que afecten as devanditas actividades.
- g) No caso de infraccións cometidas en materia de verteduras no mar, as persoas titulares dos buques e, se for o caso, das empresas e industrias que efectuasen as verteduras contaminantes, agás os supostos previstos na Lei 9/2010, do 4 de novembro de augas de Galicia
- h) No caso de obras de construción que incidan directamente sobre o medio mariño, as persoas titulares das empresas construtoras e, se for o caso, as administracións públicas promotoras delas, agás os supostos previstos na Lei 9/2010, do 4 de novembro de augas de Galicia
- i) No caso de infraccións cometidas polas entidades asociativas do sector, os membros dos órganos de goberno.

3 Serán responsables solidarios polo incumprimento das obrigas impostas pola lei que conleven o deber de previr a infracción administrativa cometida por outros, as persoas físicas e xurídicas sobre as que tal deber caia, cando así o determine a presente Lei.

4. Das infraccións cometidas polos menores de idade non emancipados serán responsables seus pais e nais ou persoas titoras.

5. Os propietarios de embarcacións e/ou armadores, no caso de mediar unha denuncia por suposta infracción administrativa en materia de pesca ou marisqueo, debidamente requiridos para elo, teñen o deber de identificar ao patrón e/ou persoa responsable da embarcación, e si incumpren esta obriga, serán sancionados como autores dunha infracción grave de falta de colaboración ou obstrución ás labores de inspección

Artigo 130. *Concorrenza de responsabilidades.*

1. A responsabilidade polas accións ou as omisións tipificadas nesta lei é de natureza administrativa e non exclúe a doutra orde a que houber lugar.
2. As sancións que se impoñan a distintos suxeitos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente, agás nos supostos de responsabilidade solidaria regulados nesta lei.
3. O órgano competente poderá aprazar a resolución do procedemento si se acredita que se está a seguir un procedemento polos mesmos feitos e infraccións distintas perante os órganos comunitarios europeos. A suspensión alzarase cando aqueles diten resolución firme. De os órganos comunitarios imporen sanción, o órgano competente para resolver deberaa ter en conta para os efectos de graduar a que, se for o caso, deba impor, podéndoa compensar, sen prexuízo de declarar a comisión da infracción.

Artigo 131. Vinculación coa orde xurisdicional penal.

Non se poderán sancionar os feitos que fosen sancionados penal ou administrativa - mente nos casos nos que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

En calquera momento do procedemento sancionador no que os órganos competentes xulguen que os feitos tamén poden ser constitutivos de ilícito penal, comunicaranllo ao Ministerio Fiscal, solicitándolle testemuño sobre as actuacións practicadas respecto da comunicación.

Nestes supostos, así como cando os órganos competentes teñan coñecemento de que se está a desenvolver un proceso penal sobre os mesmos feitos, solicitarán do órgano xudicial comunicación sobre as actuacións adoptadas.

Si se considera que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que poida corresponder, o órgano competente para a tramitación acordará a súa suspensión ata que ó órgano administrativo competente para a tramitación do expediente sancionador reciba a notificación da resolución xudi - cial, o que se lle notificará á persoa interesada.

En todo caso, os feitos declarados probados por resolución penal firme vinculan os órganos administrativos respecto dos procedementos sancionadores que se tramiten.

Artigo 132. Extinción da responsabilidade.

A responsabilidade derivada da comisión de infraccións nesta lei extinguirase:

- a) Polo falecemento da persoa física sancionada.
- b) Polo cumprimento da sanción imposta.
- c) Pola prescrición da infracción.
- d) Pola prescrición da sanción.

Artigo 133. Prescrición de infraccións e sancións.

1. As infraccións administrativas previstas nesta lei prescribirán: no prazo de tres anos as moi graves, no de dous anos as graves e no de un ano as leves.
2. As sancións impostas pola comisión de infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, en tanto que as impostas por graves ou leves farano aos dous anos e ao ano respectivamente.
3. Para o cómputo dos prazos de prescrición de infraccións e sancións haberá que atenderse ao disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
4. A declaración de prescrición da infracción ou da sanción levará consigo o arquivo das actuacións e a notificación ás persoas interesadas.

CAPÍTULO II. Infraccións administrativas

Artigo 134. Infraccións administrativas.

1. Constitúe infracción administrativa en materia de pesca marítima, marisqueo, actividades náuticas de recreo e subacuáticas profesionais e mais de ordenación do sector e da comercialización dos produtos pesqueiros toda acción ou omisión tipificada como tal nesta lei.

2. Constitúen tamén infracción administrativa as verteduras ou outras accións ou omisións de calquera natureza que, incidindo na calidade dos recursos mariños, se sitúen no ámbito das competencias autonómicas, agás naqueles supostos regulados pola normativa sectorial ou específica na materia.

3. A obtención de subvencións, préstamos e, en xeral, calquera tipo de axuda, con base en datos falsos, así como destinalas a fins distintos dos previstos, rexerase consonte coa normativa aplicable en materia de subvencións”.

Artigo 135. Tipos de infraccións.

As infraccións administrativas clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 136. Infraccións leves.

Considéranse infraccións leves as seguintes:

A) En materia de cooperación coas autoridades:

1. As faltas de respecto ás autoridades de vixilancia ou inspección cometidas con ocasión do exercicio das súas funcións.

2. A falta de auxilio ás autoridades de vixilancia e inspección sen xustificación cando se sexa requirido no caso de accións que afecten ou causen prexuízos aos recursos mariños.

3. A falta de colaboración das entidades representativas do sector coa administración no cumprimento dos requirimentos de documentación, prazos e trámites por realizar, cando se estea obrigado a prestar colaboración segundo a lexislación vixente, agás causa de forza maior debidamente xustificada.

B) En materia de pesca profesional e marisqueo:

1. Non levar consigo ou non exhibir o título administrativo habilitante ou a documentación que se estableza regulamentariamente sobre a actividade pesqueira ou marisqueira.

Malia o anterior, quedarase exento de responsabilidade de se presentar no prazo máximo de vinte e catro horas perante a autoridade competente a documentación requirida.

2. O incumprimento das disposicións regulamentarias sobre autorizacións ou concesións marisqueiras ou das condicións contidas na devandita autorización ou concesión.

3. Non ter regulamentariamente identificadas e balizadas as artes, os aparellos ou os útiles de pesca, así como utilizar boias ou balizas que non cumpran a normativa vixente.

4. O incumprimento da obriga de levar visibles, na forma prevista pola lexislación vixente, o folio e a matrícula da embarcación ou calquera outro distintivo ou ben impedir a súa visualización cando dificulte o exercicio da actividade inspectora.

C) En materia de pesca marítima de recreo:

1. Non levar no momento da práctica da pesca marítima de recreo a correspondente licenza que habilita para exercer a devandita actividade ou ben non a exhibir ao ser requirido para isto.

Malia o anterior, quedarase exento de responsabilidade de se presentar no prazo máximo de vinte e catro horas perante a autoridade competente a documentación requirida.

2. O incumprimento das condicións de acceso nas zonas definidas como reservadas ou prohibidas para a pesca marítima de recreo sen a preceptiva notificación ou autorización previa da consellaría competente.

3. O exercicio da pesca marítima de recreo con incumprimento das distancias mínimas establecidas na normativa vixente.

4. O incumprimento da obriga de levar visibles, na forma prevista pola lexislación vixente, o folio e a matrícula da embarcación ou calquera outro distintivo ou ben impedir a súa visualización cando dificulte o exercicio da actividade inspectora.

D) En materia de actividades náuticas de recreo e subacuáticas profesionais:

1. O incumprimento por parte das escolas de navegación de recreo das obrigas esixidas regulamentariamente en materia de información e reclamacións.

2. A realización de intervencións subacuáticas hiperbáricas sen portar a tarxeta de mergullo profesional ou o libro diario sen actualizar ou indebidamente dilixenciado.

Malia o anterior, quedarase exento de responsabilidade de se presentar no prazo máximo de vinte e catro horas perante a autoridade competente a documentación requirida.

E) En materia de ordenación do sector:

1. O incumprimento das preceptivas obrigas de información ás administracións públicas ou a súa comunicación incumprindo os prazos ou as condicións delas, cando non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

2. Cargar en calquera medio de transporte produtos pesqueiros fóra dos lugares ou dos portos autorizados para o efecto.

F) En materia de comercialización dos produtos pesqueiros:

A colocación nos circuítos comerciais de produtos do mar que incumpran parcialmente as normas de etiquetaxe, presentación ou publicidade nas diversas fases de comercialización, incluídos o transporte e a distribución ata o consumidor final

G) En materia de documentos de rexistro:

1. A anotación incorrecta nos documentos de rexistro.

2. O incumprimento da obriga de entrega do documento de rexistro nos prazos establecidos na normativa vixente.

H) As accións ou as omisións que supoñan o incumprimento das obrigas establecidas na lexislación pesqueira comunitaria ou previstas nos tratados ou convenios internacionais subscritos pola Unión Europea que afecten a actividade pesqueira e non supoñan infracción grave ou moi grave.

Artigo 137. *Infraccións graves.*

Considéranse infraccións graves as seguintes:

A) En materia de cooperación coas autoridades:

1. A obstrución dos labores de inspección.
2. O impedimento de obtención de mostras por parte de quen teña a titularidade de establecementos mariños ou auxiliares dirixidas ao control sanitario.
3. A non identificación do patrón e/ou persoa responsable da embarcación.
4. O incumprimento das medidas cautelares contempladas no artigo 149.1 da presente lei ou incumprimento da execución das operacións derivadas da opción comunicada á que se refire o artigo 150 desta lei.
5. Incumprimento da sanción de inmovilización temporal prevista no artigo 139.1.k desta lei.

B) En materia de pesca profesional e marisqueo:

1. A comisión da terceira infracción leve nesta materia dentro dun período de dous anos.

Relativas ao exercicio da actividade:

2. O exercicio da actividade extractiva sen o título administrativo habilitante.
3. A utilización para a captura de especies mariñas de equipos de respiración autónoma ou doutro tipo de equipos submarinos non autorizados.
4. A infracción das normas relativas aos topes de captura regulamentariamente establecidos.
5. O exercicio da actividade extractiva en fondos ou zonas prohibidas ou non autorizadas.
6. Non respectar os días ou os horarios establecidos para a actividade extractiva.
7. Realizar faenas de pesca sen acender ningunha das luces regulamentarias ou acender luces diferentes das que corresponden ao tipo de pesca que se realice.
8. O incumprimento da obriga de respectar distancias mínimas para buques e artes establecidas na normativa vixente, co fin de empecer as actividades pesqueiras.

9. A obtención dos títulos administrativos habilitantes con base en documentos, datos ou informes falsos.
10. Impedir ou obstaculizar indebidamente a actividade pesqueira ou marisqueira.
11. A realización de actividades de pesca ou marisqueo sen dispor dun seguro regulamentariamente establecido.
12. Manipular a matrícula da embarcación, cando dificulte o exercicio da actividade inspectora.
13. A falta ou defectuosa sinalización ou balizamento das áreas de explotación de bancos naturais autorizadas.
14. O incumprimento das normas dos plans de xestión aprobados pola consellería competente.
- Relativas ás especies:
15. A captura de especies ovadas ou de talla ou peso inferior ao establecido, segundo os límites e as condicións que se fixen regulamentariamente.
16. A captura de especies en época vedada, segundo os límites que se fixen regulamentariamente.
17. A introdución de especies ou de individuos en augas do litoral de Galicia sen cumprir cos requisitos que regulamentariamente se determinen.
18. A non comunicación á consellería competente, no prazo que regulamentariamente se determine, de mortalidades anómalas producidas.
- Relativas ás artes:
19. O uso ou a mera posesión, cando non se xustifique razoablemente a súa aplicación a mesteres distintos da pesca ou do marisqueo, de artes, aparellos ou instrumentos prohibidos ou con medidas antirreglamentarias.
20. A posesión na embarcación de artes de pesca en maior número do autorizado regulamentariamente, así como a súa utilización sen ningún tipo de identificación.
21. O uso ou a tenza a bordo de artes, aparellos ou útiles de pesca ou marisqueo distintos dos autorizados no título administrativo habilitante ou do que figura despachado no libro de alternancia, ou non anotar a devandita actividade na forma que regulamentariamente se estableza, agás casos puntualmente autorizados.
- Relativas aos medios de control:
22. A alteración dos datos ou das circunstancias que figuren na correspondente título administrativo habilitante.
23. Non cubrir o diario de pesca, a declaración de desembarco ou o libro de capturas ou ben outros documentos necesarios que acompañen os produtos da pesca ou do marisqueo ata os puntos de venda ou comercialización, ou facelo alterando os datos relativos ás capturas ou ao esforzo de pesca, infrinxindo a normativa en vigor, así como non levar a bordo o citado diario.
- C) En materia de pesca marítima de recreo:

1. A comisión dunha terceira infracción leve nesta materia nun período de dous anos.
2. O exercicio da pesca marítima de recreo sen a preceptiva licenza.
3. A tenza a bordo ou o emprego para a captura de especies mariñas de útiles prohibidos regulamentariamente.
4. A pesca marítima de recreo incumprindo os días e os horarios regulamentariamente establecidos.
5. A pesca marítima de recreo en fondos prohibidos ou en zonas ou épocas vedadas, así como de especies non permitidas.
6. A captura de especies de talla ou peso inferior ao establecido regulamentariamente.
7. O incumprimento dos topes de captura regulamentariamente establecidos na pesca marítima de recreo.
8. A comercialización das especies capturadas no exercicio da pesca marítima de recreo.
9. A captura de especies mariñas con equipos de respiración autónomos, semiautónomos ou calquera outro sistema que permita a respiración en inmersión ou mediante a utilización de artefactos hidroescorregadores ou vehículos similares.
10. O emprego de luces artificiais de superficie ou mergulladas ou de calquera outro medio que sirva de atracción ou de concentración artificial das especies que se vaian capturar.
11. A falta do balizamento regulamentario establecido.

D) En materia de actividades náuticas de recreo e subacuáticas profesionais:

1. A comisión dunha terceira infracción leve nesta materia nun período de dous anos.
2. A realización de prácticas polas escolas de navegación de recreo con instrutores con titulación insuficiente para o nivel correspondente.
3. Non manter actualizados e en vigor os seguros obrigatorios esixidos á escola.
4. A alteración de datos e o deficiente mantemento ou custodia, por parte da persoa obrigada a isto, do libro de rexistro de prácticas.
5. A alteración ou o referendo como xefe de equipo das anotacións do libro diario de mergullo con datos falsos.

6. Realizar actividades subacuáticas hiperbáricas sen a autorización expedida pola consellaría competente ou con incumprimento da devandita autorización.
7. O uso da tarxeta de mergullo profesional fóra do seu período de vixencia.
8. A realización de actividades subacuáticas hiperbáricas co libro diario fóra do período de vixencia.
9. O incumprimento por parte das escolas de navegación de recreo dos requisitos para o seu recoñecemento.

E) En materia de ordenación do sector:

1. A comisión dunha terceira infracción leve nesta materia nun período de dous anos.
2. Toda omisión ou falseamento grave de datos sobre a produción ou a venda de produtos obtidos na actividade pesqueira ou marisqueira, cando sexa obrigada a súa presentación ante a consellaría competente.
3. A realización de operacións de construción ou modernización de buques pesqueiros á marxe ou con incumprimento das preceptivas autorizacións dos departamentos da Xunta de Galicia no ámbito das súas competencias.
4. O exercicio de actividades profesionais pesqueiras sen estar en posesión da titulación que acredite a capacitación e a formación profesional marítimo-pesqueira.
5. O incumprimento da normativa vixente relativa á potencia dos motores ou a outros parámetros establecidos para embarcacións.
6. A entrada ou a saída do porto fóra do horario establecido para o exercicio da actividade pesqueira. Neste suposto deberáse ter en conta o tempo que regulamentariamente se determine como necesario e razoable para chegar á zona ou ao caladoiro onde se exercerá a actividade pesqueira, agás supostos de estado de necesidade, forza maior ou convenio entre a administración e os particulares afectados do sector, todo iso sen prexuízo das competencias concorrentes na materia.
7. O incumprimento dos descansos de pesca establecidos.
8. O desembarco, a carga ou a descarga de especies e produtos pesqueiros en condicións distintas das establecidas legalmente.
9. O cambio da base do buque pesqueiro sen obter previamente a correspondente autorización administrativa ou a súa utilización incorrecta, agás nos casos de forza

maior ou debido ao atraso ou á paralización inxustificada por parte dos organismos administrativos encargados do expediente de cambio de base.

10. O transporte de produtos procedentes da pesca ou do marisqueo sen a correspondente documentación esixida na normativa vixente.

11. A tenza, a consignación, o almacenamento, o transporte, a exposición e a primeira venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos pesqueiros prohibidos ou de talla ou peso antirreglamentario.

12. A exposición e a primeira venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos pesqueiros indebidamente identificados.

13. A tenza, a consignación ou o almacenamento de produtos pesqueiros sen elementos identificativos da súa trazabilidade con anterioridade á primeira venda e unha vez desembarcados ou descargados.

14. A falta de entrega dos produtos procedentes da pesca ou do marisqueo na lonxa de destino ou outros centros de venda, cando non sexan obxecto de primeira venda en orixe.

15. Non levar instalado a bordo o dispositivo de localización ou levalo danado, alterado ou en condicións que interfiran no seu axeitado funcionamento, por causas imputables ao interesado.

16. A contratación de persoal que non dispoña do título ou tarxeta profesional esixidos pola normativa vixente.

17. A permisión de que a realización dunha función ou servizo a bordo se leve a cabo por alguén sen a debida titulación ou a correspondente dispensa.

18. A obtención, mediante fraude ou documentación falsa, dun contrato para exercer algunha das funcións, ou desempeñar unha determinada tarefa para as cales a normativa vixente prescribe a necesidade de atoparse en posesión dun determinado título ou da correspondente dispensa.

19. A tenza, consignación, transporte, tránsito, almacenamento, transformación, exposición e venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos pesqueiros que non cumpran os requisitos de trazabilidade, etiquetado, hixiene ou información ao consumidor esixidos pola normativa vixente.

F) En materia de comercialización dos produtos pesqueiros:

1. A comisión dunha terceira infracción leve nesta materia nun período de dous anos.
2. A realización de actividades de compravenda de produtos pesqueiros en lugar ou forma non autorizados legalmente ou con incumprimento dos requisitos esixidos, así como a non expedición da nota de venda, a inclusión de datos falsos nela ou a non especificación esixida legalmente.
3. O transporte de produtos procedentes da pesca ou do marisqueo sen a correspondente documentación esixida na normativa vixente.
4. A identificación incorrecta nas caixas ou nas embalaxes das especies contidas.
5. A comercialización de especies pesqueiras con incumprimento da normativa sobre categorías de frescura e calibración, ou sen contar coas autorizacións necesarias ou en condicións distintas das establecidas nas devanditas autorizacións.
6. A tenza, a consignación, o transporte, o tránsito, o almacenamento, a transformación, a exposición e a venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos pesqueiros prohibidos ou de talla ou peso inferior ao regulamentario.
7. A comercialización de produtos da pesca e do marisqueo de calquera orixe ou procedencia cunha talla ou peso inferior ao regulamentario de cada modalidade, ou dos que o seu modo de obtención non sexa conforme coa normativa internacional, comunitaria, estatal e autonómica aplicable na materia, ou que incumpran a normativa sanitaria que en cada momento se estableza.
8. A negativa inxustificada polas entidades xestoras das lonxas ou dos centros de venda a prestaren os servizos necesarios para a primeira venda e comercialización.
9. A colocación en circuitos comerciais de produtos do mar sen ningún dos datos obrigados esixidos pola normativa de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos do mar nas diversas fases de comercialización, incluídos o transporte e a distribución deles ata o consumidor final.
10. A realización de actividades de compravenda de produtos da pesca ou do marisqueo que dificulten, impidan ou evadan o seguimento da súa trazabilidade.
11. Permitir a actuación a novas vendedurías por parte das entidades xestoras ou concesionarias de lonxas pesqueiras.

G) En materia de conservación do medio mariño:

1. Calquera actuación de conservación e rexeneración de recursos pesqueiros en zonas mariñas costeiras sen a correspondente autorización administrativa, sempre que o devandito suposto non estea regulado pola normativa sectorial ou específica sobre a materia.

2. Calquera actuación ou variación das características do medio mariño, tanto na zona marítima coma marítimo-terrestre ou do bordo litoral, que non cumpra as normas de protección ambiental aprobadas, cando esta actuación non estea regulada pola normativa ambiental ou específica sobre a materia.

3. O incumprimento das medidas correctoras ou compensatorias ou do programa de vixilancia ambiental, así como das disposicións contidas na declaración de impacto ambiental.

H) En materia de documento de rexistro:

A alteración ou o falseamento dos datos do documento de rexistro.

Artigo 138. Infraccións moi graves.

Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

A) En materia de cooperación coas autoridades:

A resistencia ou a desobediencia grave ás autoridades de vixilancia ou inspección con impedimento do exercicio dela, así como a violencia exercida sobre os citados axentes no cumprimento das súas funcións.

B) En materia de pesca profesional e marisqueo:

1. A comisión dunha terceira infracción grave nesta materia nun período de dous anos.

Relativas ao exercicio da actividade:

2. O emprego de armas ou substancias velenosas, corrosivas, explosivas, paralizantes, soporíferas ou contaminantes nos labores de pesca ou marisqueo, e mais a súa tenza ou transporte.

3. A explotación de recursos mariños en bancos naturais sen contar coa preceptiva autorización administrativa.

4. Exercer faenas de pesca profesional sen estar incluído nos censos establecidos regulamentariamente.

Relativas ás artes:

5. O emprego en faenas de pesca ou de marisqueo de artes ou métodos de arrastre, agás nos casos regulamentados.

Relativas ás especies:

6. A extracción, a posesión, o transporte ou a comercialización de especies mariñas procedentes de zonas de produción pechadas por motivos de seguranza alimentaria e/ou hixiénico-sanitarios.

7. A introdución en augas do litoral da Comunidade Autónoma galega, sen cumprir os requisitos que regulamentariamente se determinen, de especies ou individuos alóctonos ou daqueles dos que a súa introdución poña en perigo a clasificación sanitaria do lugar onde se efectúe.

C) En materia de pesca marítima de recreo:

1. A comisión dunha terceira infracción grave nesta materia nun período de dous anos.

2. A alteración dos datos ou das circunstancias que figuren na correspondente licenza de pesca marítima de recreo, así como o uso fraudulento dela.

3. A obtención da licenza de pesca marítima de recreo con base en documentos, datos ou información falsos.

4. O uso de substancias venenosas, narcóticas, explosivas ou contaminantes.

D) En materia de actividades náuticas de recreo e subacuáticas profesionais:

1. A comisión dunha terceira infracción grave nesta materia nun período de dous anos.

2. A expedición polas escolas de navegación de recreo de certificados de prácticas sen a realización total ou parcial dos programas correspondentes ou a súa denegación in -
xustificada a persoas que as realizen.

3. Practicar o mergullo carecendo de título para el ou sen a titulación adecuada ao ni -
vel de exposición hiperbárica da intervención, así como alterar os datos ou as circuns -
tancias que figuren na tarxeta ou libro diario de mergullo ou na autorización para a rea -
lización das actividades.

4. A alteración dos datos con falsidade ou das circunstancias que figuren na correspon -
dente tarxeta de mergullo profesional ou no libro diario de mergullo así como o uso
fraudulento deles.

5. Achegar documentos, datos ou información falsos para obter calquera título ou au -
torización.

E) En materia de ordenación do sector e comercialización dos produtos pesqueiros:

1. A comisión dunha terceira infracción grave nesta materia nun período de dous anos.

2. A obtención das autorizacións precisas con base en documentos ou informacións fal -
sos.

3. A realización de toda conducta tipificada como grave, cando supoña un incumpri -
mento das obrigas establecidas en virtude de Tratados Internacionais ou normas de
terceiros países, que estean relacionadas con actividades de pesca de buques apátri -
das, buques con pavillón de países clasificados regulamentariamente como de abandei -
ramento de conveniencia ou buques de países terceiros identificados polas Organiza -
cións Rexionais de Ordenación Pesqueira ou outras Organizacións Internacionais por
ter incorrido en actividades de pesca ilegal, non declarada e non regulamentada ou
contrarias ás medidas de conservación e xestión dos recursos pesqueiros.

F) En materia de conservación do medio mariño:

1. As actividades que prexudiquen, alteren ou destrúan reservas de pesca ou zonas de
especial interese pesqueiro.

2. Verter ao mar organismos, substancias ou produtos que polas súas características biolóxicas ou químicas lles causen prexuízo aos recursos mariños, agás os supostos previstos na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

3. Calquera actuación exercida sobre o medio mariño, o medio marítimo-terrestre ou o bordo litoral que cause efectos nocivos sobre os recursos pesqueiros e marisqueiros cambiando as súas características, agás os supostos previstos na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

4. O incumprimento do establecido na declaración de impacto ambiental cando o devandito incumprimento cause un grave prexuízo para o sector pesqueiro e marisqueiro.

CAPÍTULO III.- Sancións

Artigo 139. Clases de sancións.

1. As sancións que se poden aplicar pola comisión das infraccións previstas nesta Lei son as seguintes:

a) Apercibimento.

b) Amoestación pública.

c) Multa.

d) Assignación de puntos conforme á normativa en vigor

e) Inhabilitación para o exercicio ou o desenvolvemento de actividades pesqueiras, marisqueiras, de mergullo profesional ou de formación náutica de recreo.

f) Suspensión, retirada ou non renovación das autorizacións, licenzas ou permisos.

g) Imposibilidade de ser beneficiario ou beneficiaria de préstamos, subvencións ou axudas públicas convocadas pola Administración autonómica nas materias reguladas nesta lei

h) O comiso dos aparellos, as artes, os útiles, os instrumentos ou os equipos de todo xénero empregados para a comisión dalgún dos feitos tipificados como infracción nesta Lei.

i) A incautación da embarcación

j) O comiso das capturas pesqueira ou marisqueiras ou dos produtos da pesca ou do marisqueo ou dos produtos ou bens obtidos na comisión das infraccións.

k) A inmovilización temporal da embarcación, a costa do sancionado.

l) A suspensión do estatuto de operador económico autorizado.

m) A suspensión da actividade ou da actuación que supoña unha infracción en materia de conservación do medio mariño.

n) A destrución, a costa do sancionado, dos aparellos, as artes, os útiles, os instrumentos, as embarcacións ou os equipos de todo xénero empregados para a comisión dalgún dos feitos tipificados como infracción nesta Lei, ou dos produtos ou bens obtidos

Estas sancións serán acumulables consonte o establecido nesta Lei.

2. A imposición das sancións realizarase de acordo cos seguintes requisitos:

a) O apercibimento soamente poderá impoñerse para infraccións leves.

b) A amoestación pública soamente poderá impoñerse para infraccións leves, graves e moi graves.

c) A sanción pecuniaria poderase impoñer coas regras previstas no artigo 142.

d) A asignación de puntos realizarase consonte a normativa en vigor.

e) A inhabilitación para o exercicio ou o desenvolvemento de actividades pesqueiras, marisqueiras, de mergullo profesional ou de formación náutica de recreo, non poderá ser superior a un período de tres anos en caso de infraccións graves e de cinco anos en caso de infraccións moi graves. Esta sanción non poderá aplicarse no caso de infraccións leves.

f) A suspensión, retirada ou non renovación das autorizacións, licenzas ou permisos non poderá ser superior a un período de tres anos en caso de infraccións graves e de

sete anos en caso de infraccións moi graves. Esta sanción non poderá aplicarse no caso de infraccións leves.

g) Imposibilidade de ser beneficiario ou beneficiaria de préstamos, subvencións ou axudas públicas convocadas pola Administración autonómica nas materias reguladas nesta lei non poderá ser superior a un período de dous anos en caso de infraccións leves, tres anos en caso de infraccións graves e de sete anos en caso de infraccións moi graves.

h) O comiso dos aparellos, as artes, os útiles, os instrumentos ou os equipos de todo xénero empregados para a comisión dalgún dos feitos tipificados como infracción nesta Lei poderá impoñerse con independencia da cualificación da infracción.

i) O comiso das capturas pesqueira ou marisqueiras ou dos produtos da pesca ou do marisqueo ou dos produtos ou bens obtidos na comisión das infraccións poderá impoñerse con independencia da cualificación da infracción.

j) A incautación da embarcación soamente poderá impoñerse en caso de infraccións moi graves

k) A inmovilización temporal da embarcación non poderá ser superior a un período de seis meses en caso de infraccións leves, un ano en caso de infraccións graves e de tres anos en caso de infraccións moi graves.

l) A suspensión do estatuto de operador económico autorizado non poderá ser superior a un período de dous anos en caso de infraccións leves, tres anos en caso de infraccións graves e de sete anos en caso de infraccións moi graves.

m) A suspensión da actividade ou da actuación que supoña unha infracción en materia de conservación do medio mariño impoñerase ata que se adopten as medidas que garantan o seu cesamento.

n) A destrución, a costa do sancionado, dos aparellos, as artes, os útiles, os instrumentos, as embarcacións ou os equipos aplicarase con independencia da cualificación da infracción.

3. O órgano sancionador poderá acordar a imposición de multas coercitivas, consonte coa normativa reguladora do procedemento administrativo común, así que transcorran os prazos sinalados no requirimento correspondente.

A contía de cada unha das devanditas multas non superará o vinte por cento da multa fixada pola infracción correspondente.

4. Cando se utilizase o buque ou a embarcación para efectuar o transporte de drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas, transporte ilegal de inmigrantes ou para calquera outra actividade constitutiva de delito e se determinase por resolución xudicial firme a responsabilidade dos autores, estes quedarán inhabilitados para o exercicio ou o desenvolvemento das actividades pesqueiras durante un período de dez anos.

Artigo 140. Obriga de reparación e indemnización.

1. Sen prexuízo das sancións penais ou administrativas que en cada caso procedan, a persoa infractora deberá reparar o dano causado na forma e nas condicións fixadas polo órgano sancionador. Esta obriga é imprescritible no caso de recuperación dos bancos naturais e das reservas mariñas.

2. A reparación terá como obxectivo a recuperación e/ou restauración das especies, do banco natural, das reservas mariñas ou dos espazos afectados como consecuencia da infracción cometida, á situación previa aos feitos constitutivos da infracción sancionada.

A persoa causante do dano estará obrigada a indemnizar a parte do dano que non poida ser reparado, así como os prexuízos causados

3. En todo caso, as medidas de recuperación e/ou restauración deberán ser determinadas e supervisadas por persoal técnico e adoptadas motivadamente na resolución sancionadora.

Artigo 141.- Graduación das sancións.

1. A determinación das sancións efectuarase de acordo coas seguintes circunstancias:

- a) O grao de negligencia ou intencionalidade da persoa infractora.
- b) A reincidencia das infraccións cometidas.
- c) A reiteración.
- d) A índole ou a transcendencia dos prexuízos causados ao medio, aos recursos mariños, a bens de dominio público ou a terceiros, e a afección a zonas con protección medioambiental ou pesqueira.

- e) O beneficio obtido na comisión da infracción.
 - f) O prezo en lonxa ou de mercado das especies capturadas, cultivadas, transportadas ou comercializadas.
 - g) Tamaño e potencia dos motores
 - h) Posibilidade de restitución do dano causado como consecuencia da comisión da infracción.
2. Considérase circunstancia atenuante proceder a corrixir a infracción cometida no prazo que se sinala no correspondente requirimento.

Artigo 142.- Criterios para a imposición das sancións pecuniarias.

1. As sancións pecuniarias imponse de acordo cos seguintes tramos:
 - a) As infraccións leves sancionaranse con multa de 60 a 600 euros.
 - b) As infraccións graves sancionaranse con multa de 601 a 60.000 euros.
 - c) As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 60.001 a 600.000 euros

2. Dentro dos tramos precedentes, as sancións pecuniarias imponse atendendo aos criterios sinalados no artigo anterior, nos grados mínimo, medio e máximo do seguinte modo:
 - a) Sanción pecuniaria por infracción leve:
 - 1º Grado mínimo: de 60 a 200 euros
 - 2º Grado medio: de 201 a 400 euros
 - 3º Grado máximo: de 401 a 600 euros

 - b) Sanción pecuniaria por infracción grave:
 - 1º Grado mínimo: de 601 a 15.000 euros
 - 2º Grado medio: de 15.001 a 40.000 euros
 - 3º Grado máximo: de 40.001 a 60.000 euros

 - c) Sanción pecuniaria por infracción moi grave:
 - 1º Grado mínimo: de 60.001 a 120.000 euros
 - 2º Grado medio: de 120.001 a 240.000 euros
 - 3º Grado máximo: de 240.001 a 600.000 euros

3. A contía da sanción poderá minorarse motivadamente, atendendo ás circunstancias específicas do caso, cando a sanción resulte excesivamente onerosa ou cando o infractor corrixa a situación creada pola comisión da infracción. Este efecto minorador da culpabilidade poderá implicar que o órgano sancionador

aplique unha sanción correspondente a categorías infractoras de inferior gravidade que a infracción cometida.

Artigo 143. Reincidencia e reiteración.

1. Existirá reincidencia cando no prazo dun ano se cometa máis dunha infracción na mesma materia e cualificación. Este prazo dun ano computarase desde que a primeira resolución fora firme en vía administrativa ata a data da comisión da nova infracción.
2. Existirá reiteración cando concorran varias irregularidades ou infraccións na mesma materia que se tramiten no mesmo procedemento e foran constatadas en diversos momentos a través de distintas actas de inspección ou denuncias.

CAPÍTULO IV.- Procedemento sancionador.

Artigo 144. Procedemento sancionador.

1. A imposición de sancións tipificadas nesta lei axustarase ao procedemento sancionador regulado neste título e, subsidiariamente, ao establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común, así como ás demais disposicións aplicables.
2. Exclúese a aplicación do procedemento simplificado para a tramitación do procedemento sancionador pola comisión das infraccións reguladas nesta lei.

Artigo 145. Órganos competentes.

1. A competencia para acordar a iniciación do procedemento sancionador corresponde á persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de pesca.

2. Será competente para a instrución do procedemento o funcionario ou a funcionaria designada pola persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de pesca.

3. A competencia para a imposición de sancións corresponderalles:

a) Á persoa titular da xefatura territorial do ámbito no que se cometese a infracción, nos casos de infraccións sancionadas con multas de contía inferior a 15.000 euros.

b) Ás persoas titulares dos órganos superiores, distintas da persoa titular da consellería competente en materia de pesca, ou, en defecto de aqueles, das direccións xerais no ámbito das súas competencias, nos casos de infraccións sancionadas con multas de contía comprendida entre 15.000 e 60.000 euros.

c) Á persoa titular da consellería competente en materia de pesca, nos casos de infraccións sancionadas cunha multa de contía superior á sinalada na letra anterior desta alínea.

4. Nos casos en que se imputen diversas infraccións na tramitación dun procedemento sancionador, a distribución da competencia para a imposición de sancións prevista neste artigo deberá aplicarse tomando en consideración a contía total das sancións que se impoñen na resolución do procedemento sancionador, sen prexuízo da obriga de individualizar na resolución do procedemento as sancións que se impoñen por cada unha das infraccións cometidas.

5. A competencia para a imposición das sancións accesorias corresponderalle ao mesmo órgano ao que lle competa a imposición da sanción principal.

Artigo 146. *Prazo de tramitación.*

1. O prazo para tramitar, resolver e notificar a resolución sancionadora será de seis meses para as infraccións leves, e de nove meses para as infraccións graves e moi graves. Dito prazo computarase desde a adopción do acordo de iniciación do procedemento sancionador

2. Ao transcorrer o devandito prazo, tendo en conta as posibles interrupcións do seu cómputo por causas imputables ás persoas interesadas ou pola suspensión do procedemento, declararase a caducidade das actuacións, sen prexuízo de solicitar así mesmo ao órgano competente o inicio dun novo procedemento, en tanto non prescribira a infracción.

Artigo 147. Actas de inspección.

1. As actas de inspección redactadas polo persoal funcionario da Subdirección de Gardacostas de Galicia terán a condición de documento público e gozarán de eficacia probatoria respecto dos feitos nelas denunciados, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos e intereses poidan sinalar ou achegar as persoas interesadas.

2. As actas deberán expresar os feitos e as circunstancias relacionadas coa presunta infracción, os medios técnicos empregados desde terra, embarcacións ou aeronaves para a súa comprobación e mais os datos que identifiquen as persoas ou as entidades que interveñan na infracción detectada, así como as medidas cautelares adoptadas conforme co establecido nesta lei. Sempre que sexa posible, achegarase á acta o material gráfico ou calquera outro elemento obxectivo que acredite a presunta infracción.

3. Unha copia da acta seralle entregada á presunta persoa infractora no mesmo acto de levantamento. Se isto non é posible, faranse constar as circunstancias que o impediron, e entregarase posteriormente ao se lle notificar a incoación do procedemento.

4. Naqueles casos nos que a labor de inspección dos documentos que acrediten a trazabilidade ou a orixe dos produtos se realice nas dependencias administrativas, a acta de inspección remitirase ao presunto infractor co acordo de inicio do procedemento sancionador.

5. A resolución administrativa que, se for o caso, poña fin ao procedemento sancionador poderá ser solicitada, para o seu coñecemento, polo persoal funcionario da Subdi-

rección de Gardacostas de Galicia que redactase a acta de inspección que deu lugar á apertura do procedemento.

Artigo 148. *Notificacións.*

De conformidade co disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común, ou as persoas interesadas que dirixan as actividades pesqueiras, entenderanse notificados unha vez practicada a notificación ao titular da licenza de pesca co que prestaren o seu servizo.

Artigo 149. *Medidas cautelares.*

1. Para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer e a boa fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción e mais garantir a protección dos recursos marítimo-pesqueiros e os demais intereses xerais, poderanse adoptar as seguintes medidas cautelares:

a) A incautación dos produtos da pesca e do marisqueo, debendo definir o acordo a descrición do incautado.

b) A incautación de artes, aparellos, útiles de pesca e marisqueo, vehículos, embarcacións, equipos ou outros accesorios que fosen empregados na comisión de infraccións tipificadas nesta lei como graves ou moi graves, debendo definir o acordo a descrición do incautado.

c) A constitución de fianza.

d) O peche temporal das instalacións e dos establecementos.

e) A suspensión temporal dos títulos administrativos habilitantes.

f) A retención temporal da tarxeta profesional náutico-pesqueira que habilita para o exercicio da profesión de capitán ou capitá, ou de patrón ou patroa, nun buque pesqueiro.

g) A suspensión temporal da actividade ou da actuación que supoña unha infracción en materia de conservación do medio mariño ata que se adopten as medidas que garantan o seu cesamento.

2. A adopción destas medidas realizarase motivadamente e baseándose nun xuízo de razoabilidade, elixindo aquela que menos dane a situación xurídica do administrado. En todo caso, respectarase o principio de proporcionalidade da medida que se vai adoptar cos obxectivos que se pretenda garantir en cada caso concreto.

3. Antes de se iniciar o procedemento, cando resulte preciso por razóns de urxencia ou de necesidade, o persoal funcionario da Subdirección de Gardacostas de Galicia poderá adoptar verbalmente as medidas cautelares previstas na alínea 1, letras a) e b), deste artigo; proceder do que dará razón na correspondente acta. En defecto desta, deberase reflectir o oportuno acordo e a súa motivación por escrito coa maior brevidade posible, e en todo caso nun prazo non superior a cinco días, e daráselles traslado del ás persoas interesadas e á xefatura territorial. As medidas cautelares deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que se deberá efectuar dentro dos quince días seguintes á súa adopción.

En todo caso, as devanditas medidas cautelares quedarán sen efecto de non se iniciar o procedemento no devandito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca delas.

4. As medidas cautelares tamén as poderá adoptar, así que se inicie o procedemento sancionador, a persoa titular da xefatura territorial da consellaría competente en materia de pesca. Durante a súa tramitación, poderán ser alzadas ou modificadas en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser tidas en conta no momento da súa adopción.

5. As medidas cautelares adoptadas extinguíranse coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento sancionador.

Artigo 150. Efectos da confirmación das medidas cautelares.

1. Se o órgano competente para iniciar o procedemento sancionador confirma a incautación dos produtos da pesca ou do marisqueo, este poderá acordar, na incoación, que o responsable ou o titular dos dereitos sobre os produtos disporán dun prazo de quince días para optar por algunha das seguintes operacións, en función dos supostos que motivaron a adopción da medida cautelar:

a) Regularizar e corrixir a non conformidade dos produtos, coa adaptación da súa etiquetaxe e presentación á normativa aplicable.

b) Destinar os produtos a outros sectores diferentes do alimentario, en particular para uso industrial, con exclusión da alimentación humana ou animal, segundo corresponda.

2. Con anterioridade á confirmación da inmovilización cautelar, o responsable ou o titular de dereitos sobre os produtos inmovilizados poderase dirixir ao órgano competente para iniciar o procedemento, co obxecto de que lle facilite as opcións ás que pode optar.

O órgano competente para iniciar o procedemento, mediante resolución motivada, comunicará as opcións que procedan de entre as especificadas no apartado 1 deste artigo.

3. A execución das opcións ás que fan referencia os apartados 1 e 2 deberá ser verificada polo persoal da Subdirección de Gardacostas de Galicia, que deberá deixar constancia en acta do seu cumprimento.

4. Na resolución que decida sobre as medidas cautelares, o órgano competente decidirá subsidiariamente o destino dos produtos inmovilizados para o suposto de que o responsable ou o titular destas non opte, no prazo outorgado para o efecto, por ningunha das especificadas singularmente.

5. O órgano competente para iniciar o procedemento sancionador poderá ordenar o levantamento da medida cautelar de constatar que os produtos foron regularizados ou

se lles deu un dos destinos especificados singularmente, sen prexuízo da sanción que puidese, de ser o caso, corresponder.

5. Os gastos derivados destas operacións serán por conta do responsable ou o titular dos dereitos sobre os produtos.

Artigo 151. *Destino dos produtos e bens incautados.*

1. No momento da incautación dos produtos, o persoal inspector poderá determinar os seguintes destinos, que se reflectirán na acta:

a) Devolveranse ao medio do que foron extraídas as especies procedentes da pesca ou do marisqueo que teñan posibilidades de sobrevivir.

b) De estaren as especies mortas ou estando vivas non poidan ser devoltas ao medio, tendo en conta o seu volume e condicións hixiénico-sanitarias, o seu destino poderá ser algún dos seguintes:

- Entrega, para o seu consumo, a unha entidade prestadora de interese asistencial ou de servizos sociais.

- Destrución.

- Destinar os produtos a outros sectores diferentes do alimentario, en particular para o uso industrial, con exclusión da alimentación humana ou animal, segundo corresponda.

2. De ser antirregulamentarios as artes, os aparellos, os útiles de pesca e marisqueo, os equipos ou os outros accesorios incautados, acordarase a súa destrución na resolución que finalice o procedemento.

3. As artes, os aparellos, os útiles de pesca e marisqueo, os vehículos, as embarcacións, os equipos ou os outros accesorios regulamentarios incautados serán liberados logo da constitución de fianza, cuxa contía fixará no acordo de inicio do procedemento, a persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de pesca, e aquela non poderá exceder do importe da sanción que poida corresponder pola infracción ou as infraccións cometidas.

4. O importe dos gastos derivados da adopción das medidas anteriormente descritas esixiráselle á persoa imputada na resolución do procedemento, de se apreciar nesta a comisión da infracción.

5. No suposto de actuacións do persoal da Subdirección de Gardacostas de Galicia nas que se adoptara a medida cautelar da incautación de artes, aparellos, útiles de pesca e marisqueo, embarcacións, equipos ou outros accesorios regulamentarios e cando estes carezan de datos ou elementos identificativos da súa titularidade que impidan a apertura dun procedemento sancionador, e non foran reclamados nun prazo de trinta días desde a incautación, a persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de pesca determinará, mediante resolución que será publicada no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento, algún dos seguintes destinos:

a) De non ser susceptibles de uso lícito, procederase a súa destrución.

b) De ser de uso lícito, acordará a súa venda en poxa pública, que será realizada consonte co procedemento que se estableza regulamentariamente.

c) De ser de uso lícito, pero estar deteriorados, procederase a súa destrución.

6. Se na resolución do procedemento sancionador non se aprecia a comisión da infracción, nesta resolución acordarase a devolución dos produtos ou bens incautados ou, cando for o caso, o seu valor. Se a persoa interesada non se fixese cargo deles no prazo de seis meses desde que reciba a notificación da antedita resolución, presumirase o seu abandono, e a xefatura territorial correspondente da consellaría competente, unha vez esgotada a vía administrativa, deberá decidir o seu destino consonte co previsto nos apartados anteriores e mediante resolución publicada no Diario Oficial de Galicia.

7. Se na resolución do procedemento sancionador se aprecia a comisión de infracción, os obxectos incautados que sexan antirreglamentarios serán destruídos. De ser lícito o seu uso e sempre que na resolución sancionadora non se estableza o seu comiso como sanción accesoria ou como medida cautelar para asegurar a eficacia da sanción en tan - to non sexa executiva, acordarase a súa devolución. Se a persoa interesada non se fixe - se cargo deles no prazo de seis meses desde que reciba a notificación da resolución, presumirase o seu abandono, e o órgano competente para resolver acordará a súa venda en poxa pública, que será realizada consonte co procedemento que se estableza

regulamentariamente ; tamén poderán entregalos a entidades sen ánimo de lucro ou de carácter asistencial ou de servizos sociais, científico, educativo ou cultural ou proceder á súa destrución. Neste último caso, o importe dos gastos da destrución esixiráselle á persoa sancionada.

8. Os obxectos incautados e de uso lícito, sobre os que se estableza o seu comiso como sanción accesoria poderán ser:

- a) vendidos en poxa pública, que será realizada consonte co procedemento que se estableza regulamentariamente
- b) Cedidos a entidades sen ánimo de lucro ou de carácter asistencial ou de servizos sociais, científico, educativo ou cultural.
- c) Destruídos.

9. Deixarase constancia en acta da execución das actuacións previstas nos distintos apartados deste artigo.

Artigo 152. Medios de execución forzosa.

1. Se os infractores non proceden á reparación ou á indemnización ou ao cumprimento da sanción accesoria, de acordo co establecido nesta lei, e logo de transcorrido o prazo sinalado no requirimento correspondente, a administración instrutora poderá acordar a imposición de multas coercitivas ou a execución subsidiaria.

2. As multas coercitivas serán reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado, e a contía de cada unha das ditas multas non superará o 20% da multa fixada pola infracción cometida.

3. A execución subsidiaria da reparación ordenada será a custa do infractor.

4. No caso de que o sancionado mediante resolución firme na vía administrativa non pague a sanción, non cumpra a sanción accesoria ou a indemnización imposta no período voluntario conferido para o efecto, poderá esixírselle pola vía de constrinximento.

5. No suposto recollido no punto anterior seguirase o procedemento previsto nas normas reguladoras do procedemento recadatorio na vía executiva.

Artigo 153. Recoñecemento de responsabilidade.

1. Cando a sanción que se puidese impor no procedemento sancionador tivese carácter pecuniario e se fixase a súa contía, ben no acordo de iniciación, ben na proposta de resolución, o recoñecemento de responsabilidade e a conformidade con ela polo presunto responsable ou o pagamento da sanción, ambos en calquera momento anterior á resolución determinará o remate do procedemento.

Neste caso, a resolución do procedemento sancionador recollerá unha redución do trinta por cento sobre o importe da sanción proposta.

2. Da circunstancia da posibilidade de redución da sanción por recoñecemento de responsabilidade ou por abono da sanción antes de que se notifique a resolución do procedemento, porase en coñecemento do interesado na notificación de inicio do procedemento sancionador.

3. O disposto na alínea primeira deste artigo non será aplicable cando a persoa infractora incorra no suposto de reincidencia previsto nesta lei.

4. No caso de que, pese a que o infractor recoñeza a súa responsabilidade, non efectúe o pagamento no período voluntario, non se aplicará a redución do trinta por cento sobre o importe da sanción prevista no punto dous do parágrafo un deste artigo.

5. O recoñecemento da responsabilidade e o abono da sanción en período voluntario antes da resolución implicará o desistimento ou renuncia a calquera acción ou recurso contra a sanción.

CAPÍTULO V. Loita contra a pesca ilegal dos buques con abandeiramento de conveniencia

Artigo 154. Abandeiramento de conveniencia.

1. Os países e os territorios aos que se lles atribúe a cualificación de abandeiramento de conveniencia serán os cualificados pola Unión Europea, o Estado español ou as organizacións rexionais de ordenación pesqueira (ORP) como non cooperantes na súa área de regulación, de acordo cos criterios establecidos polas devanditas administracións ou organizacións.

2. Os buques apátridas ou sen nacionalidade terán, en todo caso, a consideración de buques con abandeiramento de conveniencia.

3. Queda prohibido o desembarco, o transporte e a comercialización de capturas procedentes de buques identificados pola Unión Europea, o Estado español ou as organizacións rexionais de ordenación pesqueira por levaren a cabo actividades de pesca ilegal ou contrarias ás medidas de conservación e xestión na súa área de regulación; nestes casos aplicarase o réxime sancionador vixente sobre a materia.”

Dez. Engádese unha nova disposición adicional Décimo cuarta, que queda redactada do seguinte xeito:

“Décimo cuarta.- Revisión das autorizacións e concesións marisqueiras

“As autorizacións e concesións marisqueiras serán revisadas consonte co procedemento que se estableza regulamentariamente.”

Once. Engádese unha nova disposición adicional Décimo quinta, que queda redactada do seguinte xeito:

“Décimo quinta.- Cómputo de prazos relativos a comisión de infraccións

“O cómputo do prazo de dous anos contemplados nos artigos 137.B).1, 137.C).1, 137.D).1, 137.E).1, 137.F).1, 138.B).1, 138.C).1, 138.D).1 e 138.E).1 efectuarase aplicando os seguintes condicionantes:

- Entenderase como día do comezo do cómputo do prazo dos dous anos o día no que adquire firmeza na vía administrativa a primeira das resolucións sancionadoras, e

- Esixirase que tanto a primeira como a segunda resolución sancionadora foran firmes en vía administrativa, e
- Deberase ter cometido a terceira infracción dentro do prazo de dous anos desde que a primeira das resolucións sancionadoras adquirira firmeza en vía administrativa.”

Doce. Engádese unha nova disposición transitoria novena, que queda redactada do seguinte xeito:

“Novena.- Réxime transitorio das vendedurías

1. Para os efectos desta lei, entendese por vendeduría aquela persoa física ou xurídica que realiza operacións comerciais de primeira venda entre produtores/as e compradores/as no ámbito das lonxas.

2. As vendedurías, figura a extinguir, están obrigadas ao cumprimento da normativa vixente en materia de especies, comercialización, identificación e trazabilidade dos produtos expostos ou vendidos.

3. Non se permitirá a creación de novas vendedurías a partir da entrada en vigor desta lei.”

Trece. Engádese unha nova disposición transitoria décima, que queda redactada do seguinte xeito:

“Décima.- Réxime transitorio para a instalación de localizadores.

As persoas responsables dos buques pesqueiros que teñan porto base na Comunidade Autónoma de Galicia están obrigados a instalar e manter os dispositivos de localización a que fai referencia o artigo 77 ter desta Lei nas condicións e prazos que determine, mediante orde, a persoa titular da consellería competente en materia de pesca.”

Catorce. Engádese unha nova disposición transitoria décimo primeira, que queda redactada do seguinte xeito:

“Décimo primeira.- Réxime transitorio das suspensións condicionais.

1. Á entrada en vigor desta disposición, a suspensión condicional que xa lle fora concedida ás persoas seguirá vixente nas condicións e nos prazos polos que fora concedida.
2. Aquelas solicitudes que foran presentadas con anterioridade a entrada en vigor desta disposición e que non estivesen resoltas no momento da súa entrada en vigor, continuarán a súa tramitación consonte coa normativa vixente no momento da súa solicitude.
3. En ningún caso, despois da entrada en vigor desta disposición se concederan novas suspensións condicionais da sanción, agás no caso contemplado no punto anterior.”

Quince. Engádese unha nova disposición transitoria décimo segunda, que queda redactada do seguinte xeito:

“Décimo segunda.- Réxime transitorio para os procedementos sancionadores.

Os procedementos sancionadores iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta disposición tramitaranse ata a súa resolución de acordo co previsto na normativa aplicable no momento da súa incoación, sen prexuízo da retroactividade desta norma en canto sexa mais favorable.”

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA. Modificación da Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia.

A Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese un novo artigo 11 bis, que queda redactado como sigue:

“Artigo 11 bis.- Intervención administrativa nos órganos de goberno das confrarías.

1. A administración tutelante poderá proceder, mediante decreto, á intervención administrativa dos órganos de goberno das confrarías no caso de que observase faltas graves na xestión económica que puidese poñer en perigo a súa existencia, así como nos supostos de imposibilidade de funcionamento normal de aqueles.

A estes efectos, previamente á aprobación do decreto, concederáse un prazo de quince días á confraría afectada e á Federación Galega de Confrarías de Pescadores para que

efectúen as alegacións que estimen convenientes, podendo reducirse o devandito prazo a cinco días naqueles casos en que o transcurso daquel prazo poida levar consigo prexuízos de imposible ou difícil reparación.

2. O decreto que acorde a intervención administrativa determinará o seu prazo de duración, que non poderá exceder de seis meses, prorrogables por outro período de igual duración mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de confrarías, así como o órgano xestor ou un ou varios interventores, que terán as funcións de xestión ordinaria e defensa dos intereses da confraría .

3. Se, transcorrido o prazo de intervención administrativa, subsistisen as razóns que deron lugar á mesma, procederase, mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de confrarías, á disolución dos órganos de goberno das confrarías, así como á convocatoria de novas eleccións, manténdose nas súas funcións, ata a constitución dos novos órganos reitores, o órgano ou interventor designado. No caso de que os órganos xestores ou o interventor ou interventores nomeados ao efecto considerasen inviable economicamente a continuidade da confraría, poderán elevar proposta de disolución ao Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación mediante decreto, previa audiencia dos seus órganos reitores e da Federación Galega de Confrarías .

4. O decreto de disolución a que se refire o apartado anterior terá o seguinte contido mínimo:

- Mantemento do órgano xestor ou interventor ou interventores no exercicio das súas funcións ata a apertura da fase de liquidación.

- Chamamento aos posibles acredores da confraría para que poñan en coñecemento do xestor ou interventores a existencia de créditos ao seu favor, todo iso no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación.

5. O órgano xestor ou interventores elaborarán no prazo máximo dun mes dende o seu nomeamento, un inventario que conterá a relación e a valoración dos bens e dereitos da confraría, con expresión da súa natureza, características, gravames, trabas, cargas e calquera outros elementos relevantes a efectos da súa identificación e valoración, que en todo caso realizarase conforme ao seu valor de mercado.

6. O órgano xestor ou interventores elaborarán no prazo máximo de 45 días dende o seu nomeamento, unha relación de acredores e dos seus respectivos créditos fronte á confraría, todos eles computados en diñeiro e expresados en moeda de curso legal. Esta relación recollerá nome, domicilio e demais datos de identidade do acredor, así como os relativos ao crédito, o seu concepto, contía, datas de adquisición e vencemento, características, garantías e calquera outros elementos relevantes a efectos da súa identificación e valoración.

7. Determinados o inventario de activos e a relación de créditos e acredores previstos no artigo anterior, a administración tutelante a instancia do órgano xestor ou interventores, acordará a apertura da fase de liquidación e será obxecto, no seu caso, de notificación aos acredores comparecidos no procedemento e aos órganos xurisdicionais que estean coñecendo de causas pendentes se fora o caso, así como de publicación no Diario Oficial de Galicia.

8. A orde que acorde a apertura da fase de liquidación terá o seguinte contido mínimo:

- a) Deber de incorporar á denominación da confraría a expresión "en liquidación".
- b) Medidas necesarias para garantir que as persoas físicas e xurídicas do ámbito territorial da confraría a extinguir reciban os servizos propios das confrarías, podendo asignarlle as súas funcións ás confrarías estremeiras mediante decreto do Consello da Xunta, a proposta da Administración tutelante, tendo en conta a concorrencia e os principios de viabilidade, solvencia e proximidade por este orde.

9. Finalizadas as operacións de liquidación, o órgano xestor ou interventores remitirán á Administración tutelante informe completo sobre as devanditas operacións e un balance final.

10. Concluídas as operacións de liquidación e recibido o correspondente informe e o balance final, a administración tutelante elevará unha proposta de extinción ao Consello da Xunta, no que se incluírán os seguintes extremos:

- a) Aprobación do informe e o balance final presentado polo órgano xestor ou interventores.
- b) Declaración de extinción da confraría.
- c) Pronunciamento sobre o destino dos bens e dereitos resultantes do procedemento de liquidación que, no seu caso, puideran existir.

d) Determinación do órgano que asumirá as funcións da confraría a extinguir, de conformidade co previsto no apartado 8.

11. O acordo de extinción realizarase por Decreto do Consello da Xunta de Galicia e publicarase no Diario Oficial de Galicia.

12. No suposto de disolución, liquidación e extinción previsto neste artigo, a función de tutela administrativa que exerza a consellería competente en materia de confrarías, comprenderá o coñecemento e dirección do correspondente procedemento así como a adopción das medidas necesarias para garantir a prestación dos servizos propios das confrarías sen que a Administración tutelante quede directa ou indirectamente vinculada polos saldos debedores derivados da liquidación dos cales responderá exclusivamente o patrimonio da confraría extinguida.

13. O exercicio das funcións de tutela non implicará, en ningún caso, a asunción de responsabilidade algunha, nin principal nin subsidiaria, por parte da Administración tutelante en relación aos dereitos e obrigas derivados das actuacións das confrarías no ámbito das súas actividades.”

Dous. Modifícase o parágrafo 2 do artigo 15, que queda redactado da seguinte maneira:

“2. A fusión e disolución de confrarías precisarán do acordo das respectivas asembleas por maioría das tres cuartas partes dos seus membros e da aprobación pola consellería competente en materia de confrarías de pescadores, sen prexuízo do procedemento especial establecido no artigo 11 bis.”

DISPOSICIÓN DERRADEIRA TERCEIRA. Das multas pecuniarias

As contías económicas das sancións previstas nesta lei deberanse actualizar conforme o índice de prezos ao consumo ou outro sistema na forma que se determine regulamentariamente.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA CUARTA. Aprobación da Estratexia Galega de Acuicultura

A Estratexia Galega de Acuicultura resulta de aplicación sendo aprobada no Consello da Xunta o dezaoito de outubro de dous mil doce.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA QUINTA. Desenvolvemento normativo

1. Facúltase á Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións regulamentarias resulten necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.
2. Facúltase á Xunta de Galicia, de acordo cos artigos 145 e 146 do Parlamento de Galicia para que no prazo máximo dun ano a partir da entrada en vigor da presente Lei, elabore e aprobe un texto refundido que recolla a normativa autonómica sobre pesca, acuicultura, gardacostas e cofradía de pescadores.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEXTA. Entrada en vigor da lei

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.